Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 09/05/2023 01:08:26
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 115

Sesión plenaria
22 de febreiro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 17581 (11/PNP-001725)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte Ferrol-San Cibrao
Publicación da iniciativa, BOPG nº 162, do 29.06.2021

4.2 44473 (11/PNP-003785)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para executar todos os orzamentos que ten propios e procedentes do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 418, do 07.12.2022

4.3 48602 (11/PNP-004022)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións e abusos sexuais no ocio nocturno
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

4.448659 (11/PNP-004029)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver os procesos selectivos das ofertas públicas de emprego dos exercicios 2018 e 2019
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

4.5 48809 (11/PNP-004039)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego fronte ás condutas adictivas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 49281 (11/PNP-004066)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e trece deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 450, do 08.02.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 41573 (11/INT-002022)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política en relación co impulso demográfico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.2 47608 (11/INT-002298)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis
Sobre o fomento da lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

5.3 49002 (11/INT-002350)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 49754 (11/POPX-000095)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre que medidas vai tomar o Goberno galego diante da reacción social pola deterioración dos servizos públicos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

6.2 49755 (11/POPX-000096)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as intencións de rectificación da política sanitaria do Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 49679 (11/PUP-000303)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da xestión dos fondos europeos realizada polo Goberno de España
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.2 46269 (11/POP-007004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do servizo de mantemento co que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ao parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés
Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

7.3 48100 (11/POP-007389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego para iniciar, no ano 2023, os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023

7.4 49697 (11/PUP-000304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre o cumprimento da lei relativa á autorización de verteduras industriais e á actividade mineira no caso das instalacións de San Finx, no concello de Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.5 49743 (11/PUP-000305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis
Sobre o risco para o marisqueo da ría de muros e Noia que supón a autorización de vertido da mina de San Finx en Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.6 48272 (11/POP-007431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre o investimento para facilitar a conciliación das familias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.7 45696 (11/POP-006780)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dun plan específico para dotar de persoal a atención primaria na zona sur de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

7.8 47379 (11/POP-007251)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e nove deputados/as máis
Sobre as obras de reforma proxectadas polo Goberno galego no Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

7.9 48036 (11/POP-007346)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir todas as baixas e vacacións da atención primaria da comarca da Mariña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da reacción social pola deterioración dos servizos públicos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 11.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 14.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións de rectificación da política sanitaria do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego fronte ás condutas adictivas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 24.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 28.) *e Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 31.)

A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 33.)

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 35.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 39.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 42.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 46.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte Ferrol-San Cibrao*: aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para executar todos os orzamentos que ten propios e procedentes do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

O señor presidente comunica a existencia dunha transacción sobre a seguinte proposición non de lei que se vai votar e dálle a palabra á señora Rodil Fernández (BNG) para que lea o texto. (Páx. 49.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións e abusos sexuais no ocio nocturno: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver os procesos selectivos das ofertas públicas de emprego dos exercicios 2018 e 2019: *rexeitada por 29 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

O señor presidente comunica a existencia dunha transacción sobre a seguinte proposición non de lei, e o señor Torrado Quintela (S) pide a palabra para solicitar a votación separada dun punto. (Páx. 50.)

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Despois dun breve diálogo entre o señor presidente, o señor Torrado Quintela (S) e a señora Díaz Amigo (P) (Páx. 50.)*, a proposta do señor Torrado Quintela (S) non se acepta e procédese á votación.* (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego fronte ás condutas adictivas: *aprobado por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 15 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións: *aprobada por 41 votos a favor, 29 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política en relación co impulso demográfico. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 52.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 55.)
Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 58.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 60.)

Interpelación de Dª Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o fomento da lingua galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 61.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 64.)
Réplica do autor*: Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 68.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 70.)

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 72.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 75.)
Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 79.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 81.)

Suspéndese a sesión ás dúas e tres minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Marta Iglesias Nóvoa e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte do Goberno galego da xestión dos fondos europeos realizada polo Goberno de España. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 83.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 84.)
Réplica do autor: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 85.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 86.)

Pregunta de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do servizo de mantemento co que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ao parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 87.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 88.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 89.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 90.)

Pregunta de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as previsións do Goberno galego para iniciar, no ano 2023, os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 91.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 92.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 93.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 94.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a acumulación das preguntas que figuran na orde do día como puntos 7.4 e 7.5 para a súa formulación conxunta. (Páx. 95.)

Pregunta de Dª Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da lei relativa á autorización de verteduras industriais e á actividade mineira no caso das instalacións de San Fins, no concello de Lousame. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o risco para o marisqueo da ría de Muros e Noia que supón a autorización de verteduras da mina de San Fins, en Lousame. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 95.) *e Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 96.)

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 97.)
Réplica dos autores: *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 99.) *e Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 100.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 101.)

Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento para facilitar a conciliación das familias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 103.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 104.)
Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 105.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 106.)

Pregunta de Dª María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dun plan específico para dotar de persoal a atención primaria na zona sur de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 106.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 107.)
Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 109.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 110.)

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de reforma proxectadas polo Goberno galego no Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Carballo Páez (P).* (Páx. 111.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 112.)
Réplica do autor: *Sr. Carballo Páez (P).* (Páx. 113.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 114.)

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir todas as baixas e vacacións da atención primaria da comarca da Mariña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 115.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 116.)
Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 117.)
Réplica da Xunta *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 118.)

Remata a sesión ás cinco e cincuenta minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reanudar a sesión co turno de preguntas ao presidente da Xunta.

E permítanme que, en primeiro lugar, saúde o alumnado da Universidade Sénior da Universidade de Pontevedra. Benvidos ao Parlamento e tamén ás persoas que os acompañan.

Comezamos co turno de preguntas ao presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da reacción social pola deterioración dos servizos públicos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Permítanme sumarme a ese saúdo ao alumnado da Universidade de Pontevedra.

Señor presidente, os servizos públicos nesta Comunidade Autónoma, os que garanten a universalidade dos dereitos, teñen un déficit moi importante, e non é dos últimos meses precisamente, e, lonxe de corrixilo, a Xunta de Galicia perpetúao e ten que explicar por que. Ten que explicar por que se chegou a esta situación, por que non se corrixe, por que, tendo os maiores orzamentos da historia, non se adoptan medidas, por que, sobre decisións ideolóxicas, non se queren adoptar medidas correctoras.

E voulle falar de catro dos cinco piares do Estado do benestar nos que as súas políticas, a súa traxectoria e o seu abandono forman parte das preocupacións da cidadanía galega.

Mire, señor presidente, en materia de educación, no ensino público hai menos docentes, e a oferta desaparece en moitos concellos. Pechan incluso algún centro para transformalo en auditorio. Pero, mire, desde que vostedes gobernan, hai 817 profesores menos no ensino público e hai 337 máis no ensino concertado. Entre eses mesmos cursos, hai 46.000 alumnos menos en Galicia que non teñen libros de texto gratuítos e centos de familias sofren a diario os problemas do transporte escolar con ese Plan de transporte público de Galicia, que creou problemas que non existían, á parte de non resolver outros.

En materia de dependencia, somos a décimo segunda comunidade autónoma en porcentaxe de orzamento adicado a servizos sociais e a décima en gastos por habitantes. Somos unha das comunidades autónomas con maior déficit de prazas residenciais, máis de 14.000, e só asistimos a novos anuncios de residencias, pero a ningunha realidade.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, entre 2009 e 2020 creáronse 1.250 prazas públicas en Galicia, pero creáronse 1.562 prazas privadas; é dicir, a oferta privada quintuplica a oferta pública. Iso ten problemas graves porque, evidentemente, temos unha poboación moi envellecida e que necesita prazas en residencias, e o goberno que vostede preside, que é responsable de darlle solución, non lla dá. O tempo de espera para acadar unha valoración de dependencia é enorme, e cada vez máis, porque vostedes non dotan dos recursos necesarios eses servizos.

En materia de vivenda, deixaron sen executar máis de 400 millóns de euros. ¿Cantas vivendas se podían ter construído con 400 millóns de euros, señor presidente? Hai 16.000 persoas no Rexistro de Demandantes de Vivenda. Galicia foi, é e vai seguir sendo a comunidade autónoma que menos vivenda de promoción pública crea no Estado.

En materia de sanidade, en atención primaria estamos a falar dos recortes da última década do Partido Popular. Menten cando falan da comparación en materia formativa, porque o Goberno do señor Sánchez ofertou máis do dobre das posibilidades formativas que en calquera dos anos do señor Rajoy, porque vostedes renunciaron a formar 180 profesionais de medicina de atención primaria. Porque en materia de contratación, co Goberno do señor Rajoy había unha taxa de reposición de 1 de cada 10 e agora está multiplicada por 12. E en Galicia as contratacións dos profesionais son en condicións precarias, mentres que o Goberno do Estado estabilizou a sanitarios.

¿É necesario mellorar as condicións dos profesionais para que teñamos moitos máis? Si. Pero tamén é necesario acabar coas listas de espera, e para iso non fan falla só médicos; fan falla enfermeiros e enfermeiras, fisioterapeutas, podólogos, profesionais en saúde mental, etc.

Señor Rueda, hai un clamor social; clamor social explicitado por milleiros de galegas e galegos o pasado día 12, sufrido día a día por centos de familias en educación, por 16.000 demandantes de vivenda, por milleiros de maiores que pasan os seus días agardando por unha carta que non chega, convertidos en replicantes involuntarios do protagonista desa novela de *El coronel no tiene quien le escriba*. Están agardando por unha carta que non lles chega.

Ante esta situación de clamor social, señor Rueda, ¿que medidas vai tomar o seu goberno?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Álvarez, mire, «¿que medidas vai tomar?», non; que medidas estamos tomando. Dígollo comparecencia tras comparecencia, mércores tras mércores. Unha administración seria actúa a través dos orzamentos, e actúa poñendo partidas e executándoas.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede volve co mantra —a min faime moita graza— da falta de execución en vivenda. Recórdolle o último resbalón, cando saíron dicindo que os fondos MRR en materia de vivenda non estaban sendo executados pola Xunta de Galicia. O que era é que non estaban sendo traspasados polo seu goberno; polo tanto, en canto os empezaron a traspasar, empezamos a executalos. Claro, se non recoñece que non son capaces —agora supoño que llo dirá esta comisión da Unión Europea que vostedes intentan descualificar, que vén a ver como non os están utilizando axeitadamente—, ao contrario que o resto dos países europeos, de utilizar os fondos que nos trasladan, claro, darase conta de que as comunidades autónomas pouco podemos facer se vostedes embalsan eses fondos e os teñen inexplicablemente —ou non, non o sei xa— parados e non se poden executar. O de vivenda, que vostede o nomeou, é un exemplo palmario.

Dicíame qué estamos facendo en materia de servizos sociais. Mire, aumentar os orzamentos: 1.077 millóns ten a Consellería de Política Social este ano, un 16 por cento máis con respecto ao ano pasado. Ímolos executar todos, non se preocupe, os que dependan de nós. Os que dependan dos seus traspasos xa veremos. Se están cos seus cálculos políticos para despois poder vir aquí e dicir o que vostede está dicindo, poránolo moito máis difícil.

En materia de dependencia, temos un 20 por cento máis que o ano pasado. E xa non lle fago a comparación co que investían vostedes en materia de dependencia no Bipartito, que moito falaban, pero moi pouco investían.

En materia de sanidade —que creo que hai que falar de sanidade; vostede fixo un rodeo para, ao final, volver falar do que levan falando nas últimas semanas—, dígolle que me parece moi ben que falemos de sanidade, pero falemos en serio. Vostede fala de clamor social. Mire, sería un pouco máis crible a súa presenza en manifestacións —sinceramente, en medio e rodeado de tanta bandeira estrelada— se ademais dos cartos públicos para autobuses, dos cartos públicos en anuncios para a asistencia a manifestacións, tamén houbese algún tipo de esforzo para dicirlle ao seu Goberno central —tertuliano en sanidade— que faga algo máis que comentar a situación sanitaria nacional; que, por certo, é igual en todas partes... Bueno, non igual; aquí, afortunadamente, é un pouco mellor.

Mire, acaban de anunciar vostedes, o seu Goberno Socialista da Moncloa, que van endurecer aínda máis os criterios de docencia para formar profesionais na primaria. Inexplicablemente, todo o mundo lle está dicindo que ese é o camiño contrario que hai que tomar, e vostedes resulta que os endurecen aínda máis. Resultado: dos 450 centros de saúde que hai en Galicia, 350 non van poder impartir a docencia en primaria. *Ergo*, vai haber menos médicos en primaria, menos profesionais para cubrir as vacantes.

¿Por que fan isto? Non son capaz de entendelo; non é capaz de entendelo ninguén. Vostedes, no ano 2018, antes da moción de censura, presentaban por toda España —e, polo tanto, tamén en Galicia— mocións que dicían: «O envellecemento das plantillas de médicos indica que nos próximos anos a situación se vai agravar coas xubilacións que se irán producindo. O Ministerio de Sanidade» —naquel momento gobernado polo Partido Popular, por suposto— «ten que actuar xa ante as reiteradas peticións por parte das comunidades autónomas». Remataba a moción dicindo: «Hai que aumentar as prazas MIR das especialidades deficitarias e, inescusablemente, as prazas MIR de primaria, modificando, tamén inescusa-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blemente, os criterios para impartir docencia». ¿Que pasou para que o que era unha necesidade urxente, inescusable, antes do cambio de goberno en Madrid, resulta que agora é unha mala escusa, é unha pantalla de fume para ocultar a falla de solución da Xunta de Galicia? Pois pasou simplemente o que vostede intenta ocultar e non recoñece.

Mire, están facendo política con todo isto. Aquí hai unha estratexia clarísima do Goberno central de desgaste, ao que non lle importa incluso desgastar as comunidades autónomas do Partido Socialista con tal de desgastar as do Partido Popular. Cinco ministros de Sanidade en cinco anos de Goberno socialista e ningún solucionou absolutamente nada.

Polo tanto, se vostede non se vai poñer do lado das solucións, se non vai ter a valentía de dicirlle ao Goberno do señor Sánchez que decida as cousas que lle corresponden e que son fundamentais, como lle estamos dicindo as comunidades autónomas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...eu pídolle que polo menos non estorbe e nos deixe traballar aos demais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Para a réplica, o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, vive vostede nunha realidade paralela.

Mire, ¿quen descualificou esa comisión de supervisión da Unión Europea? Iso sería o que lles gustaría a vostedes, que a descualificásemos. Non se preocupe, o Goberno do Estado vai poñer á disposición desa comisión, como non podía ser doutra maneira, toda a documentación e todas as estratexias que se desenvolveron. Veremos cal é o resultado. Ao mellor, ten vostede que retractarse; aínda que, de ser necesario ese retracto, non espero que o faga.

Mire, di vostede que eu dei un rodeo para falar de sanidade. ¿Vostede leu a pregunta que lle formulei? Falei de servizos públicos. Evidentemente, a sanidade é un servizo público esencial. ¿Non o é a educación?, ¿non o é a dependencia? ¿Ou quere vostede que lle pregunte por sanidade exclusivamente? Forma parte da preocupación, claro que si. Pero, mire, é necesario corrixir o aumento das brechas que evidencian inxustizas, porque iso, evidentemente, debera ser un compromiso colectivo porque nos fortalece a todos como sociedade.

Señor Rueda, deille dous días de vantaxe para que preparase esta resposta, porque lle estou formulando o mesmo que dixen na rolda de prensa do luns pasado, hai 48 horas, e vostede non me di nada absolutamente. Ou non ten nada que dicir —que sería preocupante— ou o único que ten que dicir é o que vemos ata este momento, que é igual ou máis preocupante.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede non adopta medidas e, no mellor dos casos, fai anuncios. Son ineficientes. E fálolle da execución orzamentaria porque, evidentemente, eses 400 millóns de euros en materia de vivenda, que xa non os van recuperar, están perdidos, e perdéronse pola súa ineficiencia. *(Murmurios.)*

Mire, saben vostedes que a iniciativa privada —contra a que non temos nada; non se me vaia botar ao monte con esta afirmación— ten obxectivos lóxicos relacionados coa rendibilidade económica e por iso se asenta onde pode obter esa rendibilidade.

Pero, mire, ¿sabe vostede cal é a resposta da iniciativa privada en Negueira de Muñiz, en A Teixeira, en Beade, en Larouco, en Chandrexa de Queixa, por poñer algúns exemplos? Exactamente, ningunha. ¿Teñen estes cidadáns menos dereitos? Non deberían, ¿verdade?, pero o que é certo é que teñen menos oportunidades. Polo tanto, afóndase na desigualdade e na iniquidade. E o edificio dos servizos públicos constrúese con moita dificultade e deteriórase con moita facilidade. Non permitan, señor presidente, que centos de miles de galegos e galegas que están en situación de necesidade vexan como vostedes non reforzan ese edificio, porque non serven de nada intervencións estéticas que oculten unha estrutura deteriorada. Non permitan que ese edificio caia e despois veñan outros levantar outro que nos resulte máis caro, menos eficiente e no que, ademais, non caibamos todos.

Señor Rueda, está vostede illado da realidade, vive á marxe do día a día de centos de milleiros de galegas e galegos. Saia das catro paredes de San Caetano, vaia facer cola a un centro de saúde para ver se lle dan cita, leve os seus fillos da aldea ao instituto porque non teñen bus escolar, póñase á espera dunha vivenda pública porque non pode pagar o alugueiro, agarde pola valoración da dependencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para un maior que o necesita e ao que ten que coidar; vaia, en definitiva, señor Rueda, a coñecer o día a día deses centos de miles de galegas e galegos que non obteñen do seu goberno a resposta que necesita. Vaia, e, cando volva, cónteme a súa experiencia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, ¡vaia noticia! Van vostedes colaborar coa Unión Europea. Xa lles daremos o recado desde aquí. Si que a descualificaron dende o principio, e agora, se entenderon que non lles queda outro remedio que colaborar, pois está moi ben. ¡Ogallá que valla para algo!, eu tamén o dixen.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaba vostede de declaracións. Dende o primeiro día que me preguntaron por isto o que dixen foi que o que agardo é que poñan de manifesto o que todo o mundo di —iso si que é un clamor—, que é que vostedes teñen embalsados máis de 30.000 millóns de euros, mentres en Galicia hai proxectos industriais. Iso tamén serve para tirar do público, porque son postos de traballo, serve para dinamizar un país, e vostedes téñeno embalsado e hai un montón de empresarios que empregarían tamén os seus cartos, coa colaboración público-privada, pero non poden porque vostedes non xestionan os fondos. Espero que a Unión Europea diga iso, *(Aplausos.)* dígoo sinceramente.

Señor Álvarez, dígollo como o sinto: por suposto que podemos falar de calquera servizo público. Eu fálolle a través dos orzamentos, vostede fálame a través das consignas e das estratexias políticas. Vostedes teñen a estratexia clara, e eu dígolle sinceramente que creo que lle importa moi pouco como funcionan os servizos públicos en Galicia. O que lle importa é sumarse a esa estratexia, a ese pistoletazo de saída dado polo señor Sánchez o outro día falando de que o Partido Popular o que quere é arrasar cos servizos públicos e que vostedes son os grandes defensores. Non fai máis que seguidismo do que mandan desde Moncloa. ¡Se o levan facendo —así lles vai— moitísimo tempo! Esta pregunta é un paso máis, un chanzo máis. Eu alégrome porque creo que podemos responderlle a ela coa cabeza moi alta. Non vai servir para o que vostede quería.

Vostede dicía o outro día, despois da manifestación, que ¡ollo! a ver se todo isto supón o *Prestige* do señor Rueda. Fala como un libro aberto. Xa se ve para que fai estas denuncias: para sacar rédito político, non para outra cousa. ¡Pero se leva moito tempo! Oínlle dicir ao señor Carmona —socialista tamén de moito prestixio— unha vez: imos sobrados de votos, pero, se algún día nos faltan, o que hai que facer é afundir outro barco. ¿Que pasa?, ¿tan mal se ven que agora teñen que afundir o barco dos servizos públicos, o barco da sanidade pública tamén? ¿Iso é o que pasa? *(Aplausos.)* Mire, con tal de dar esa sensación, con tal de cumprir as estratexias que lles ordenan desde Moncloa, son capaces vostedes de cargarse algo tan básico e tan preciado como a nosa sanidade; despois xa irán polo resto dos servizos públicos.

Dime que non están en contra das privatizacións. ¡Pero se o outro día na manifestación estaba vostede rodeado de consignas, de pancartas e de berros que dicían que o problema é da iniciativa privada, que o problema eran as privatizacións! Señor Álvarez, sexa un pouco coherente; iso era o que pasaba. Cando se vai a unha manifestación con outros intereses distintos aos que realmente se din defender, un entra nestas contradicións. Isto é así.

Nós imos facer todo o posible para que vostedes non cumpran os seus obxectivos. Nós si que cremos nos servizos públicos. Mire, cun goberno que está nos líos que está agora mesmo, con esa depuración e esas pelexas internas no Ministerio de Fomento —que xa veremos onde acaban; empezaron por cargos de pouco nivel, xa van polos intermedios ou polos moi altos e xa veremos onde acaba—, cun goberno que agora mesmo ten 600 agresores sexuais ou na rúa ou con redución de condenas —non, non, non faga así; é que cando se está con esas cousas, non se atende o fundamental, señor Álvarez…, xa sei que non lle gusta que falemos diso; 15 por cento en Galicia, por certo—, cun goberno que ten 30.000 millóns de euros embalsados, mentres os empresarios en Galicia están esperando a que se mobilicen para crear postos de traballo, cun goberno que ten, por certo, a reforma do financiamento autonómico para-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lizada, cando aquí en Galicia, pola nosa dispersión, precisamente, necesitamos máis recursos para prestar eses servizos públicos polos que vostede pregunta... Claro, ¿como se van ocupar desas cousas con estes líos que teñen?

Xa llo digo, mire, nós imos seguir traballando. Eu pido leal colaboración dun goberno empeñado —polo que sexa, vostedes saberán, fan seguidismo, non saben as razóns— en prexudicar a Galicia. Pídolle que se poña ao lado de Galicia; se non se poñen, polo menos —repítollo—, non estorben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións de rectificación da política sanitaria do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, señor presidente.

Señor Rueda, o pasado 12 de febreiro Santiago de Compostela viviu unha manifestación histórica. De feito, a praza do Obradoiro quedou pequena para acoller as miles e miles de galegas e galegos que saíron á rúa para defender a sanidade pública, que é o mesmo que defender o seu dereito á saúde. E cando a cidadanía se pon en marcha para defender os seus dereitos, é imparable. Por iso, eu dígolle, señor Rueda, algo que vostede seguro que tamén sabe: o cambio político é imparable. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* E é imparable porque a cidadanía está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu, señor presidente, non sei se podo facer a miña intervención sen que interrompan os deputados do PP... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Vega, ¡por favor!

Prosiga.

A señora PONTÓN MONDELO: E é imparable porque as galegas e os galegos están fartos; fartos dun goberno que está convertido nun perigo para a súa saúde por catorce anos de recortes, recortes e recortes. ¿Sabe, señor Rueda, por que hai lista de espera para acudir ao médico ou médica de cabeceira? ¿Sabe por que hai 194 concellos que non teñen pediatra? ¿Sabe por que pecharon 60 consultorios coa escusa da covid e non os volveron abrir? ¿Sabe por que hai PACs sen persoal médico? Hai unha razón, e esa razón chámase 2.339 millóns de euros menos en atención primaria. *(Aplausos.)* E aínda teñen o descaro de dicir que non hai recortes en atención primaria.

Fíxese, en 2010, 60 millóns de euros menos; en 2011, 150 menos; en 2012, 188 millóns menos; en 2013, 251 menos; en 2014, 267 millóns menos; en 2015, 297 menos; en 2016, 295 millóns

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

menos; en 2017, 273 millóns de euros menos; en 2018, 223 menos; en 2019, 189 millóns menos; en 2020, 142 millóns menos; en 2021, 45 menos; en 2022, 48 millóns de euros menos. Un buraco negro na atención primaria de 2.339 millóns de euros. *(Aplausos.)*

¿Sabe cantos médicos e médicas en atención primaria podiamos ter contratado?, ¿sabe cantos pediatras podiamos ter contratado?, ¿sabe canto persoal de enfermería? Pero, en lugar disto, o que temos é unha atención primaria posta ao límite. Por iso lle pregunto, señor Rueda: ¿vai seguir sendo parte do problema, dinamitando a atención primaria, ou vai rectificar e poñer solucións ante os galegos e galegas, que lle reclaman sanidade pública de calidade? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Señora Pontón, permítame que llo diga: ¡como se lle ve o plumeiro! Fala da manifestación e aos quince segundos xa cambia aos obxectivos políticos do Bloque. Para iso foi vostede á manifestación: ¡polo cambio de ciclo, nada máis! *(Aplausos.)*

Mire, tanta bandeira estrelada como alí se viu, tanta pancarta, tanta consigna e tanto cargo do Bloque que estaba alí facía realmente difícil adiviñar se alí se falaba de sanidade ou se falaba —pola súa parte; non falo dos que lexitimamente alí estaban— doutra cousa. *(Murmurios.)* Falábase doutra cousa, sen ningunha dúbida, dende o seu punto de vista. Mire, a vostede, a mellora da sanidade impórtalle moi pouco, dígollo aquí, en sede parlamentaria. Xa falaremos despois de datos, aínda que é imposible falar de datos con vostede, todo o terxiversa. Despois, na réplica, intentarei ter tempo, pero voulle explicar unha cousa que creo que define bastante ben a posición do BNG en toda esta materia.

Mire, vostede hai uns días dicía —supoño que se recoñecerá nestas declaracións— que a insistencia da Xunta en reclamarlle ao Goberno central a reforma dos MIR de Familia para crear máis prazas era botar balóns fóra e non asumir responsabilidades. Supoño que se recoñecerá nestas declaracións. Supoño que se recoñecerá tamén noutras declaracións de non hai moito tempo, de hai uns meses, nas que dicía que Euskadi e o seu lehendakari son un exemplo de como o autogoberno é fundamental para avanzar sen supeditarse ao centralismo en Madrid.

Vale, moi ben, señora Pontón. Pois agora xuntemos estas dúas cousas. Xuntémolas. Poden coincidir na declaración —na reclamación máis ben— que non hai moitos meses Galicia, o País Vasco e outras comunidades autónomas asinamos conxuntamente. ¿E que diciamos nesa declaración? Pois diciamos que «...estabamos nunha situación crítica a nivel de Estado, e, polo tanto, se requiren medidas de ámbito estatal. Non hai agora mesmo na sanidade pú-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blica un problema máis urxente, nin unha necesidade máis acuciante, e son as medidas de carácter estatal as que teñen a única chave para solucionar esta situación...».

¿Xa se está deixando de recoñecer no espello nacionalista? Ao mellor, si, porque, mire, este manifesto foi levado ao Congreso dos Deputados. ¿Sabe quen votou a favor? Por suposto votou o Partido Popular, pero votaron tamén todos os partidos nacionalistas que teñen responsabilidades de goberno e, polo tanto, teñen que resolver problemas. ¿Sabe quen votou en contra? A sucursal, ou polo menos a casa matriz da sucursal que ten o PSOE en Galicia, votou en contra Podemos, e o único partido nacionalista que votou en contra destas medidas foi, curiosamente, o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Mire, señora Pontón, mire...

Aínda así, e como, por suposto, para non variar, esta proposta foi ignorada polo señor Sánchez e o Ministerio de Sanidade, foi traída a este Parlamento. ¿Sabe quen volveu votar en contra? Os de sempre: a sucursal galega do Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. ¿E sabe por que? ¿Sabe por que pasa isto, señora Pontón? Porque cando un ten que resolver problemas, se olvida de cores políticas. Cando un goberno ou un partido responsable e serio ten que resolver problemas, pois está a iso, á responsabilidade. E cando non se teñen outros obxectivos —coma vostede, que empezou, aos quince segundos da súa pregunta, a dicir que aquí ten que haber un cambio político—, vale absolutamente todo. A vostede a sanidade pública funcionando ben non lle interesa. A vostede a sanidade pública, na súa oposición destrutiva, canto peor funcione, mellor pensa que lle vai ir, señora Pontón. ¡Isto é así! Non quere solucións, quere dicir sempre que hai problemas, e para iso vale falsear, vale terxiversar cifras, vale o que sexa. ¡Menos mal que os galegos nos levan observando moito tempo e a nós dinnos que nos encarguemos de solucionar problemas e a vostede téñena hai vinte anos de política profesional, pero, iso si, sen xestionar nin un euro público.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, ten vostede moi pouco talento..., talante democrático... *(Murmurios.)* —perdón, non me quero meter no seu talento, señorías, e supoño que temos dereito a equivocarnos tamén, ¿non?—. Ben, pois, como lle dicía, señor Rueda, ten vostede moi pouco talante democrático, e lamento que lle moleste que haxa miles de galegos e galegas facendo o que vostede non fai, que é defender a sanidade pública e o seu dereito á saúde. *(Aplausos.)* E nin os vai calar a eles nin nos vai calar a nós. *(Aplausos.)*

Desde logo, eu non sei se vostede non ten nada máis que aportarlle á política galega que vir aquí insultar o BNG, *(Protestas.)* que vir aquí... *(Murmurios.)* —si, si— facer de oposición do BNG. *(Murmurios.)* A ver, eu entendo que vostede chegou á Presidencia sen pasar por unhas eleccións, pero é que de momento vostede é o presidente da Xunta e non vén aquí facer de oposición da oposición. Compórtase como se xa estivera na oposición. Señor Rueda, asuma que está na Presidencia e póñase a traballar. Porque, ¿saben cal é o problema de todo isto? Que mentres vostedes veñen aquí facer o seu numerito, hai miles de galegos e galegas que

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teñen un problema gravísimo porque non teñen cita para o seu médico ou médica, porque teñen a nenos e nenas sen pediatra e porque van a PACs e non hai un médico que os atendan. E a vostedes todo isto, señorías, é que non lles importa un bledo. ¿Saben por que? Porque levan catorce anos con recortes, recortes e recortes; *(Aplausos.)* demostrándonos que non queren ser parte da solución porque son vostedes parte do problema. *(Aplausos.)* ¡É que vostedes recortan 2.339 millóns de euros en atención primaria e a culpa da sanidade é do BNG!; ¡a culpa da situación da sanidade é do BNG! ¿Pero de que nos fala, señor Rueda? ¿Pero de verdade cre que alguén fóra de aquí pode crer que a responsabilidade do que está pasando na sanidade pública é do BNG? ¿Ou é do Partido Popular?

Porque vostedes insisten moito e dinnos: non hai médicos. ¿Pero saben o que non din? Que non planificaron o número de persoal sanitario que se necesitaba, e fixérono deliberadamente porque saben cantos se xubilan cada ano. Tampouco nos din que o Partido Popular, cando gobernou en Madrid, recortou o número de prazas MIR, e xa se sabía o problema que había. Tampouco nos din que non convocan todas as prazas MIR que poderían convocar; e, é máis, é que vostedes non son nin capaces de cubrir as prazas MIR de atención primaria. O ano pasado quedaron prazas sen cubrir. E tampouco din, señor Rueda, por que o persoal sanitario non quere traballar en atención primaria; porque máis do 30 por cento dos profesionais que acaban o MIR de atención primaria non queren ir aos centros de saúde. ¿Sabe por que? Pola precariedade que vostedes puxeron no sistema sanitario. *(Aplausos.)* Polo tanto, señor Rueda, tome en serio ser presidente da Xunta. *(Aplausos.)* E, sobre todo, tome en serio a saúde dos galegos e das galegas, que lle están dicindo alto e claro que non van permitir que sigan vostedes xogando coa súa saúde.

E, claro, o colmo é xa o que nos dixo nesta sesión de control. É que vostede vén aquí defender as privatizacións da sanidade pública. ¿Esa é a folla de ruta do Partido Popular?, ¿defender as privatizacións da sanidade pública?

Mire, señor Rueda, vostedes son parte do problema, levan catorce anos demostrándonos que non son parte da solución. A cidadanía non sae a manifestarse por deporte, e aínda que a vostedes lles moleste, o que lles molesta é que non tragan as súas mentiras e manipulacións. Polo tanto, póñanse a traballar e escoiten o que lles pide a cidadanía, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor Santalices.

Señora Pontón, mire —é un clásico xa—, sempre, na primeira parte da súa réplica, temos aí os 15 segundos da súa pel fina. Trae escrito que eu lle faltei ao respecto, e, entón, sempre o di, aínda que eu non dixera nada —que nunca llo digo—. Iso si, vostede vai mellorando, prefiro que fale de «falta de talante democrático» que de «pandilla de psicópatas». *(Aplausos.)* Vai mellorando tamén un pouco, polo menos, en educación parlamentaria. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, señora Pontón —xa llo dixen moitas veces e repítollo—, con vostede é imposible ter un debate serio, se tiramos das cifras: manipúlaas, terxivérsaas e falséaas. No fondo —xa llo dixen algunha vez—, creo sinceramente que as descoñece ou que llas dan mal. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, bueno, ten unha impresora na casa, paréceme moi ben... *(Risos.)* Aí pódese poñer o que queira. Señora Pontón, ¡moi ben! *(Aplausos.)* Vale, ¡moi ben! *(Aplausos.)*

Mire, xa está ben de consignas, xa está ben de falsealo todo. O que vostede dixo na súa primeira parte da intervención, eses 2.340 millóns, é aforro farmacéutico, e vostede sábeo de sobra; ese aforro farmacéutico que utiliza para imputar esas cifras que di e que despois di que non o podemos sumar no gasto da sanidade primaria. Esas son as súas contradicións, señora Pontón. Pero, mire, hai outras moitas, moitas máis, e hoxe voullas dicir.

Fala de recortes. Son 1.300 millóns de euros máis dedicados á sanidade pública que no último orzamento do Bipartito, ¡1.300 millóns de euros máis! E isto hai que dicilo moitas veces, cada vez que digan que nós recortamos en sanidade pública: ¡1.300 millóns de euros máis! *(Aplausos.)* E sábeo perfectamente, señora Pontón. *(Aplausos.) (A señora Pontón Mondelo mostra unha gráfica desde o seu escano.)*

Fala do desmantelamento do persoal ao servizo da sanidade pública: 7.000 profesionais máis que no ano 2009 —¡7.000 profesionais máis!—. Fala da privatización —esta si que é boa—. Mire, señora Pontón, o 1,5 por cento menos de gasto en concertos con hospitais privados que tiña o Bipartito, 75 millóns de euros menos. Ningún goberno beneficiou tanto a sanidade privada en Galicia como o Bipartito, do que vostede formaba parte. *(Aplausos.)* Foron 17 millóns de euros máis cada ano ata chegar a esa cifra; un 50 por cento máis investido en concertos privados que no último Goberno de Fraga. E vostede ten a cara de rodearse de pancartas contra a privatización na manifestación á que foi. *(Murmurios.)* Teña un pouco de decoro, señora Pontón. *(Aplausos.)* ¡Teña un pouco de decoro! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Vamos por máis cifras. *(Murmurios.)* «Descontento insoportable coa sanidade pública». Mire, o barómetro sanitario do CIS —supoño que ninguén terá sospeitas de que o CIS teña ningunha vontade de beneficiar un goberno do Partido Popular—: Galicia é a segunda comunidade autónoma na que máis xente considera que a sanidade funciona mellor. Un 66 por cento pensa que ben ou moi ben. A media de ben ou moi ben na sanidade pública estatal é dun 57 por cento. Só un 10,6 por cento considera que a sanidade pública en Galicia funciona mal. Estes son datos do CIS, señora Pontón. ¿Satisfacción co sistema sanitario público? O 6,48 por cento. O 76,5 por cento dos galegos prefire a sanidade pública á privada; con vostedes 7 puntos menos de preferencia, supoño que era porque tiraban polos concertos privados.

¿Que os médicos marchan de Galicia a outras comunidades autónomas? Mire, señora Pontón, nos últimos dez anos, un 86 por cento de permanencia, 7 puntos máis que con vostedes. Na última convocatoria, o 90 por cento de permanencia dos MIR de primaria en Galicia, *(Aplausos.)* ¡o 90 por cento! *(Aplausos.)*

E, se quere máis datos, mire, 10 médicos de primaria doutras comunidades autónomas viñeron aquí; polo tanto, saldo positivo. *(Murmurios.)* ¿Que están moi mal pagados? Somos a

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sexta comunidade autónoma que mellor paga. Os datos dos sindicatos médicos son: listas de espera para consultas, 55 días; media en España, 79 —con vostedes 65—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Hai tantas cifras —vou rematando, señor presidente— que vostede manipula que é imposible ter un debate serio con vostede.

Sempre fala de 200 millóns. Mire, dende que fala de 200 millóns aumentaron 313 millóns na sanidade de primaria, e dálle igual porque nin sequera se preocupou en saber onde se investiron.

Agora, a semana pasada, descolgouse con que hai que ter equipos multidisciplinares e derivación directa como solución a todos os problemas. Mire, a derivación directa existe dende hai anos, á que vostedes votaron en contra; chámase sistema XIDE. Agora que queremos ampliala ao cen por cento nos centros de saúde, tamén votaron en contra. Fixeron unha serie de memes por aí cun robot dicindo que cambiamos as persoas por algoritmos. Xa existe iso que vostede pide.

E doulle as categorías multidisciplinares que existen en atención primaria que vostede reclama: 200 fisioterapeutas —nos últimos cinco anos, estou falando—, 100 farmacéuticos, 180 matronas, 100 traballadores sociais...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...100 odontólogos e 100 hixienistas dentais, 100 nutricionistas, 1.500 persoas de servizos xerais e 42 prazas de psicoloxía. Todo isto grazas ao traballo de toda esa xente que vostede descualifica; todo iso grazas ao traballo de moita xente que traballa por unha boa sanidade pública. Todo isto a vostede dálle exactamente igual.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Canto mellor, peor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Mire, señora Pontón, imos seguir traballando. Xa sei que lle fai moita graza, xa sei que todo isto lle dá igual e xa sei que non lle vale porque a vostede o que lle vai é terxiversar.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, a xente obsérvanos dende hai moito tempo e por iso encárganos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...que nos ocupemos dos servizos públicos que son fundamentais, e entre eles da sanidade. Vainos coñecendo cada vez mellor, por iso a vostede tena na oposición...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e vaina coñecendo cada vez mellor. E dígolle que siga imprimindo na casa ese tipo de datos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...que, con iso, non vai a ningunha parte.

Moitas grazas. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego fronte ás condutas adictivas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar neste 2023 un plan galego fronte as condutas aditivas que contemple como liñas fundamentais:

- A relevancia da prevención e o seu beneficio, especialmente nas idades de adultos novos e menores de idade.

- A dotación de recursos para elaboración propia de campañas de prevención, así como a creación dunha liña de axudas e colaboracións con entidades do sector que desenvolvan actividade preventiva e de asistencia a persoas afectadas.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Adoptar a consideración de todas as persoas afectadas por unha adición como enfermas, seguindo os criterios validados dende o punto de vista clínico e asistencial para elo, e que poidan ser tratados da súa patoloxía a través do sistema público de saúde.

- Ter en consideración as adicións a novas tecnoloxías, e situacións derivadas, no plano que lles corresponde segundo os criterios clínicos actuais.

- Crear un Comité Galego de Estudo das Adicións, que integre a persoal da «administración, clínico, asistencial, do asociacionismo implicado e do eido académico que permita avaliar a evolución do problema e presentar propostas de medidas ante o Goberno de Galicia.»

Emenda de adición.

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«Cumprir o acordo parlamentario de marzo de 2021 sobre as unidades que tratan condutas aditivas que indicaba: «Iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria que é a Administración autonómica.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

No texto da parte resolutiva engadir despois de: «condutas aditivas», o seguinte texto:

«...que contemple a integración nesta lexislatura dos Centros de Asistencia ás drogodependencias na rede sanitaria do Sergas.»

Emenda de adición.

Engadir un novo parágrafo na parte resolutiva co seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a, en tanto non se efectivice a integración, aumentar os recursos económicos como mínimo ás contías do ano 2009, para as equipas de atención ás drogodependencia, tanto os dependentes dos concellos como de entidades sen ánimo de lucro.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para o Goberno do Partido Popular, para a Xunta de Galicia, a sanidade pública segue a ser o seu máximo compromiso, e establecemos como unha prioridade a saúde mental dos galegos e das galegas; un pacto que quedou aínda máis patente desde o inicio desta lexislatura, cando froito dese compromiso e da necesidade de coidar a saúde da nosa cidadanía impulsamos o Plan galego de saúde mental 2020-2024, no que se contou para a súa elaboración con distintos grupos de traballo. Un Plan de saúde mental dotado cun presuposto de 83 millóns de euros e que ten como obxectivo incrementar o número de profesionais e de dispositivos asistenciais, así como o desenvolvemento de programas para a recuperación das persoas con trastornos mentais severos e fomentar a investigación nestas patoloxías.

A prioridade da Xunta de Galicia coa saúde mental quedou patente ao longo destes anos, pero é de destacar o impulso que se lle deu nas contas deste exercicio 2023, nas que se recolle un incremento de 2,6 millóns de euros correspondente á dotación orzamentaria de 61 novas prazas previstas no Plan de saúde mental de Galicia para este ano 2023. Con este novo aumento a Xunta de Galicia atópase xa nun investimento anual en persoal de saúde mental de 10 millóns de euros, superior ao que tiñamos en 2019, antes da posta en marcha deste plan. Tamén se aumentou a partida que financia a colaboración con entidades sociais: son as prazas concertadas en centros de rehabilitación psicosocial e laboral, pisos protexidos e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais asociados á discapacidade intelectual, dano cerebral e trastorno mental severo, que teño que dicir que creceu un 12 por cento, ata os 9,1 millóns de euros. Isto supón un orzamento dun 50 por cento superior á contía que tiñamos no 2020, que era de 6,1 millóns de euros. É innegable o esforzo que se está a facer no eido da saúde mental.

E se falamos do ámbito formativo, aumentáronse as prazas para este persoal, subindo nesta convocatoria un 53 por cento as prazas formativas para psicoloxía clínica, e un 33 por cento as de psiquiatría. Hai que dicir que todas as áreas sanitarias galegas contan cunha unidade de saúde infantoxuvenil.

Puxéronse en marcha, ademais, novas unidades de saúde mental para adultos nos centros de saúde de Ordes, Oleiros, Tui ou Ponteareas. E tamén se lles deu un impulso aos hospitais de día infantoxuvenís —temos en Vigo, Santiago, Ourense e Lugo—, entre outras medidas que se están a levar a cabo.

O obxectivo da Xunta de Galicia é realizar un labor de prevención, ademais de atender as persoas afectadas por trastornos mentais e adictivos, polo que entendemos que o traballo que se fai no marco do plan de saúde mental debe ser complementado cunha acción particular no eido das condutas adictivas en todos os seus niveis.

Temos a Lei 2/1996, de Galicia, sobre drogas, a cal sinala no artigo 23 que os obxectivos, prioridades, estratexias e accións para impulsar en materia de drogodependencia deben integrarse nun plan de Galicia sobre drogas, convertido deste modo nun instrumento básico para a planificación, ordenación e coordinación das actuacións e recursos neste ámbito.

Pero transcorreron xa máis de vinte e cinco anos, a sociedade mudou e as adiccións sufriron profundas transformacións: a expansión do consumo de substancias como o alcohol ou o

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cannabis e a normalización que hoxe vemos do uso destas substancias entre adolescentes, e a maiores na actualidade temos outras novas, como a irrupción das denominadas adiccións comportamentais ou a progresiva cronificación e deterioración social e sanitaria de persoas consumidoras de substancias como a heroína ou a cocaína, moitas delas con longas traxectorias de consumo. Ademais, neste período de tempo tamén se rexistraron cambios positivos a nivel institucional en Galicia, entre os que podemos destacar a crecente implicación que hai entre os sistemas educativos e o sanitario, con accións preventivas. Sabemos que a Consellería de Sanidade traballa da man da Consellería de Educación e que hai unha progresiva integración tamén dos servizos de atención aos trastornos adictivos dentro do Servizo Galego de Saúde. E tamén hai un fortalecemento dos sistemas dos servizos sociais e de emprego. Son cambios que corresponden a unha crecente normalización das respostas para blindar as adiccións tanto no ámbito da prevención como no da asistencia e a incorporación social e laboral. En paralelo, neste tempo aprobáronse diferentes normas legais, como a Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, ou a 10/2013, de inclusión social de Galicia, que condicionan as respostas para articular en materia de adiccións.

Todo isto, señorías, xustifica a necesidade de actualizar as políticas para impulsar pola Xunta de Galicia para previr as adiccións, prestar unha atención integral ás persoas con trastornos adictivos, reducir os riscos e os danos asociados ao consumo de diferentes drogas e facilitar os procesos de incorporación social das persoas con adiccións. Neste ámbito a Xunta de Galicia está poñendo en marcha accións como a actualización do catálogo de programas de prevención, a participación anual do Plan Proxecta, o mantemento e ampliación da rede de espazos sen fume, o Programa de prevención do consumo de substancias na xuventude en espazos de ocio nocturno, plans de formación a profesionais sanitarios e equipos de prevención, centrado en retos asistenciais, boas prácticas e coñecemento de procedementos específicos, que están dirixidos a máis de 250 profesionais que traballan na rede de atención aos trastornos adictivos en Galicia, unha rede que está integrada por máis de 23 centros asistenciais, ambulatorios e catro comunidades terapéuticas, e que se apoia no traballo que levan a cabo organizacións sen ánimo de lucro coa colaboración e co cofinanciamento da Xunta de Galicia a través do Servizo Galego de Saúde. Tamén está o Anteproxecto de lei de prevención das adiccións en persoas menores de idade de Galicia. Esta iniciativa ten por obxectivo modificar a lexislación anterior de maneira que as medidas adoptadas sexan máis eficaces na redución das adiccións por parte de menores de idade e desnormalizar o consumo na poboación adulta.

No eido da concesión de axudas destaca a rede de equipos de prevención de condutas adictivas para a execución de proxectos de prevención de adiccións en distintas zonas de Galicia, financiados cunha liña de subvencións que se convoca cada tres anos concedendo a subvención a 28 equipos xestionados por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos. E neste senso hai que remarcar o aumento das aportacións que a Xunta de Galicia fai neste ámbito.

As partidas previstas para convenios con entidades de atención á drogodependencia nos orzamentos do ano 2023 superan por primeira vez os 7,5 millóns de euros, o que significa un aumento dun 16 % ao longo desta lexislatura, desde o ano 2020 —entidades que, desde logo, fan un traballo dun altísimo valor—. E establécese unha convocatoria dunha nova liña de

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

axudas dotada con 550.653 euros para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados das unidades asistenciais especializadas en drogodependencia, polo que se incrementa tamén un 8,8 % esta partida.

No que a convenios de prevención da adicción de substancias ilícitas ou alcohol se refire, nove asociacións desenvolverán programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e de acción desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados coas drogas, co alcohol, co tabaco, co xogo ou outros trastornos adictivos, cunha dotación económica que supera os 7 millóns de euros. Tamén podemos falar do convenio coa Fegamp, cun importe que, por primeira vez, superou os 4 millóns de euros, no que se inclúen os concellos de Burela, Cangas, Carballo, O Grove, Monforte de Lemos, Noia, Ourense, Pontevedra, O Porriño, Ribeira, Santiago, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

No mes de abril do ano 2022 a Consellería de Sanidade puxo en marcha diferentes grupos de traballo para levar a cabo a elaboración do Plan de trastornos adictivos de Galicia para o período 2023-2026. A finalidade do plan é poder definir os obxectivos que logren dar resposta aos novos perfís de adicción, como é o caso das adiccións ás novas tecnoloxías e ao xogo, mellorar os recursos cos que contamos para a atención aos pacientes complexos e adecuar os recursos existentes ás necesidades actuais. Estamos falando dun tema de vital importancia para a sociedade e por iso vimos hoxe aquí a presentar esta proposición non de lei, para dotar dun novo impulso o traballo que se está a realizar fronte ás condutas adictivas e para adquirir o compromiso de que neste 2023 Galicia conte cun plan fronte ás condutas adictivas.

Señorías, non é un tema menor. Temos antecedentes neste Parlamento de acordos por unanimidade. Recordemos o compromiso parlamentario en materia de adicción de marzo do 2021, no que transaccionamos un punto para acordar coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais de servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependan do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a Administración autonómica.

Nós pasámoslles unha transacción a todos os grupos, esperamos hoxe chegar a un acordo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa. O que pedimos é moi sinxelo, simplemente que neste ano 2023 teñamos un plan galego fronte ás conductas adictivas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Amigo.

Rolda dos distintos grupos parlamentarios.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia don Julio Torrado, polo mesmo tempo, dez minutos.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Por fin o Partido Popular trae algunha proposta sobre unha cuestión relacionada coas adicciónes, despois de moitos anos propoñendo dende o noso grupo moitas ideas —que normalmente, iso si, se votaban en contra polo Partido Popular—. Pero por fin podemos falar a partir tamén dunha proposta do Grupo Popular da Cámara.

A verdade, alégrome, señor conselleiro —bos días—, de que estea vostede aquí, porque me sorprende unha cousa que eu quererría aclarar sobre esta proposta. A proposta di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar neste 2023 un plan galego fronte ás condutas adictivas». Esta é a proposta. Non se miden ao peso, non por ser pequena ten que ser pouco relevante. Pero cito o que di a proposta, «elaborar no 2023 un plan galego fronte ás condutas adictivas».

E eu alégrome de que estea o conselleiro porque, señora Amigo, un labor que nós facemos —non é que creamos toda a información da Xunta de Galicia *a pies juntillas*, sempre ten algunha dificultade— é que miramos as notas de prensa. Xa se sabe, hai que otear tamén o rival, non vaia ser. E vostedes propoñen en 2023 crear un plan contra as condutas adictivas. En novembro do 2022 o conselleiro dicía que en abril do 2022 xa se reunira o grupo de traballo sobre o plan de condutas adictivas. O conselleiro —hoxe aquí presente— dixo en novembro do 2022 —nota oficial de prensa da Xunta de Galicia— que en abril do 2022 xa se reunira un grupo de traballo sobre isto. E vostedes veñen propoñer hoxe, practicamente un ano despois, que se cree o plan. Imaxine que votamos en contra todos. Hai que lle dicir á xente que se reuniu que dea para atrás ao tempo, que non se reúna máis e que todo o que fixeron que o rompan porque non vale un ano despois.

Eu creo que hai que ter un pouco de respecto polo Parlamento. Nós cremos que hai que ser un pouco máis serios con isto. Por iso, entre outras cousas, presentamos unha emenda, porque ademais é certo que as proposicións non se miden ao peso pero si que teñen que ter un pouco de consistencia. Vir aquí aplaudir está ben. Nós, ademais de aplaudir, intentamos propoñer —unha cousa revolucionaria nun parlamento, é unha cousa extraordinaria—. Teñen alí un deputado que me fai xestos como sorprendidísimo. Non, se eu seino porque vostede é dos de aplaudir; nós tamén de propoñer. Pero vamos ver se somos capaces entre todos —grazas Churchill— de facer algunha cousa.

Nós propoñemos unha serie de emendas —ou unha emenda moi longa, segundo se queira entender— para propoñer liñas de traballo; liñas de traballo que propoñan cara a onde ten que ir un plan galego de adicciónes. Porque plantexar facer un plan que hai un ano, segundo a Consellería, xa se estaba facendo eu non sei se é ignorancia —porque vostede non sabía que xa estaba o plan— ou mala fe —porque se anunciou un plan que non era certo—. Pero, en todo caso, déixolles que decidan se é ignorancia ou mala fe, ou as dúas —que tamén pode ser—.

Nós facemos propostas, e as propostas que están aí, a través desa emenda longa, ou varias emendas —como queiran interpretar—, van ao que nós consideramos o eixo. Porque para

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

falar dun plan galego de adiccións —tema relevante, sen dúbida— nós cremos que hai que afondar nalgunhas cousas. Por exemplo, ninguén veu aquí a este Parlamento a explicar nunca o que pasou co Plan 2012-2016. Porque unha das cuestións que é importante cando se fan plans... Vostedes anuncian plans como eu como chuletóns —gústame comelos—. Quero dicir aquí que anuncian plans como o Plan galego de saúde mental, o Plan galego contra as adiccións, o Plan galego en defensa poscovid, o Plan galego para as condutas e non sei que... E todos son a mesma cousa pero anúncianos moitas veces.

¿Que foi do Plan galego 2012-2016? Porque os datos de hoxe sobre adiccións son bastante frouxos, ¡bastante frouxos! Temos unha posición non especialmente boa en Galicia, non especialmente boa. Entón alguén terá que avaliar o que pasou co Plan 2012-2016. E alguén terá que explicar —que tampouco o explicou ninguén, porque aquí vostedes veñen ao Parlamento facer iniciativas botafumeiro—, o que pasou entre o 2016 e o 2023, cando din vostedes que van sacar este plan, aínda que o conselleiro dixo que levan un ano xa traballando niso. Pero, en todo caso, ninguén contou o que pasou en sete anos de marxe. ¿Por que non existiu plan galego contra as adiccións? ¿Que pasa, que a xente tiña problemas de adiccións do 2012 ao 2016 e aí curouse todo, resolveuse e aparecen agora no 2023? Do 2016 ao 2023 non houbo adiccións ningunhas, paráronse todas. O que pasa é que vostedes buscan curiosamente en anos preelectorais ou en momentos preelectorais anunciar moitos plans. Logo, a execución xa é outra cousa, pero, anunciar, anuncian moitos plans. Algúns deles xa podían non telos anunciado, e imos falar despois dalgún.

En todo caso, nós plantexamos avaliar o que pasou, explicar por que non houbo plan en todo este tempo e definir un modelo. Porque a Xunta ten que decidir se ten un modelo que externaliza ou se ten recursos propios. Por exemplo, vostede presume aquí na iniciativa de que se outorgan moitas axudas a entidades externas, que fan un grandísimo traballo, porque é imposible que a Administración autonómica chegue a todos os sitios, é imposible; a Administración autonómica e ningunha, ¿non? E necesitamos entidades externas. Pero o que non pode ser é que non teñamos ningunha actividade propia. Porque en realidade a Xunta non financia actividades propias de ningún tipo para beneficiar ou para axudar neste sector, derívao todo a iso, ás entidades externas.

E tampouco falan —e nós falamos nesta iniciativa— do que queren facer co persoal. Sabe vostede que nós defendemos hai tempo que o persoal que está nas unidades que fundamentalmente son as que loitan contra as condutas adictivas, que hoxe na súa inmensa maioría —vostede citaba o acordo coa Fegamp— son municipais, non debería selo. Porque é —e hoxe temos palmaria evidencia— unha competencia autonómica que lle correspondería ao Goberno galego, particularmente ao Sergas. Por tanto, non ten sentido que se lles estea pagando aos concellos. Hai un acordo de hai dous anos deste Parlamento no que vostedes asumiron que tiñan que engadir esas unidades ao sistema público da Consellería de Sanidade. Hai dous anos que aprobaron ese acordo neste Parlamento. ¿Cumprimento? Cero. Aprobar está ben para evitar titulares malos. ¡Cumprimento, cero!

Polo tanto, a súa avanzada nos feitos neste sentido é bastante pobre. Pero, ademais, hai que ir aos eixos clave. Por iso nós propoñemos algunhas cuestións. Hai que ir ao problema que ten que ver coa orixe, co acceso. E no acceso hai que ter controis reais de acceso ás adiccións;

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por exemplo, o que nós estamos demandando coa Lei do xogo e que vostedes non defenden, ou a proposta que nós propuxemos en 2017 xa —eu, no nome do noso grupo, tiven a oportunidade de defendela aquí— orientada ao consumo de alcohol, ao consumo excesivo, especialmente tamén en adultos máis novos e menores —que son as idades nas que se constata ou se consolida un consumo adictivo posterior—. Foron todas moi boas palabras, propuxemos un plan contra iso e o voto do Partido Popular foi en contra. E nós xa levamos anos falando disto. Ou contra o tabaquismo, no que vostedes, si, carteis de «praias sen fume», que non teñen valor ningún, moitos; agora, cando existiron leis de verdade contra o tabaquismo, todos sabemos o que fixo o Partido Popular. E máis longo deberiamos ir entre todos, pero vostedes, anuncios si pero realidades poucas. En realidade vostedes teñen que pensar que necesitamos ir á orixe e por iso nós plantexamos cuestións sobre prevención e sobre controis de acceso en todas aquelas iniciativas que se traballan neste Parlamento sobre iso. Por iso está a nosa emenda nese sentido.

Tamén hai que traballar sobre o desenvolvemento, sobre esas unidades municipais que o Sergas ten que absorber e que vostedes aprobaron pero que non fixeron. Ou incluso —cito unha cousa da súa iniciativa— sobre o aumento da prescrición de medicamentos con potencial adictivo, que é unha frase que me chamou moito a atención e que está na súa iniciativa. Di que aumenta a prescrición de medicamentos con potencial adictivo. En primeiro lugar, é unha cuestión clínica. Deberiamos ter moitísimo coidado con cousas coma esta se as dicimos, porque o que estamos é botándonos enriba dos profesionais que as prescriben, e eu creo que os profesionais fan un gran traballo. O que si deberiamos ver é que non temos profesionais suficientes —especialmente na área de saúde mental, que son os que tratan as adiccións—.

E permítanme facer unha paréntese. Vostedes, que falan todo o día dos MIR, ¿saben o que fixeron con todas as prazas que podían convocar de MIR este ano para psiquiatría, para as PIR de psicoloxía, para as EIR de enfermería de saúde mental? ¿Convocáronas todas? Non. Claro, non convocan e non forman a todos os profesionais en saúde mental. E por iso temos a peor ratio de profesionais de saúde mental por habitante de España, e por iso pasa isto, que temos un problema co tratamento das condutas mediante farmacoloxía porque prescribimos máis que ningunha outra comunidade autónoma, porque non temos profesionais, porque vostedes non os contratan e porque vostedes non os queren formar. Polo tanto, hai que ir aí tamén.

E tamén hai que traballar nas consecuencias. Por exemplo —para citar unha que me parece importante—, o Sergas non trata todas as persoas que teñen unha patoloxía por unha adicción, non as tratan. Hai algunhas que están excluídas; por exemplo, as que teñen unha gran patoloxía co xogo. Non son tratadas dende o Sergas, non o son, non están recoñecidas como tal polo sistema sanitario. E nós defendemos que si. Vostede, señora Amigo, pon cara de estraña, e dígolle que é así, pode comprobalo. Pero poderíao comprar hai un ano cando xa o propuxemos neste Parlamento. É máis, dígolle unha cousa: o Partido Popular votou a favor para evitar un mal titular. ¿Accións? ¡Cero! Seguen sen poder ser tratadas e son persoas enfermas. E eles piden ser tratados —como persoas adictas que son— polo sistema sanitario; porque teñen neste caso unha patoloxía, especialmente en cuestións de conduta. E, polo tanto, hai que ir a todas esas cousas, hai que facer todo isto.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, nós propoñemos unha emenda que vostedes transaccionan. Iso si, no 95 % da emenda nosa copian e pegan e transaccionan unha frase para que non se poida dicir que afecta a unha emenda do PSdeG porque iso lles vai moito no orgullo, e a vostedes o orgullo impórtalles. Pero, en todo caso, aí non imos entrar. Se podemos construír, construímos. Iso si, modifican a última parte. O acordo de absorber para o Sergas as unidades municipais que teñen profesionais sanitarios xa empezan a matizala. Pero, en todo caso, nós o que propoñemos aquí é dotar de liñas e dotar de recursos, ¡dotar de recursos! Porque podemos falar de todos os dereitos do mundo, pero, se non poñemos recursos sobre a mesa, os dereitos non son verdade. E, polo tanto, nós, traballar, si; aportar tamén. Porque diría eu que aquí vimos a algo máis que a aplaudir. Nós viñemos a facer propostas e a ver se polo menos somos capaces de tirar algunha para adiante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona María Monserrat Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Bo día, señor conselleiro.

Trae hoxe aquí o Partido Popular unha iniciativa botafumeiro na que fixo todo un relatorio a deputada señora Amigo a respecto de todas as partidas orzamentarias de saúde mental. E practicamente nada teñen a ver co que é a atención ás adiccións. Pero soltamos aquí toda unha serie de cifras e demais, e parece como que realmente hai un compromiso por parte da Xunta de Galiza e que se está actuando no tema das adiccións.

Dende logo, o BNG —xa llo digo así por adiantado— non vai participar en acordos baleiros, sen prazos, sen orzamento, sen ningunha concreción. Vénse aquí a dicir que hai un novo plan e logo pasan os anos e non se concreta absolutamente en nada.

Empeza a parte expositiva desta iniciativa dicindo o Partido Popular que recentemente, coa aprobación dos orzamentos do ano 2023, comprobamos como o compromiso da Xunta de Galiza coa prevención das adiccións segue o camiño marcado. E eu, a verdade, é que non podo estar máis de acordo. Segue o camiño marcado de que non hai partidas orzamentarias para as adiccións. Por unha vez pois poñen algo certo nas iniciativas.

Voullo escenificar con datos, e de aí tamén a emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego, porque a loita contra as adiccións e, en concreto, a loita contra as drogodependencias en Galiza —o que é a creación de dispositivos e a organización— pois foise xestando desde mediados dos oitenta aos noventa pola presión das nais de toda unha xeración que estaba perdendo a vida por esas adiccións, por ese enganche á droga. Mentres outros paseaban en

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

iates con narcotraficantes resulta que a sociedade se organizaba para loitar contra as drogodependencias. Creáronse unha serie de dispositivos para a prevención, para a loita, para a atención, e logo chegou o Partido Popular á Xunta de Galiza de novo. E cando había como un consenso a respecto da necesidade de que fose unha prioridade esta loita e de dotala de orzamentos, volveu o Partido Popular á Xunta de Galiza no ano 2009 e fixo o que mellor sabe facer, que é meterlle as tesoiras absolutamente ao orzamento destinado a estes dispositivos. Non foron poucas as voces de alarma a respecto de como estaban desmantelándose estes dispositivos, esta rede, de como estaban deixando sobre as costas das familias, dos seus entornos, a atención ás persoas con problemas; e, se non, quedaban en terreo de ninguén, quedaban excluídas as persoas que non tiñan eses entornos de protección ou tiñan menos poder adquisitivo. E voulle dar datos de realmente cal é a realidade do orzamento e do compromiso do Partido Popular nesta cuestión.

Mire, vaiamos ao orzamento do ano 2009, que é o que está colgado na páxina da Xunta, da Consellería de Facenda —non son estas cousas que logo o Partido Popular, o presidente da Xunta, o conselleiro e os voceiros din alegremente, non, este é o dato orzamentario que está hoxe colgado na páxina da Xunta—. E pon: «Consellería de Sanidade, Secretaría Xeral de Protección e Promoción da Saúde, programa 413A». E a respecto da loita contra as drogodependencias pois podo ler: «Programa de loita contra as drogodependencias, convenio rede asistencial: 292.000 euros». Logo hai toda unha serie de convenios con concellos desglosados con nomes e apelidos —non unha partida xenérica onde logo non sabemos onde van parar, como é nos orzamentos do 2023, aos que agora lle farei referencia, e por iso agradezo moito que estea aquí o señor conselleiro—. Son concellos concretos: Burela, Ribeira, Santiago, Vigo, Vilagarcía, Caldas, Carballo, O Grove, Monforte —5.148.764—. Orzamento 2023, Programa de prevención de drogas, corporacións locais: 785. En 2009, cinco millóns e pico. Estes son os orzamentos, señor conselleiro. ¡Claro, o mesmo programa, na mesma consellería, o mesmo tal...! Claro, é que veñen agora falar do compromiso, é dicir, a seguir na senda, na senda de pasar de 5 millóns para as corporacións locais a 785. Isto é o que pon nos orzamentos.

Podemos ir a entidades sen ánimo de lucro, que a aquela altura tiñan unha moi alta actividade acorde á dimensión brutal do problema. Tamén están todas desglosadas, non unha partida xenérica para entidades senón desglosadas. ¡Transparencia, luz e taquígrafos! Non sei cal é o problema do Partido Popular. Transparencia, luz e taquígrafos, nominalistas para todas as entidades que estaban traballando no tema. Hai unha boa ringleira delas —7.926.000—. No conxunto, oito máis cinco, 13.000.468 —orzamento de 2009—. No orzamento de 2023, 785 para entidades locais, 617 para familias e institucións sen ánimo de lucro e 295.000 para prevención da sida; en total, 1.000.698.

Esta é a realidade. Esta é a realidade do compromiso do Partido Popular de loita contra un drama que, ademais, non fai máis que medrar aínda que estea agochado, aínda que non sexa tan visible como nos anos noventa, porque os nosos mozos e mozas estaban nas prazas, víanse e entón causaban alarma social. E esa alarma social agora, como non están nas prazas, parece que non existe. Pensamos que hai un problema dunha envergadura brutal e o compromiso da Xunta é este.

Por iso o BNG presentou unha emenda na que dicimos: vale, pois que se faga un plan de loita para as condutas adictivas pero que se contemple a integración nesta lexislatura, un praciño,

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non un acordo e xa iremos vendo, senón nesta lexislatura —teñen un ano e algo—. Tamén xa hai un acordo, desde hai case dous anos, de que ían integralo. Pois agora poñemos un prazo nesta lexislatura. Pois que se integren todos os centros de asistencia aos drogodependentes na rede sanitaria do Sergas, que é algo polo que levamos demandando e presentando aquí iniciativas, presentando emendas aos orzamentos da Xunta, polas que pediamos incrementar as partidas para os concellos, as partidas para as entidades. Pediamos que se integrasen e pediamos partidas para esa integración. ¿Que fixo o Partido Popular con todo iso? Votou sempre en contra. Agora vén con que hai que facer un plan de adiccións. *Bueno, la dicha es buena*, ¿non?

¿Que outra cuestión demandamos? Pois, en tanto non se efectúe esa integración, aumentar recursos económicos —como mínimo as contías do ano 2009—. O problema non é menor hoxe que no ano 2009, porque, ademais, se ampliou o tipo de adiccións, están máis diversificadas, son máis difíciles, en moitos casos, de localizar e de atender. Entón, hai dúas cuestións moi sinxelas: prazos, que se integren no Sergas, que se responsabilice a Xunta. Porque é competencia da Xunta. E ¿que fixo o Partido Popular? Botárllelo encima ás familias, ás entidades e aos concellos. Non asume as súas responsabilidades. Catorce anos despois segue sen asumilas. Entón, pedimos un prazo para que asuma as súas responsabilidades, que se integren no Sergas e unha cuestión básica: orzamento, ¡orzamento real!, non unha cousiña no orzamento para o ano 2023 que é evidente —1.600.000 euros— que non vai abarcar nin o mínimo do mínimo do que é necesario.

Polo tanto, se de verdade queren que haxa un acordo unánime, que isto non sexa unha iniciativa botafumeiro, un acordo para parecer que se fai cando logo non se quere concretar, aquí teñen o BNG. Pero con cuestións concretas, non con filosofías de fondo que, dende logo, non solucionaron absolutamente ningún dos problemas gravísimos que teñen miles e miles de galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días de novo.

Voulle pasar a proposta de transacción, señor presidente, que xa lles pasei aos grupos.

Desde logo, señorías, non sorprenden. Seguen co seu discurso negacionista en todo canto acontece no eido sanitario da nosa comunidade. É a súa teima, é o seu discurso. Pero o certo é que as accións se demostran con feitos e o Goberno da Xunta de Galicia aposta pola saúde mental das persoas e pola prevención e polo tratamento dos trastornos adictivos. Por iso mesmo se leva anos traballando en distintos eidos, aumentando as partidas orzamentarias e —non vou repetir o que dixen na miña primeira intervención dos orzamentos— contratando máis persoal, estendendo os programas de saúde mental e creando uns novos cando a poboación así o require.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Ignorancia ou mala fe, señor Torrado? Hai que entender. Mire, ¿sabe por que se prescribe? ¿Sabe por que os nosos médicos prescriben? Porque os pacientes o necesitan. ¿Sabe por que nós estamos detrás traballando? Para traballar en prevención e que eses pacientes que hoxe necesitan medicación o día de mañá e cun bo plan preventivo non a necesiten. *(Aplausos.)* ¡Hai que entender, señorías! *(Aplausos.)* ¡Hai que entender! *(Aplausos.)* ¡Claro! *(Aplausos.)*

Ignorancia ou mala fe. Señor Torrado, eu díxenlle que traía aquí esta proposición non de lei para dotar dun novo impulso o traballo que se está a realizar fronte ás condutas adictivas e para adquirir ese compromiso. ¿Ou pensou que ían empezar mañá xa a traballar nese plan? ¡Claro! Lévase tempo traballando nel, señoría. Lévase tempo traballando nel. Claro, mire, hai unha diferenza palmaria entre eses grupos e os nosos. Mire, mentres que os nosos xestores traballan, avalían, están no día a día en todo aquilo que se necesita; vostedes están nas pancartas, na terxiversación, sementando dúbidas e sementando o pánico na sociedade. Iso é o que mellor saben facer. *(Aplausos.)*

Mire, hai cousas que son contrastables. Ninguén pode negar, porque está aí para contrastalo, a intención que ten o Goberno nin a ambición posta ata o de agora no plan de saúde mental que temos vixente, ese plan que ten 241 novas prazas, 42 delas de psicoloxía —que xa se ten contratada a maior parte destes profesionais—. E, como xa anunciou aquí o presidente Rueda, vanse seguir cubrindo estas prazas e comezarase a empregar a modalidade da cobertura por concurso de méritos. ¿Saben o que é iso?, ¿a cobertura por concurso de méritos? Pois son prazas que aínda quedan vacantes. Pero, iso si, señorías, aprobouse aquí co seu voto en contra. Esa é contribución que vostedes fan á sanidade, o que lles importa a sanidade galega. E recórdolles que, ademais de formar máis profesionais, se lle deu unha máxima prioridade a traer a todos os profesionais dispoñibles. E, desde logo, tampouco está de máis recordar —xa que tanto presumen de tan bos xestores que son— que cando aprobaron o plan de saúde mental do Bipartito só se contemplaba a creación de 24 novas prazas de psicoloxía.

E, señorías, hai un matiz para esa negociación que vostedes fan. Miren, hoxe é día 22 —paréceme—, e hai unha nota de prensa de Europa Press de onte que di que se reunía o presidente da Xunta co presidente da Fegamp e co vicepresidente segundo, o señor Diego Calvo. Miren, a negociación da integración das UMAD ten que estar integrada na negociación xeral que se está levando a cabo neste momento sobre a delimitación de competencias entre a Xunta e os concellos. É unha nota de prensa de onte. Hai tempo que se está negociando, hai tempo que se están reunindo. Entón, desde a Consellería de Sanidade xa se declarou que non se vai facer cargo do mantemento destas UMAD mentres non exista un acordo marco entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, e niso se está a traballar. Vostedes saben, saben perfectamente, que hai unha negociación aberta para delimitar estas competencias. Pero, claro, o seu é sementar o pánico. Señora Prado, pregúntelle ao señor Lores como ten a súa unidade de drogodependentes. Pregúntelle, porque está feita un fiasco. E agora parece ser que lla pasou á concelleira do PSOE para que se faga cargo dela, a de asuntos sociais —lino onte ou antonte na prensa—. Iso é o que lles importa ao BNG a saúde; cando depende deles pásanllela a outros e, cando non, protestan. *(Murmurios.)* Claro, isto é así, ¡é así! Ou sexa, desde logo, a Xunta e a Fegamp están traballando, están traballando niso, como se leva demostrado.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E non vou falar de financiamento porque lles falei antes. Hai máis de 10,8 millóns de euros no 2022, e máis de 4 millóns, por primeira vez, foron para sufragar os gastos nestas contratacións.

E, desde logo, señora Prado, paréceme que ás veces falta ao respecto. Mire, todos comprendemos a problemática social que hai, todos sabemos que hai moitos pacientes, moitos drogodependentes, que non teñen nin o apoio das familias nin o apoio da sociedade. Somos conscientes diso e por iso queremos marcar un plan que sexa capaz de chegar a toda esta xente. E, desde logo —xa lle digo—, non vou entrar nese papel.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: No tema das transferencias, xa lles dixen que a Xunta —remato xa— está disposta a asumilas dentro dese acordo marco. Como lles comentei, estase traballando neste sentido.

E espero hoxe, polo ben de todos, chegar a un acordo e que sexamos capaces de votar todos a favor desta proposición non de lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-004066, doc. núm. 49281).

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un diálogo convencido e comprometido cos colectivos implicados na recollida de mexilla, co obxectivo de reformular a normativa existente e que para elo tome en conta as ideas propostas dende os diferentes sectores para facilitar o aproveitamento de todos os recursos naturais e que o nivel de produción de mexillón e percebe sexan o maior posible.")

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas, presidente.

Saúdo tamén os membros que están hoxe acompañándonos na tribuna.

Quero comezar dicindo que esta iniciativa —como todas as accións dos últimos meses por parte da Consellería do Mar e deste Grupo Parlamentario Popular— ten un claro obxectivo, e é que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións, e que se asegure o beneficio mutuo e a garda dos intereses das dúas partes.

Establecer un contexto temporal non é doado, porque a ningún galego lle escapa a realidade que vivimos dende hai anos. As discrepancias entre percebeiros e bateeiros pola coincidencia de zonas de extracción de mexilla e de percebe —que quede claro que é pola coincidencia de zonas de extracción—, xunto coa preservación deste último recurso, veñen de lonxe. Recóllense noticias de enfrontamentos entre as dúas partes xa dende a década dos oitenta do século XX, que se mantiveron con maior ou menor virulencia ao longo do tempo. Eu, ademais, como son xornalista pois buceei un pouco na hemeroteca. Dous exemplos que poderiamos citar son: «*La extracción incontrolada de mejilla en los acantilados del Barbanza hacen temer su extinción*»; «*Personas trataron de impedir la rapiña*» —esa é de febreiro de 1988—; «*Varios arrastreros de Cambados fueron abordados ayer por bateeiros de O Grove y dos marineros resultaron heridos*» —esa é de novembro de 1987—. Viamos, ademais, que nas noticias falaban de «*la vieja guerra del mejillón que cíclicamente enfrenta la ría arousana*». É dicir, xa falaban no 87 dunha vella guerra —que é un termo bélico que a min non me gusta empregar e, afortunadamente, hoxe nos medios eses termos como «rapiña» ou termos bélicos pois xa non se empregan porque certamente non fan ningún favor e non son realidade do que pasa—.

Con todo, trátase dun asunto complexo que require buscar un punto de encontro entre os intereses destes dous colectivos que comparten zonas de traballo —como dixen—. Por iso, o obxectivo foi e é garantir a convivencia e o futuro coa explotación sustentable tanto da semente do mexillón —que é a mexilla— como do percebe. Falaremos, pois, das accións da Xunta de Galicia, que tamén emanan deste propio Parlamento, emanan de acordos que tivemos os tres grupos por unanimidade. Polo tanto, a Xunta actúa con responsabilidade co obxectivo —como digo— de conservar esas zonas e de conseguir unha convivencia cordial e, ademais, de cumprir os mandatos parlamentarios —malia que algúns grupos ás veces cambian de opinión—.

En xaneiro do 2022, por exemplo, propúñase non cesar as reunións do grupo de traballo —eu creo que quedou acreditado con máis de vinte xuntanzas realizadas, ou propostas, polo menos—. Propúñase tamén realizar os investimentos necesarios en investigación e tecnoloxías —eu creo que quedou acreditado tamén cos proxectos nos tres ámbitos dos que falamos, e dos que falarei tamén en adiante, e coas medidas que se levaron a cabo—. Pediuse tamén que se levasen a cabo todas as accións necesarias para evitar, dende a mediación e o diálogo, calquera posible enfrontamento —eu creo que tamén quedou acreditado cos múltiples chamamentos realizados con esa intención, e, ademais, coa demanda que se fará á propia Delegación do Goberno—. E en maio de 2022 tiñamos outra iniciativa na que se pedía garantir o cumprimento dos acordos adoptados nas diferentes mesas de diálogo. Eu creo que a Consellería está cumprindo todos e cada un dos puntos. Precisa tempo para elaborar os informes, precisa tempo para tramitar as normativas, pero quere cumprir eses puntos acadados nas mesas de diálogo.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outra iniciativa que se aprobou —outro punto— era entregar na Cámara a copia dos informes e documentos científicos. Estes informes foron solicitados polo Partido Socialista polo artigo 9. Déuselle a posibilidade de ir consultalos e, iso si, foi, ademais, acompañado. Polo tanto, nada quita que poidan ser coñecidos por outros grupos e por outras persoas; nada se oculta, é dicir, transparencia total. E hai outra PNC en xullo de 2022 na que se pedía ao Parlamento de Galicia instar a Xunta a reunirse coa Confraría de Ferrol e realizar de común acordo as modificacións necesarias nos plans de explotación para garantir a actividade presente. E iso —que a ninguén lle escape— pretendía pechar zonas. Pero aquí —como digo eu— por parte da oposición, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, segundo como vaia o vento, uns días poden dicir unha cousa e outros días outra.

Terían, ademais, que apuntar que se cumpriron tamén outros acordos, como é facer o estudo do modelo de aproveitamento de cría de mexillón, como pediu o BNG, que dicía que nas zonas onde o estudo determine que é compatible se fomente a realización dun plan de explotación. E tamén outro do Partido Socialista no que se dicía que o Parlamento inste o Goberno galego para que acoute aquelas zonas de especial sensibilidade para o percebe como zonas exentas de extracción de mexilla ou outras especies que poidan poñer en perigo este recurso. É dicir, o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista e o Partido Popular aprobamos por unanimidade iniciativas que desen paso para que isto se puidese regular. E eu digo: cando se refiren o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista en ocasións a estas iniciativas ou a estes puntos, deberían explicar por que en ocasións cambiaron de postura. Nós no Partido Popular nunca cambiamos de postura, sempre intentamos seguir o mesmo camiño no grupo parlamentario e na propia Xunta de Galicia. E, dito isto, sempre se fixo con boa vontade, con intención de sumar e co compromiso de cumprir e de facer realidade unha necesidade que xa vén de lonxe —como dixen—. Polo tanto, a Xunta actuou, e actuou con flexibilidade, sempre aberta ao diálogo.

En 2020 a covid-19 tensionou un pouco a situación, ás razóns biolóxicas tamén se lle sumaba a imposibilidade de poder realizar a actividade como se viña realizando ata entón. Entón, co fin de garantir a convivencia pacífica, a Xunta xa artellou medidas de protección e apoio transitorio para ambas partes, que tamén é o que deu lugar a unha tregua transitoria. Esas medidas eran a definición de 16 zonas reservadas en exclusiva á extracción de percebe, que eran 50 entre os 1.673 quilómetros de costa. Eran dez na provincia de Pontevedra e seis na Coruña. Os bateeiros acadaron dúas prórrogas para a extracción de mexilla —primeiro, ata finais de maio, e despois xuño—. Hai que ter en conta que o regulamento que tiñan ata o de agora era do ano 2000, de hai vinte e tres anos, e estaba a extracción desde o 1 de decembro ao 1 de abril; polo tanto, ampliáronse esas prórrogas. E tamén se lles autorizou a colgar 50 cordas colectoras máis por batea para recoller semente nos interiores dos portos. Pero, como dixen, a delimitación quedou suxeita a cambios. Non houbo hermetismo, houbo intención de flexibilidade froito dun diálogo coas partes e a aportación deses datos; un diálogo —como digo— ao que a Xunta sempre estivo aberta.

E poñémonos agora en contexto máis cercano e imos ao 1 de decembro de 2022, no que estaba previsto o inicio dunha nova campaña de extracción da mexilla. Pero, ante un informe do Cima, do Centro de Investigacións Mariñas, e algunhas consideracións de distintos profesionais do sector, constatouse o seguinte: que a semente presente nas rochas era moi pe-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quena, que a súa extracción podía ser prexudicial para o estado biolóxico da especie e que podía implicar dificultades para a súa fixación.

Ben, ante esta situación, a Consellería do Mar emitiu o xoves día 30 de novembro de 2022 dúas resolucións polas que se atrasou ata o 9 de xaneiro do 2023 o inicio da campaña. ¿Que se pretendía con estas resolucións, con este atraso? Que a produción da semente se multiplicase ata por oito, que aumentase a súa capacidade de fixarse ás cordas e prolongar a campaña ata o día 15 de xuño. É dicir, xa eran medidas, como digo, dentro dunha flexibilidade e, ademais, modificadas froito dun diálogo da Xunta co propio sector.

Despois de multitude de encontros do sector bateeiro —máis dunha vintena por parte da Xunta de Galicia—, que considerou que a medida podía resultar positiva, tamén se avaliaron as modificacións normativas para poder abrir novas zonas á extracción da mexilla —é dicir, xa houbo ese plantexamento—; unha resolución para decretar logo da análise científica e tendo en conta os informes técnicos dispoñibles sobre o estado do recurso para garantir sempre unha explotación sustentable.

O termo «explotación sustentable» e o propio concepto de explotación sustentable tamén é algo que agora está moi implícito na sociedade, e que tamén está —eu creo— moi asimilado agora polo propio sector; pero quizais hai corenta anos non o estaba tanto. Polo tanto, é outro factor que entra na toma de decisións. A reapertura, polo tanto, produciuse o 9 de xaneiro. Previamente, a Dirección Xeral de Pesca elaborou un informe co impacto das precipitacións de decembro —un 59 % superiores ao valor climático normal—. Os datos do Intecmar certificaron a diminución da salinidade da auga, que afectou a todas as rías galegas pero en especial a ría de Arousa, e, polo tanto, foi algo máis que se engadiu a esa dificultade de supervivencia e crecemento da mexilla —e, como vemos, tamén para o resto dos outros mariscos—.

Consciente da problemática, a Xunta realiza un seguimento permanente e tamén actúa, neste caso, cun paquete de medidas e coa vontade de ofrecer unha solución perdurable. É dicir, elabora medidas para que poidan perdurar no tempo e, como digo, queda sempre aberta ao diálogo e con flexibilidade para adaptalas ao que veña mellor aos dous sectores.

O 7 de febreiro, logo dun encontro cos representantes das principais asociacións de produtores de mexillón de Galicia, trasládaselles a ampliación de máis de 130 quilómetros de superficie destinada á extracción de mexilla no litoral de Galicia; 120 quilómetros nos portos nos que hai constancia de presenza da especie, —fíxose cun estudo cartográfico sen incluír pantaláns nin outras zonas portuarias—; máis de 12 quilómetros de espazo de traballo en Aguiño, Baiona, Bueu, Cangas e O Grove —só na provincia de Pontevedra autorízase a actividade no 30 % das zonas que estaban pechadas ata o de agora—. E cun investimento de 2 millóns de euros —por iso falo de medidas e de peticións que houbo nun primeiro momento— plantéxanse proxectos de investigación sobre a abundancia de semente nos bancos naturais e unha análise de datos do tamaño do mexillón, e están contempladas accións de captación de produción da mexilla. De cara ao futuro, vendo o que pasou xa de hai anos ata o de agora, ademais co coñecemento que teñen eles tamén do seu propio terreo, do territorio onde traballan, hai accións como a das cordas colectoras, para elevar a súa eficacia, as *hatcheries,* que son criadeiros e proxectos para novos sistemas de captación de cría de mexillón,

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ou como o que se chaman *long lines* —en Bueu—, que son un sistema de seis cordas en suspensión que ocupan unha hectárea e van a unha profundidade de 27 metros.

Outro punto sería fortalecer o sector e aceptar a modificación da Orde do 38 de decembro de 2010, que crea a Comisión do Mexillón, e ademais facer preceptivos os informes que emanen desa propia comisión —que sería tamén moi importante e sería, ademais, unha cogobernanza real—; e asistencias técnicas para o sector bateeiro para seguir de forma máis intensa e directa os ciclos da mexilla con posibles plans de xestión. Isto permitirá dispoñer de aperturas ou peches de acordo co sector e modificar as zonas de inmediato.

Estes creo que son avances, e por iso hoxe pedimos unha unanimidade deste Parlamento de Galicia para seguir traballando a favor do sector do mar, a favor da actividade dos mexilloeiros, a favor da actividade dos percebeiros, a favor do noso medio e a favor do noso mar; sempre coas dificultades que entraña pero sen demagoxias e sen cambios de opinión, con responsabilidade. Por iso hoxe apelamos nesta primeira quenda —logo falarei da emenda proposta polo Partido Socialista— a unha unanimidade dos grupos representados na Cámara.

Pola miña banda, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a tanta xente do mar que vexo hoxe aquí arriba. Alcalde da Illa, e próximo alcalde da Illa tamén, grazas por estar hoxe aquí nun tema que é relevante e sobre o que eu creo que hai que aportar algunhas visións con claridade e non vaguear.

Bateeiros e percebeiros levan convivindo décadas no mar, no mar e nas rochas. E é inevitable, como calquera relación de décadas, que teñan os seus problemas. Pero ata o de agora, sen que ningunha consellería entrase a provocar un conflito, resolvéronos. A xente do mar resolve problemas. Basicamente fan sustentar este país nunha boa parte resolvendo problemas —moitos, estes e moitísimos outros—. O problema non está neles, nunca estivo neles, nin nas confrarías nin en ninguén que vaia ao mar. O problema está nunha consellería que detectou algo intelixente aínda que, dende o noso punto, amoral, que é entender que un sector unido é moi potente e é mellor dividilo. Aprendeuno, sobre todo, coa Lei de acuicultura. E incluso lle tomou a matrícula a algunha xente. E este é o problema, esta é a orixe.

Evidentemente, un sector dividido é máis débil. E aquí a Consellería aprendeu e intentou confrontar uns sectores con outros; sectores que entenden que non teñen a culpa nin uns nin outros, que fan propostas para convivir, propostas que non se escoitan. Porque, se os escoitasen e se lles fixesen caso, o problema estaría resolto. Co que convivimos aquí é cunha consellería que pretende manter o problema porque vive do conflito, porque este conflito a

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

beneficia, e a saber para que. Preguntámonos se o de provocar este conflito é porque non son xente de ben. Eu creo que si. Pero, en fin, como a xente de ben é un concepto que cadaquén entende á súa maneira, deixémolo aí.

Pero vaiamos ao asunto. Poden convivir, demostrárono durante décadas. Pero é que, ademais, e con isto de deixar suxestións, ambigüidades nas afirmacións, eu vou intentar ser claro sobre o que o PP difunde habitualmente. Porque o PP difunde que hai o problema de que se molestan os uns aos outros, os da cría do mexillón e os do percebe; e, por tanto, difunde, comenta, expande os bulos de que os bateeiros rouban percebe. Cousa que é absolutamente mentira. Sábeno os percebeiros e sábeno os bateeiros, pero, para que o saiba todo o mundo, hai centenares, milleiros, de inspeccións e os casos están entre «sen importancia» ou «inexistentes».

Pero, é máis, vostedes saben que a min me gusta moito traballar con datos. Voulles intentar presentar uns datos que nin sequera poden ser concluíntes sobre que o problema non é ese, senón para demostrar que os problemas son ambiguos e difíciles.

O dato é o seguinte: vostedes coñecen —e se non o coñecen explicámolo— que o permiso de extracción da mexilla ocupa a costa das provincias de Pontevedra e da Coruña; o percebe recóllese en Pontevedra e na Coruña, pero tamén en Lugo, onde non hai recollida de mexilla e, por tanto, este problema non debería existir. Se hai un problema de produción de percebe por culpa da recollida da mexilla, ¿que veriamos? Veriamos que a caída do percebe sería moito maior en Pontevedra e na Coruña. Ata aquí entendo que isto é natural.

Para non coller un ano só —que sempre é un engano—, imos coller desde 2019, que é o ano en que sae ou se promove esta primeira normativa, ata agora, en que a costa de Pontevedra e a da Coruña viu perder o percebe nun 21,6 % —22 %—. Sería de esperar que, se o problema está na recollida da mexilla, en Lugo o percebe, en vez de caer, subiría. Perdemos máis en Lugo, onde non había problema de convivencia coa mexilla, o 30 % —vinte e nove con algo—. Por tanto, o problema non está aí. O problema non está aí, non hai problema de capturas ilegais, non hai problema de que se causen problemas na produción dos outros. ¿Onde está o problema? A Xunta de Galicia utiliza uns informes... Que, por certo, nós non pedimos ir velos entre dúas caixas de quilos e quilos de papel nunha sala e nun horario determinado o día que nos marcan para non poder sacalos. Nós pedimos o noso dereito como deputados —que este Parlamento non protexe— ao acceso á documentación que ten a Consellería para tomar decisións. Iso é o que pedimos. E, por certo, todos os cargos que pasan pola Consellería van prometendo sucesivamente —con aires de sorpresa e dicindo «¡como é que non tedes eses informes!»— que ao día seguinte se porán en marcha. E así levamos anos e estamos sen informes. Temos un goberno que agocha os seus informes para tomar esas decisións, que é un dato importante.

Pero ¿de cando son os informes para tomar unha decisión no 2019 que se implementa no ano 2020? Pois basicamente son do 2001, de 2009 —non concluínte sequera— e un informe propio de 2011. Son decisións de hoxe con informes de hai máis dunha década. Tampouco é fácil comprendelo e ninguén explicou nesta consellería por que.

¿É necesario protexer as especies que teñen perda de produción e que necesitamos protexer? Si. Incluso hai experiencias de reservas de percebe. Os Miñarzos, por exemplo, ten, entre

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

outras cousas, algunha destas. ¿É posible facelo? É posible. ¿Sería unha boa experiencia? Non ten por que ser mala. O problema está en que entender que unha reserva de espazos específicos, pequenos, puntuais e concretos, porque a produción é moi potente, moi boa ou porque se pode xerar unha indicación de calidade, haxa que estendela a toda unha costa como normativa xeral, sen matizar, sen entender que a costa é moi diversa, moi distinta, que case cada quilómetro é un mundo. E sen entender iso, non se pode regular en xeral. Por iso as reservas son unha parte específica e pode ser unha idea, ninguén a descarta, ninguén nos sectores a descarta. Iso si, o que non pode ser é toda a costa. Tampouco o queren o percebeiros. ¡Se é que non hai conflito entre eles!, ¡se é que o conflito está xerado, provocado, a propósito! E este é o problema.

E esta situación, estes problemas, xeran algúns hoxe e, o que é peor, ameazan con problemas posteriores. Porque temos hoxe un problema de produción. Miren, a min, cando leo ou escoito apelar á salinidade, ao descenso da salinidade da auga provocada polas chuvias de decembro, para explicar que hoxe non teñamos moita mexilla, ou de boa calidade, non sei se me dá a risa ou me dá pena. En outubro eu xa estiven cos bateeiros, xa estiveron explicándome a min, como llo puideron explicar a moitísima xente, que non ía haber mexilla. ¡En outubro! A campaña empeza a principios de decembro. Pospúxose, prorrogouse o seu inicio. Antes de decembro decidiuse prorrogar. As chuvias de decembro non foron a causa de que non teñamos mexilla. ¡Non é esa! ¿Por que se tomou unha decisión de prorrogar antes de decembro se a causa fosen as de decembro? É tan absurdo que dá pena.

Pero é que en novembro xa o falamos neste Parlamento, na Comisión de Pesca. E o noso grupo xa o explicou: imos ter un problema coa mexilla, non ten tamaño, non ten calidade. Xa o explicamos. Recibimos —iso si— moita soberbia, moitas contestacións, moita autosuficiencia. E hoxe estamos como estamos. E isto é o que ten a Consellería, que está arrinconada entre os problemas.

Pero é que é máis: teremos unha baixada nos próximos anos. Porque se a mexilla é de peor calidade, o mexillón non vai ser tan bo. E a mexilla do futuro —que, por certo, é o desove do mexillón de hoxe, non é como se nacese alí das pedras por vía máxica e fose propiedade de alguén, é do propio mexillón— será de peor calidade e estaremos creando unha cadea na que o mexillón será de peor calidade ano tras ano.

Vostedes están con intención —que eu non sei se lles vale electoralmente nin me importa—, amoralmente, creando un problema nun produto que é simbólico de Galicia. E están intentando botar a culpa sobre o outro sector doutro produto que é simbólico de Galicia. Vostedes están intentando enfrontar os sectores para iso. E o que estamos conseguindo é ter un problema de calidade grave. Imos ter un problema porque van entrar especies de fóra, que non deberían pero entrarán, porque a xente ten que vivir e ten que comer. E imos ter problemas, como estamos tendo, de tensións, de nerviosismo. Hai poucos días dúas persoas pasaron unha situación moi problemática no mar, pasárona outros o ano pasado. E algún dos que estiveron no mar, que tivo sorte de poder contalo —porque o mar ten moito perigo—, algúns deles, non é un mariñeiro de onte, non é un rapaz novo, non eramos ningún de nós, é xente que leva toda a vida no mar e pasa problemas. Porque a xente está nerviosa, porque está tensa e porque iso provoca os problemas de confrontación que vostedes provocaron, que provoca o nervio-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sismo nun sector que agora mesmo está intentando sobrevivir de maneira acelerada e ve que non pode, e que hai un goberno que o está poñéndoo á proba en vez de ir da man.

Por iso nós nos preguntamos: ¿para que estamos aquí? ¿Para validar as medidas do Goberno? ¿Que medidas? ¿Ampliar 120 quilómetros de portos? Faltoulles ampliar o porto seco de Monforte para que puidesen coller mexilla. Foi o porto que lles quedou. E aínda, se hai alguén mirando, dirá: ¡Ah!, faltounos aí un par de quilómetros, aínda imos poñer máis.

Sexamos serios, hai un problema coa recollida da mexilla porque vostedes impiden que se recolla —a mexilla, que nin sequera é do Goberno, é do mar, do mexillón—.

Polo tanto, o que nós propoñemos é que atendamos o sector, que teñen vontade de colaborar, que falan de que, para recoller datos, para saber como están as pedras, vaian os biólogos da Xunta —que, por certo, non foron, non hai ningún informe de biólogos da Xunta que fosen ás pedras, son outros pero non os da Xunta—; e que vaian con representantes dos bateeiros e dos percebeiros. E non hai máis que dicir. Cando vaian, veñen, e alí sabemos o que hai. Onde non se deba recoller, os primeiros que van defender que non se pode recoller serán uns e outros. E, onde si se poida, van entender como poder facelo. Porque uns entenden que outros son necesarios e outros entenden que uns son necesarios. O problema está en que a Consellería cre que a xente só é necesaria cando lle vén ben, e despois abandónaa. E iso non se pode facer.

Polo tanto, nós facemos unha proposta, si, alternativa, unha proposta que plantexa diálogo e non imposición, que plantexa solucións e non conflitos, que plantexa consenso e non xerar problemas. Todo se resolvía máis ben que mal, máis mal que ben, ata que chegou a Consellería a decidir que ía dividir o sector. E está a punto de mandar ao fondo un sector que é o noso emblema e que non pode estar vendo como un goberno está montándolle un problema en vez de darlle unha solución. Hai solucións, o sector proponas, o sector está disposto, vaise reunir, sentarse e facer o que teña que facer. Só faltan vostedes, pero hai que ir coa honestidade de querer resolver o problema e non co interese de montarlles un problema aos demais e facer que a xente que vai ao mar non só teña que preocuparse de como está o mar senón tamén de como se levanta o Goberno cada día.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Quérolle dar a benvida, particularmente, a todas as persoas, presidentes e demais membros, das asociacións de mexilloeiros que hoxe nos acompañan na tribuna de convidados. E quérolle dar tamén a benvida á señora Egerique. Quérolle dar a benvida despois de permanecer tres anos —case tres anos, señora Egerique— en estado de contempla-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción, literalmente, case tres anos nos que fomos os grupos da oposición os que trouxemos aquí este tema en reiteradas ocasións, quen advertimos do que estaba a pasar e quen trasladamos que a conflitividade entre o sector bateeiro e o sector percebeiro era unha bóla de neve que medraba cada día máis mentres o Partido Popular seguía en estado de contemplación.

En tres anos, señora Egerique, é a primeira vez que trae o Partido Popular este tema a debate. E tráeo —*no se lo pierdan*— polo procedemento de urxencia. E ¿por que considera o Partido Popular agora urxente algo que en tres anos nin o ocupou nin lle preocupou? E leo textualmente por que o consideran urxente: «pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión».

Señora Egerique, vostede leva coma min case tres anos neste Parlamento e supoño —supoño— que saberá, que non esqueceu, que este Parlamento xa se posicionou varias veces sobre este tema. Polo tanto, non hai urxencia en que este Parlamento se posicione. Xa se posicionou e tomou acordos unánimes, ¡acordos unánimes!. Pero ¿para que valen neste Parlamento os acordos unánimes? Para instar a Xunta de Galiza a que faga cousas que logo a Xunta de Galiza nunca fai.

Pero iso non é o peor, o peor non é que non as faga. Era mellor que moitas veces non as fixera. O peor é que fai xustamente o contrario do que acorda unanimemente este Parlamento. Ese é o problema, señora Egerique.

Xa temos —como digo— tomado acordos neste sentido, e acordos que propoñían diálogo, que propoñían continuar co diálogo, que propoñían mesas de traballo, sempre no mesmo sentido, ¡sempre no mesmo sentido! —que, por certo, é o mesmo que propoñen agora vostedes só que un ano máis tarde que todos os demais—.

Vostedes, entón, aterran agora, señora Egerique, na realidade que temos neste momento, despois de tres anos. E aterran de urxencia pero curiosamente borrando o disco duro —como fixeron cos de Bárcenas, exactamente igual— do que pasou en todos os anos anteriores. ¿Que pasou en todos os anos anteriores, señora Egerique? Voullo dicir eu para que se sitúe onde estamos e por que estamos onde estamos.

Resulta que tiñamos unha normativa que era do ano 2000. Por certo, unha normativa do ano 2000 que non fixo o Bloque Nacionalista Galego. ¿Quen gobernaba no ano 2000? ¿Acórdase? ¿Un señor que se chamaba Fraga Iribarne? ¿Acórdase de que partido era? Gobernaba o Partido Popular e había unha normativa desde o ano 2000, seica do propio Partido Popular, que máis ou menos foi funcionando ata o ano 2019. No ano 2019, ¡unilateralmente! —nunca houbo diálogo, nunca levaron vostedes a cabo os acordos parlamentarios que propoñían diálogo—, a Consellería do Mar decide cambiar a normativa que había desde o ano 2000 para a extracción da mexilla en bancos naturais. E ¿que fai no ano 2019? Pois mete nos plans de explotación do percebe, ¡nos plans de explotación do percebe!, zonas de reserva de mexilla. O normal, entendemos nós, xa llelo dixemos en moitas ocasións, é que se reservasen nos plans de explotación do percebe zonas de reserva do percebe. Pero, non, fan zonas de reserva de mexilla. Iso é no ano 2019.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero resulta que un pouco máis tarde, no ano 2021, se non recordo mal... Perdón, no ano 2019 foi cando se aprobou ese decreto... Estoume confundindo coas datas. No ano 2019 foi cando modificaron a lexislación que había desde había practicamente vinte anos. Pero no ano 2021 —ía ben—, o 30 novembro do 2021, un día antes da campaña da extracción da mexilla, que empeza o 1 de decembro, pois a Consellería do Mar veu dicir aquí, como en moitas ocasións neste Parlamento, que tendía a súa man —só que tendía unha soa, e, mentres tendía unha, resulta que coa outra plantaba lume á convivencia entre dous sectores do mar que sempre conviviron cos seus máis e cos seus menos—. E nese ano 2021, tamén unilateralmente, fai unha resolución e modifica as zonas de extracción de mexilla. E —*no se lo pierdan tampoco*— é unha resolución que, segundo a propia Consellería, estaba baseada en criterios técnicos —ou sexa, que non a facía a conselleira, non, non, facíana os técnicos—. Moi ben, tanto a fixeron os técnicos en novembro do 2021 que cinco meses despois, só cinco meses despois, en abril do 2022, xa houbo que cambiala. Pero non a cambiaron. Prometeron que a ían cambiar. Vai para abril de 2023 e estamos esperando que se cumpra o anuncio e a promesa —unilateral, por certo— da Consellería do Mar de que se abran determinadas zonas.

E perdoe que a corrixa, señora Egerique, vostede —porque lle mandaron o papel da Consellería co que había que ler— leu aquí que se aperturaron unha serie de zonas que hoxe están sen aperturar. Porque Baiona, aínda hoxe —e vostede leu que estaba aperturada— segue pechada, ¡segue pechada!, señora Egerique.

Ben, como ben dicía o señor Torrado, este conflito, polo que acabo de relatar, creouno a Consellería do Mar. Fáltanos saber por que razóns está empeñada en dividir absolutamente os sectores que traballan no mar. Non só dividiu o sector percebeiro co sector bateeiro, senón que agora está creando un conflito aínda maior entre os propios bateeiros. Abre unhas zonas determinadas, unhas zonas onde se apiñocan literalmente os bateeiros, onde se matan entre eles, para poder extraer unha mexilla que lles permita salvar esta campaña. E veremos como veñen as seguintes.

Ben, ¿en que estamos agora? Pois estamos en que a Consellería do Mar, despois de montar absolutamente este follón, vén aquí presentar aos medios de comunicación, ¡aos medios de comunicación!, o que despois remitirá ao sector —para que vexan o diálogo da Consellería do Mar cal é, o diálogo da Consellería do Mar é cos medios de comunicación, e despois o que lles comunica aos medios comunicación remítello ao sector—, pois ben, vén aquí plantexarnos unha serie de medidas coma se fosen, efectivamente, unha panacea que nos van salvar de todos os problemas. E nós pensamos que non vai ser así.

Ogallá fose así, señora Egerique, ogallá fose así. Pero nós pensamos que non vai ser así, porque, mire, en primeiro lugar —xa o nomeaba o señor Torrado—, a apertura de non sei cantos millóns de quilómetros de mexilla que non se sabía onde estaban antes. Agora apareceron 120 quilómetros nos portos galegos de mexilla. *Los técnicos detectaron que había mejilla allí.* Ben, pois voulle dicir unha cousa, señora Egerique, a mexilla que hai nos portos —sobre todo nos portos interiores, que xa non a hai—, ¿sabe como a denominan no proio sector? Cría azul. E ¿sabe por que a denominan «cría azul»? Porque ten o pé azul porque é revella e non vale precisamente para levar ás cordas. E, ademais, voulle dicir unha cousa. Gustaríame ver eses informes técnicos —que, como di o señor Torrado, nunca os vemos—, gus-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

taríame ver eses informes técnicos e ver cal é a calidade sanitaria dalgunha mexilla que precisamente medra nos portos. Entón, hai miles de quilómetros que, evidentemente, non teñen mexilla válida, mexilla de calidade, para engordar.

Pero é que, ademais disto, outra das medidas estrela que nos propón agora a Consellería do Mar é o reconto larvario. ¡Perfectamente de acordo! Tan de acordo, señora Egerique, que o sector mexilloeiro leva máis de quince anos reclamando o reconto larvario. ¡Ah!, pero a Consellería fixo *mutis polo foro* e agora presenta esta medida coma se fose, evidentemente, un descubrimento. E non o é. É máis, o reconto larvario xa existía hai anos e resulta que decidiron, non se sabe por que razón, desaparecelo. Por certo, un reconto larvario que vai ter un punto por provincia. Xa me dirán que clase de solución vai ser esa.

Outra medida que nos ofrecen é que van investir dous millóns de euros. Agora, despois de crear un follón impresionante no mar, acórdalles que hai que tomar medidas, porque, efectivamente, se lles está indo das mans.

Ben, outra medida é a disposición de colectores e *hatcheries.* Incluso os de letras que están neste Parlamento, que ao mellor non saben en que consiste o tema das *hatcheries* ou os elementos para producir semente, incluso esas persoas, levan oíndo falar de instalación de *hatcheries* hai décadas. E hoxe propóñennolo como a gran medida, a instalación de *hatcheries*. Pero non só as *hatcheries*, senón os colectores, os colectores que precisamente a Consellería do Mar está limitando. É a que está limitando o número de cordas, a que está limitando o período, etc.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidente.

O que nos din, a conclusión sobre esas medidas que van tomar, é que van continuar os traballos —«continuar», que é o verbo favorito do Partido Popular, «continuar facendo», «continuar dialogando»...—, que van continuar a facer os traballos de seguimento —din eles— para axustar as zonas onde haxa presenza de mexilla e percebe. Sempre estamos a falar —e non se confunda ninguén, porque o propio Partido Popular fai propaganda para que a xente se confunda—, sempre estamos a falar de aperturar zonas onde non existe percebe pero si existe mexilla.

En definitiva, señora Egerique, tres anos —e remato presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...de despropósitos que conseguiron enfrontar a mexilloeiros e percebeiros e poñer en perigo a produción da campaña actual e das campañas que veñen —porque, como dicía o señor Torrado, esta mexilla é o desove do mexillón das campañas do 2024 e do 2025—. E, finalmente, vostedes veñen aquí a propoñer a continuidade das medidas. As medidas xa as acabo de relatar. Se vostedes van continuar por aí, van continuar moi mal.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E o Bloque Nacionalista Galego non está disposto a branquearlles precisamente unha iniciativa —a primeira en tres anos— que tampouco serve para nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non imos apoiar a súa iniciativa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Vamos ver, señor Torrado e señora Pérez, pero ¡que tomadura de pelo é esta! Din vostedes que é a primeira vez que o Partido Popular trae esta iniciativa ao Parlamento de Galicia e tanto o Partido Socialista de Galicia como o Bloque Nacionalista Galego en reiteradas ocasións trouxeron a iniciativa para que a Xunta comezase con este procedemento. Entón, dando cumprimento a unha orde parlamentaria comezouse con todo este procedemento. E vostedes hoxe veñen aquí dicir que non teñen nada que ver, que o lío o montou a Xunta, que nós vivimos mellor no conflito. Señor Torrado, ¿quen vive no conflito permanente? Vostede vive no conflito permanente, a vostede interésalle o conflito permanente. Vén aquí e vostede é científico, vostede é humorista, vostede sabe de todo.... Pero, a ver, ¿que solución plantexa vostede, señor Torrado, que di aquí unha cousa, en Bueu outra, en Vilanova outra, en Aguiño outra e non se aclara vostede, señor Torrado? *(Aplausos.)*

E precisamente por ese motivo, señora Pérez, é a urxencia. A urxencia é porque trae o Bloque Nacionalista Galego iniciativas nas que vostedes propuñan pechar zonas —lémbrollo—, nas que o Partido Socialista propuña facer un estudo e regular e facer os plans de explotación en reiteradas ocasións —aprobadas por unanimidade, por certo, co voto favorable do Partido Popular— para que a Xunta se puxese a actuar neste —como din vostedes— «conflito» —eu abro aspas— no que levamos anos, porque hai que darlle solución. E quen vive no conflito permanente, á quen lles interesa a gresca é a vostedes. ¡É a vostedes!

Entón, cando a Xunta actúa e cumpre o mandato parlamentario, mal; cando a Xunta non fai nada e non cumpre os mandatos parlamentarios, tamén mal. Cando o Partido Popular propón, mal; cando o Bloque Nacionalista e o PSOE propoñen, ben. Pero cando propoñen e se lle dá, ademais, cumprimento ao que propoñen, mal. ¡É unha tomadura de pelo! ¡A súa actitude neste Parlamento e a súa actitude con respecto ao sector da pesca é unha tomadura de pelo! *(Aplausos.)*

Mire, señor Torrado, dígolle o de científico e o de humorista porque sacou vostede aquí unha serie de conclusións científicas así, a ollo, de se aquí pode haber e en Lugo non pode haber. Faino a ollo totalmente, porque vostede sabe de todo. Entón, moita filosofía, pero as medidas, ao Par-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tido Popular, a responsabilidade á Xunta de Galicia sustentada polo Grupo Parlamentario Popular e por este partido, porque é o único que actúa. ¿Vostedes cren que teñen a solución para o sector mexilloeiro? ¿Queren que lles recorde o que fixeron no Bipartito —que é a referencia que temos de goberno do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia—?

Miren, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, cando estaban no Bipartito —que nos van ensinar agora defender o sector—, pretendían sacar a concurso as concesións en 2009. Era unha intención que tiñan que non puideron facer porque os galegos volveron outra vez apostar polo Partido Popular. E parece que agora pretenden outra vez facelo —ou quererían facelo—. Auspiciaron vostedes e catalizaron unha plataforma de vendas que lle reportou ao sector unha sanción. ¿Saben de canto? De 3 millóns de euros —¡así se axudou moito tamén o sector!—. Promoveron portos deportivos no canto de apoiar a creación de amarres para os barcos bateeiros. ¿Non lles soa iso? —ademais, aquí hai representantes da Illa—. Iso tamén forma parte da historia da xestión no Goberno do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia.

E, polo tanto, cando están na oposición veñen ao Parlamento cunha serie de iniciativas e peticións, e cando se lles dá cumprimento porque estamos de acordo con que hai que regular —que é un problema ao que nos enfrontamos, o da falta de mexilla e o regulamento dos dous sectores— veñen aquí dicir que o problema o xeramos nós e que nós vivimos no conflito.

Miren, imos seguir traballando con toda a responsabilidade, imos seguir apostando polo sector do mar. O Partido Popular fíxoo sempre. E a única intención que ten agora esta Xunta de Galicia e esta Consellería do Mar é arranxar este conflito —se é que o hai—, arranxar o problema e darlles futuro ao sector bateeiro e ao sector percebeiro. Vostedes só tiñan unha premisa de acordo para o sector miticultor e o sector marisqueiro, só tiñan unha premisa os dous: acabar con eles. Estiveron catro anos no Goberno e, por pouco máis —non só neste tema senón noutros temas relacionados co sector—, cárganse o sector por completo. Afortunadamente, como digo eu, os galegos souberon elixir e xa imos con catro maiorías absolutas consecutivas.

Pero, miren, non podemos calar ante acusacións e esas afirmacións que fan vostedes, señor Torrado, de que só buscamos conflitos. Aquí hai feitos. Eu hoxe lin unha serie de medidas, señora Pérez, que son os feitos, as accións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia. Na súa man e no seu voto está apoialas ou non apoialas. E sigan bla bla bla..., sigan falando, sigan acusando. Nós imos manternos onde estamos.

É impresentable que traian cinco iniciativas a este Parlamento para solicitar exactamente o que se fixo e que agora digan que xorde todo deste Grupo Parlamentario Popular. *(Murmurios.)* Polo tanto, hoxe imos cunha iniciativa que o que tenta é respaldar estas medidas que son, como digo, en cogobernanza e en diálogo co sector.

En canto ao Partido Socialista, propón unha emenda á que xa lle demos cumprimento, como digo. Volve repetir o mesmo que pediu nas outras PNL que xa aprobamos por unanimidade. A Consellería do Mar tivo máis de corenta reunións en todo este período coas confrarías e con todo o sector, con avances, propostas, e foron expostas todas e estivemos xa traballando con eles. ¿Que máis pide, señor Torrado? ¿Que quere modificar nesa emenda?

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis serio e máis voluntarioso que o que está facendo a Xunta de Galicia e a Consellería do Mar co sector bateeiro non o hai, así que non aceptamos a emenda e esperamos acadar, aínda así, a unanimidade de todo o Parlamento.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte Ferrol-San Cibrao.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e Popular.

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte Ferrol-San Cibrao.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Eduardo Ojea Arias, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para executar todos os orzamentos que ten propios e procedentes do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que se aceptou.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para executar todos os orzamentos que ten propios e procedentes do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións e abusos sexuais no ocio nocturno.

Hai unha transacción cun texto.

Pódenolo ler a señora Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, a transacción é a seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Abrir un proceso de diálogo con representantes do ocio nocturno no marco do Observatorio Galego da Violencia de Xénero para impulsar a elaboración, aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte a agresións sexuais. O protocolo deberá incluír —entre outras— actuacións en todos os ámbitos, incluídos o sanitario e o policial; así como formación e información específica dirixida ao persoal dos establecementos.

2. Publicar o protocolo e todo o material ligado a el —sinalética, fluxogramas, anexos— a través do portal *web* da Xunta de Galiza para garantir a súa difusión entre os establecementos e calquera persoa que a título individual o queira coñecer.»

O señor PRESIDENTE: Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións e abusos sexuais no ocio nocturno.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver os procesos selectivos das ofertas públicas de emprego dos exercicios 2018 e 2019.

Non hai emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver os procesos selectivos das ofertas públicas de emprego dos exercicios 2018 e 2019.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego fronte ás condutas adictivas.

Hai tamén unha proposta de transacción. ¿Coñécena os grupos? *(Pausa.)*

(O señor Torrado Quintela pide a palabra.)

¿Si, señor Torrado? *(Pausa.)*

Déanlle voz.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, como é unha transacción cunha emenda nosa, primeiro, estamos a gusto coa transacción. Pero como fusiona dúas emendas, preguntamos se podemos separar da transacción o último punto. Isto é o que lle pedimos.

O señor PRESIDENTE: ¿O punto 1?

O señor TORRADO QUINTELA: O último da transacción, porque fusiona unha emenda nosa.

O señor PRESIDENTE: ¿O 6? O de «cumprir o acordo parlamentario...» *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿O 6? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

(A señora Amigo Días pide a palabra.)

Déalle voz ao escano da señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: É unha proposta de transacción. Entón, ou a aceptan ou non a aceptan.

O señor PRESIDENTE: Non se acepta iso. Entón votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, vamos ver, se non se acepta a transacción, deberiamos votar o texto orixinal.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

(O señor Torrado Quintela pide a palabra.)

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, nós fixémolo con todo o ánimo de manter a cohesión do voto, porque aceptamos a transacción. Soamente pediamos separar o último punto porque a transacción fusiona dúas emendas. Pero, en todo caso, nós aceptámola, porque nós, coa vontade de propoñer e de mellorar a iniciativa orixinal, aceptámola. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptaa? Vale. O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tamén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non. ¿O BNG non? ¿Quen levou a do BNG? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E non a aceptas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero hai unha proposta de transacción. Votamos esa proposta de transacción co PSOE. *(Murmurios.)* Votamos a proposta de transacción co Grupo Parlamentario Socialista. *(Murmurios.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego fronte ás condutas adictivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Teresa Egerique, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de percebeiros e bateeiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei.

Continuamos co punto 5º da orde do día, interpelacións.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política en relación co impulso demográfico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Benvida, señora conselleira.

Hoxe imos falar dunha das cuestións que máis importan agora mesmo, dun dos desafíos máis importantes que ten a Comunidade Autónoma de Galicia. E quero empezar facendo unha introdución para que a xente entenda que existen lugares no mundo onde realmente é moi complicado vivir. De feito, hai algúns sitios nos que parece case imposible vivir por temperaturas extremas, por fenómenos meteorolóxicos adversos, etc. É o caso de Siberia, onde os seus habitantes teñen que vivir con temperaturas extremas de 20 graos baixo cero de media. É algo moi duro de soportar, como podemos entender, polo que a densidade poboacional é moi baixa. En concreto, a densidade poboacional en Siberia é de 3 habitantes por quilómetro cadrado. Pois ben, señorías, ¿saben que en Galicia existen zonas como Siberia? E non me refiro, evidentemente, a temperaturas, senón a densidade poboacional. A chamada «Siberia galega» atópase en lugares como Chandrexa de Queixa ou Vilariño de Conxo, con 2,8 habitantes por quilómetro cadrado, menos aínda que en Siberia.

O Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago indica que aproximadamente máis de 150.000 galegos e galegas deixaron Galicia nas últimas dúas décadas. Cando falamos de despoboación, o Goberno galego sempre fala de que é unha tendencia, de que acontece en toda España, tamén en Europa. E iso realmente a verdade é que é como unha política derrotista, como que isto lle pasa a todos os lugares e non hai nada que facer. Pero iso realmente non é unha verdade absoluta, porque os datos din que Galicia é das rexións con peores datos de despoboamento non só en España, senón incluso en Europa; en concreto, é a comunidade autónoma con peor saldo vexetativo de España.

E é realmente curioso cando falamos das rexións máis despoboadas de Europa ou doutros lugares do mundo con condicións extremas —como dicía antes— para vivir, como o caso de Siberia, Finlandia, etc., pero Galicia realmente non responde nunca só a esta circunstancia. Todo o contrario; de feito, Galicia obxectivamente é un lugar moi bo para vivir, con condicións historicamente óptimas para vivir, pero os datos demográficos en Galicia dinnos o contrario: cada vez son peores e deberan realmente condicionar a estratexia política dun goberno galego que só o fai de boquilla. É de boquilla porque —xa o advertimos dende o Grupo Parlamentario Socialista— que unha lei non comprometa partidas, que non comprometa accións claras e que estea baleira de contido só serve para facer márketing. Isto dixémolo cando se aprobou a lei, hai case dous anos, e podería ter credibilidade ou non, pero, claro, agora, tras case dous anos, vemos que os resultados realmente non responden á realidade ou á pretensión que se tiña con esta lei.

A verdade é que temos que felicitar o equipo de márketing desta lei que se fixo en canto á demografía en Galicia, porque só serviu para vender que se facía, mentres non se facía nada.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E nisto hai que recoñecerlle realmente ao PP de Galicia que saben facer ben o tema do márketing, xa que a xente, sen ler a norma e ver os titulares da Xunta de Galicia ata pode crer —ata nós podemos crer— que se está facendo un traballo polo reto demográfico, pero realmente non é así. O triste é que logo os datos e o peor saldo vexetativo de toda España cospen a realidade á cara de todos os galegos e galegas por culpa dunha desidia dun goberno que, aínda que leva máis dunha década no poder e que tería que ser veterano, non exerce, digamos, ese poder de poder cambiar as cousas. Porque Galicia ten o peor crecemento vexetativo en España de 2022, en concreto, hai máis de 20.000 defuncións máis que nacementos; ou sexa, a maior diferenza entre nacementos e defuncións de toda España, incluso por diante de territorios tan poboados como Andalucía ou a Comunidade Valenciana, por exemplo, o cal quere dicir que a tendencia realmente non é a mesma en toda España.

Galicia, neste caso, ten o peor dato vexetativo de España. ¿Por que acontece isto? ¿Acaso temos temperaturas extremas que limiten a vida como en Siberia? Pois non. ¿Acaso temos problemas de seca extrema ou fenómenos meteorolóxicos extremos? Pois tampouco, todo o contrario. A pregunta é: ¿por que Galicia ten os peores datos vexetativos cando somos unha terra cun bo clima, cunha altísima riqueza gastronómica e paisaxística, cultural, de tradición, terra fértil, cunhas universidades moi recoñecidas, con xente traballadora e de espírito emprendedor...? ¿Por que? Pois, evidentemente, porque o tipo de políticas que se fagan inflúe realmente, porque, aínda que sexa un problema que afecta moitos territorios, Galicia ten unha afectación significativamente peor que o resto. E temos que dilucidar os motivos para adaptar as políticas que fagamos en Galicia ás propias circunstancias que nos afectan, porque nos afecta, e moito, e afectaranos moito tamén. Por poñer un exemplo dos máis dramáticos, na miña provincia, en Ourense, xa son máis as persoas pensionistas que as cotizantes, e non hai que ser Einstein para saber que isto é totalmente insostible.

¿E que fai o Goberno galego ante estes datos tan preocupantes?, ¿reforzar a sanidade? Non, todo o contrario; recortar especialidades, amortizando prazas de sanitarios especialmente en hospitais comarcais e centros de saúde, saturando con iso os hospitais das cidades. ¿Incentivar a educación, especialmente no rural? Pois tampouco, todo o contrario, pechando escolas, como leva facendo toda esta lexislatura e nos últimos anos. ¿Apostar polas pequenas e medianas empresas, por exemplo, de explotacións agrogandeiras sostibles que intentan evitar os lumes, que traballan en ecolóxico, que cumpren coas directrices e coas recomendacións europeas? Non, todo o contrario, deixando fóra máis do oitenta por cento destas pequenas e medianas explotacións agrogandeiras das axudas económicas ás cales teñen dereito. ¿Facer un plan de vivenda potente, que incentive o reequilibrio territorial, facilitando de verdade o acceso de familias a vivendas accesibles do rural e no interior? Pois non, todo o contrario. De feito, Galicia ten máis de 340.000 vivendas baleiras, sendo a comunidade autónoma con maior porcentaxe de vivendas baleiras de España.

¿Apostan polo emprendemento no rural de verdade, dende o Goberno galego? Non, todo o contrario. Botan abaixo todas e cada unha das numerosas propostas que fixemos en canto a axudas para autónomos e pequenas e medianas empresas. ¿Apostan por políticas estratéxicas que incentiven a calidade laboral da xuventude, adaptando a oferta e a demanda na oferta laboral aos empregos, adaptando, por suposto, o talento asociado ao territorio? Pois non, todo o contrario. Galicia é das comunidades autónomas coa peor xestión en xuventude do

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

país. De feito, é en Galicia onde temos os peores datos de emancipación da xuventude de toda España. A nosa xuventude, traballe ou non, a maioría non se pode independizar no día de hoxe, polo que o único que lles queda é ou ter que depender dos seus pais e nais ou ter que marchar. E por iso a pirámide poboacional adelgaza no tramo de idade de 35 anos para baixo, porque se van. E iso non quere dicir que os galegos e galegas non teñan fillos, senón que os teñen fóra; non quere dicir que os galegos e galegas non sexan emprendedores, senón que emprenden e realizan a súa vida ou carreira laboral fóra, tal e como demostran os estudos publicados polo Foro Económico de Galicia. E xa se falamos do balance que inviste Galicia en formar universitarios que finalmente teñen que marchar fóra de Galicia por falta de oportunidades, diremos que o balance é tremendamente dramático e lamentable. Quedamos en números vermellos.

En definitiva, mentres Galicia tiña que ser a vangarda, tiña que ser pioneira das políticas da loita contra a despoboación, por estar significativamente máis afectada, acontece todo o contrario: moita propaganda, moito titular, unha lei sen compromiso, sen tan sequera un orzamento comprometido especificamente, pero, cando hai que apostar polo talento asociado ao territorio que incremente valor engadido aos nosos produtos, cando hai que apostar polo traballo de calidade, especialmente na xuventude, cando hai que apostar por políticas de vivenda potentes que blinden as familias, especialmente as máis afectadas pola crise, que os propios estudos indican que son as familias monomarentais, aquelas nais que ou queren ou teñen que criar os seus fillos e fillas soas, o Goberno galego goberna ao revés, facendo todo o contrario ao recomendado nos estudos sobre a materia por parte de, entre outras, persoas de recoñecido prestixio das nosas universidades que tratan de instruír, neste caso, as políticas que temos que levar a cabo para loitar polo reto demográfico.

Aprovéiteno e póñanse a traballar canto antes nesta materia, señora conselleira. Non podemos vivir resignados. As persoas que vivimos nas zonas máis afectadas polos datos demográficos non nos queremos resignar e non queremos ter un goberno galego que se resigne. E, de feito, agora mesmo unha persoa que viva en Vigo ou A Coruña desde hai uns anos, ao mellor non era consciente realmente deste problema porque son lugares que non teñen..., digamos, que son lugares onde se concentra a poboación galega, pero agora mesmo si que xa estamos a ver as consecuencias, porque as consecuencias de que a propia poboación se concentre nunhas cidades e se baleire no resto estámola a ver, por exemplo na sanidade; estamos a ver como se están recortando os servizos e como se están amortizando os propios profesionais sanitarios en lugares como hospitais comarcais, como pequenos centros de saúde, etc., cando realmente se están concentrando nas grandes cidades, e os propios cidadáns que viven nas grandes urbes xa están a sufrir e a padecer a saturación dos hospitais.

E, miren, o peor que pode facer un goberno é darse por vencido. Non o podemos facer, e non podemos ter unha política derrotista, porque iso non soluciona os problemas de demografía que temos en Galicia. Todo o contrario.

Miren, non hai nada imposible. Eu onte lía un titular marabilloso sobre o terceiro caso no mundo que logra curar do VIH. Iso demostra que é a forza, o tesón, a investigación, o non resignarse nunca, neste caso dos investigadores, o que logrou algo que hai vinte anos nos parecía totalmente imposible. A loita polo reto demográfico non pode ser unha utopía, non pode ser

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

algo que nos pareza imposible. A loita polo reto demográfico debe ser unha prioridade real, e o Goberno galego ten que liderala porque é a administración máis cercana á poboación, a que ten que coñecer cada territorio, cada pobo, cal é o talento que pode asociarse a cada territorio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...para poder aproveitalo economicamente e darlles unha vivenda con dignidade ás familias, economía e servizos para que poidan asentarse nos lugares máis despoboados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, señora Ortega, moi bos días.

Cando o reto demográfico non figuraba no programa de ningún partido político nin na axenda de ningunha administración, nin tan sequera no debate público, en Galicia comezaba a poñerse o foco na necesidade de impulsar medidas que freasen a perda de poboación e axudasen ao asentamento no rural.

O presidente Fraga falaba na década dos noventa de «avellentamento demográfico» e facía unha diagnose perfecta, sen paralelismos en ningunha outra comunidade.

O Goberno galego conseguiu nos últimos anos manter ese liderado ante o reto demográfico, e levamos esta cuestión á axenda nacional e á axenda europea. Aglutinamos varias comunidades autónomas coas nosas mesmas inquedanzas para procurar que esta cuestión se abordase dun único xeito posible: como un reto de país.

Ante a falta de resposta por parte do Goberno central nos últimos anos, Galicia emprendeu o seu propio camiño; emprendeu o seu propio camiño para atallar un reto que nos preocupa e ante o que non podemos quedar de brazos cruzados.

Froito dese empeño, conseguimos converternos, en xaneiro do ano 2021 —hai agora dous anos—, na primeira comunidade autónoma en aprobar unha lei de impulso demográfico de toda España; unha normativa que nos axuda a blindar as medidas en materia demográfica; unha normativa que lles dá seguridade ás familias e unha normativa que nos volveu situar como unha comunidade de referencia a nivel nacional.

Meses máis tarde foron os gobernos de Castela-A Mancha e de Estremadura —ambos os dous, como ben sabe, do Partido Socialista— os que aprobaron os seus propios textos. A

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

única diferenza é que eles si recibiron o apoio unánime do arco parlamentario. Por desgraza, aquí, en Galicia, non aconteceu o mesmo.

Señora Ortega, eu entendo que vostede non se alegre dos éxitos do Goberno galego, nin tan sequera agardo que amose un pouco de sentido de país ante un reto coma este. Pero o que realmente me preocupa é que non saiba recoñecer os beneficios de todas as medidas que a Xunta de Galicia puxo en marcha no marco da Lei de impulso demográfico. Son medidas valentes, son medidas pioneiras e son medidas efectivas.

A semana pasada tiven a oportunidade de asistir ao IV Congreso Nacional de Despoboamento e Reto Demográfico que se celebrou en Albacete. Alí puiden compartir con compañeiros doutras comunidades autónomas de distinta cor política as medidas que se están a implantar nos distintos territorios para facer fronte a esta situación.

Neste encontro nacional puiden comprobar como Galicia é, sen dúbida ningunha, a comunidade de referencia, a comunidade que leva a dianteira en materia demográfica e que é a primeira que impulsa medidas que despois son imitadas por outras comunidades autónomas. Porque nós sempre, dende o Goberno galego, falamos facendo, mentres que o seu Goberno central moito fala, pero nada fai. *(Aplausos.)*

A Lei de impulso demográfico é un exemplo claro. Coa súa aprobación Galicia puxo á disposición das familias medidas palpables que abordan esta cuestión do único xeito posible: dende a transversalidade. Esta lei permitiunos seguir creando servizos no rural para fomentar a igualdade de oportunidades entre territorios. Esta lei permitiunos afondar no retorno dos galegos da diáspora para que volvan a Galicia a formarse e a emprender.

Esta lei permitiunos darlles ás persoas maiores a liberdade de poder vivir onde eles queiran, sempre ben atendidos. Esta lei permitiunos darlle á mocidade novas oportunidades de emprego e de formación. Esta lei permitiunos garantir que as familias non teñan que decidir se coidar ou traballar. A Lei de impulso demográfico permítenos axudar as persoas que libremente deciden ter un fillo, para que non atopen ningún obstáculo no seu camiño. ¿Como o facemos? Facémolo a través da Tarxeta Benvida, que lles permite asumir os gastos básicos polo nacemento dun bebé. Levamos concedidas máis de 92.500 tarxetas e 196 millóns de euros investidos dende o ano 2016. Facémolo tamén a través do Bono Coidado, para sufragar a contratación dun servizo extraordinario de conciliación, como pode ser un campamento de verán. Quintuplicamos as familias beneficiadas no último ano; 4.900 bonos e un millón de euros investido. E facémolo, como non, a través dunha medida única en toda España, como é a gratuidade das escolas infantís, de todas, de absolutamente todas, para todos os fillos e para todos os pais. *(Aplausos.)* Máis de 31.000 familias galegas benefícianse desta medida histórica, grazas a 55 millóns de euros de investimento por parte da Xunta de Galicia.

É unha lei de impulso demográfico que nos permite tamén que as persoas que desexen vivir no rural o poidan facer sen ter que renunciar a nada, porque ese é, precisamente, o obxectivo que perseguen. Puxemos en marcha medidas como as casas niño e as casas do maior; recursos únicos en España que ofrecen 475 prazas de atención á infancia e 520 prazas de atención a maiores en concellos onde antes non existían recursos. Tamén medidas como o

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Programa de coidados porta a porta, que leva a atención gratuíta de podoloxía, de audioloxía e de estimulación da memoria por todos os concellos galegos. Nestes momentos máis de 35.000 persoas maiores foron atendidas en tan só un ano.

Mire, señora Ortega, imos continuar impulsando máis medidas; medidas como impostos cero no rural, que permite que 22.000 galegos non tributen nada por transmitir en solo rústico ou alugar inmobles no rural; medidas como Xantar na casa, que achega menús sans e menús equilibrados a todas as persoas maiores que viven soas; 14.000 menús semanais.

E, por suposto, señora Ortega, esta Lei de impulso demográfico permítenos fomentar que os galegos do exterior poidan volver á súa terra, poidan volver a Galicia, cun contrato de traballo na man. Facémolo cunha renovada Estratexia Retorna, que permitirá que 400 galegos no exterior volvan a Galicia cun contrato indefinido.

Debemos de lembrar tamén que, grazas ao saldo migratorio, Galicia conseguiu frear as previsións máis pesimistas de perda de poboación. Concretamente, no primeiro semestre do ano 2022, conseguimos gañar preto de dous mil habitantes, segundo os datos do INE. Estas son algunhas das medidas que dende a Xunta de Galicia vimos impulsando para atender unha problemática global e que repercute no noso Estado do benestar.

Agora, señora Ortega, permítame que eu lle pregunte a vostede: ¿que fixo o Goberno multipartito de Pedro Sánchez durante todo este tempo para facer fronte ao reto demográfico? Resposta: nada. ¿Que medidas reais e efectivas está a propoñer o Partido Socialista de Galicia? Resposta: ningunha. ¿E que están a facer outras comunidades autónomas gobernadas por distintos partidos políticos ante esta situación? Resposta: copiar a Galicia. *(Murmurios.)* Copiar a Galicia e traballar tamén ao noso carón para reclamarlle ao Goberno central un financiamento xusto, un financiamento que atenda a dispersión do noso territorio e que teña en consideración aquelas zonas que padecen un especial perigo. Pero, polo que eu sei, aínda nos toca esperar por ese financiamento xusto, porque a semana pasada a vicepresidenta Teresa Ribera xa asegurou que para tratar de financiamento vai haber que esperar a xaneiro do ano 2024.

Mire, señora Ortega, todas estas peticións foron, ademais, ratificadas por oito presidentes autonómicos de distinta cor política que se reuniron —se non recordo mal— en xaneiro e novembro do ano 2021. Reuníronse, ademais, aquí, precisamente, en Santiago de Compostela, para reclamarlle ao Goberno central que teña en conta esta perspectiva. Oito presidentes autonómicos aos que lles preocupa máis o benestar dos seus territorios que a permanencia no Goberno do señor Sánchez.

Pero, mire, sinceramente, eu teño a esperanza de que algún día consigamos lograr neste Parlamento de Galicia ese consenso e esa unanimidade que require un reto de futuro, un reto de país, como é o reto demográfico.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para a réplica, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Agora xa soubemos o titular que quixo dar hoxe a señora conselleira, esa medida estrela para o reto demográfico: ese Plan Retorna para eses 400 galegos e galegas privilexiados dos máis de 150.00 que residen no exterior. É máis fácil que lles toque o euromillón que que lles toque ese contrato en man, porque só 400... Non sei que plan...; é o miniplan Retorna. *(Aplausos.)* É mellor recomendarlles que xoguen á lotería, porque é máis fácil, que lles toque o euromillón, que que lles toque ese contrato na man que vai dar a Xunta de Galicia —e non sei con que criterios— a eses privilexiados, a eses pouquiños 400 privilexiados dos máis de 150.000 que están fóra.

Mire, señora conselleira, fala, como sempre, e critica que a culpa é do Goberno de España, que non dá fondos, que non axuda a Galicia, que non rescata o pobre Goberno galego, que non ten forma de traballar por si mesmo... Pero o certo é que Galicia —este é un dato que non poden dicir que é mentira— este ano, ou nos últimos anos, recibiu co Goberno de Pedro Sánchez máis fondos estatais e europeos que nunca. Iso é unha realidade que non poden negar, os números non menten. Entón, déixense de escusas de mal pagador, déixense de escusas como cando o neno chega da escola á casa dicindo que suspendeu por culpa de que o profesor lle ten manía. Non, miren, asuman as súas responsabilidades. O Plan demográfico, o reto demográfico que ten Galicia, non o pode coñecer ninguén mellor que o Goberno galego, e aquí temos as partidas, aquí temos as competencias máis importantes. Non podemos estar todo o día chorando e pedíndolles a outras administracións, sen facer o noso traballo, porque pregúntate que podes facer ti polo teu país.

E lembro un lema de tráfico que dicía nas súas campañas, para conducir con cero alcohol: «Non podemos conducir por ti». Isto é o mesmo, señora conselleira. Non sigan chorando e pedindo ao Goberno central, que precisamente é o que máis fondos lle deu nunca; non poden seguir con iso, porque non podemos gobernar por ti, teñen que gobernar vostedes dentro das súas competencias, que son moitas.

Porque o certo é que, por moito que choren, por moito que digan que a culpa é do Goberno central, Galicia padece o peor saldo vexetativo dende que hai rexistros. Esta é a nota que saca o Goberno galego en materia demográfica, señora conselleira. Non neguen a realidade, porque os galegos e galegas non son parvos, sobre todo os que vivimos a realidade dende dentro, nas provincias do interior, no rural. Aí sabemos perfectamente o que está sucedendo. É moi triste ver como marchan as últimas persoas dos pobos; é moi triste ver que con esas persoas que se van desaparece cultura, desaparece tradición e desaparece —moitísimo— un valor incalculable: a vida deses pobos, as tradicións, a propia cultura galega. Xa non é un tema dos números en si da perda poboacional, é a cultura e o sentimento de pertenza a unha terra que se perde cando se vai o último habitante dun pobo en Galicia. É moi triste que vostedes neguen esa realidade; como foron negacionistas tamén da realidade, da fuxida de talento que tivemos a miña xeración en concreto; unha xeración completa de xuventude que tivo que marchar por falta de oportunidades, e que aquí, neste Parlamento, deputadas e deputados do Partido Popular negaron sen ningún tipo de vergoña. E iso non se pode negar.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pódese negar aquí, pero non se lles pode negar aos centos e miles de pais e nais que tiveron que facer moitísimo esforzo para que os seus fillos e fillas estudasen unha carreira —o que eles non puideron facer—. É triste ver como tiveron que facer unha maleta, abandonar o seu país e abandonar Galicia para ir a outras comunidades autónomas e a outros países por falta de oportunidades laborais.

Porque Galicia é a comunidade autónoma que peor trata a xuventude de todo o país, señora conselleira, e vostede si que é responsable deste departamento. Pero non só vostede é responsable. Vostede está aquí dando a cara, neste caso, polo reto demográfico, pero isto tócalle a todo o Goberno, e aquí está baleiro, todas as sillas que tiñan que estar ocupadas polos conselleiros e conselleiras e polo propio presidente da Xunta, nun dos desafíos máis importantes para Galicia, están baleiras. Señora conselleira, hoxe eu fágolle a interpelación a vostede, pero vostede sería a que tería que interpelar realmente o conselleiro do Rural, por castigar os agrogandeiros e non darlles as axudas que precisan, porque iso é fomentar e loitar a favor do reto demográfico; tiña que interpelar a conselleira de Emprego. ¿Onde están os incentivos para as empresas e o emprendemento do rural? Tiña que interpelarse vostede tamén a si mesma como conselleira de Xuventude, porque non fixo nada pola xuventude nos últimos anos. *(Murmurios.)*

Vostede non é novata, repite por segunda vez. Este goberno non é novato, leva catorce anos. O presidente da Xunta era o número 2 do anterior presidente da Xunta. Non viñeron antonte, levan catorce anos gobernando. ¿Por que temos os peores datos demográficos de toda España? ¡Por algo será! Realmente inflúen as políticas que se fagan. *(Aplausos.)* Non poden negar esta realidade. Teñen que espertar.

E sobre todo debera de interpelar vostede, señora conselleira, o propio presidente da Xunta por non ser capaz de liderar —a este presidente da Xunta e ao anterior, o señor Feijóo— a loita polo reto demográfico na comunidade autónoma peor parada neste asunto, co peor saldo vexetativo —repito— de toda España. Porque, como el mesmo lle dixo hoxe, en sede parlamentaria, ao noso portavoz —con certa prepotencia, por certo, que non debera ter nestes asuntos—: se non sabe traballar, polo menos non estorbe, señora conselleira. E, repito, isto díxoo el, e repítollo eu neste tema, porque vostedes levan catorce anos e temos os peores datos de toda España. Se non saben, polo menos non estorben. O que tiñan que facer é traballar con humildade, tratar as propostas que fai esta Cámara representativa de todos os galegos —que non soamente representan vostedes os galegos—...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...non desprezala e acollela, porque aquí se fixeron moitísimas propostas e se seguen a facer polo reto demográfico que se desprezan e se votan continuamente en negativo nesta Cámara parlamentaria, que vergoña lles tiña que dar.

Póñanse a traballar e deixen de chorar e de dicir que é culpa do resto das administracións cando reciben máis fondos que nunca.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Peche da interpelación, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, señor presidente.

Señora Ortega, se o reto demográfico fora unha cuestión fácil, doada de solucionar, xa a tería completamente por desaparecida a nivel político de calquera goberno autonómico, de calquera goberno nacional e europeo dende hai ben de tempo. Pero tamén lle digo, señora deputada, que a baixa natalidade e o despoboamento son unha situación complexa. É unha situación plural nas súas causas e tamén plural nas súas consecuencias, e é unha cuestión que hai que analizar con perspectiva.

En Galicia estamos actuando e estamos liderando ademais a acción fronte ao reto demográfico, e estámolo facendo con medidas pioneiras, medidas coas que Galicia é unha referencia clara a nivel nacional. E, ademais, medidas que xa nos están a preguntar doutras moitas comunidades autónomas como facemos para que as medidas xa dean os seus froitos e xa teñan resultados palpables na nosa comunidade.

Pero, con todo, temos moi claro que as administracións debemos de actuar de forma coordinada, de forma dialogada e de forma conxunta. É necesario que escoitemos os distintos partidos políticos, que nos escoitemos entre territorios e tamén que escoitemos as distintas administracións para chegar a acordos; acordos que nos benefician a todas e que consigan dunha vez por todas facer fronte a esta situación.

Señora Ortega, vostede mestura churras con meiriñas. Vostede di que por que non somos aquí Valencia e Andalucía, por que non temos os datos que teñen elas. Pero, ¿vostede sabe que Valencia ou Andalucía son comunidades receptores de inmigración?, ¿que o contexto de Galicia é moi distinto a esas comunidades?

Vostede tamén di que o peor saldo vexetativo de España é Galicia. Non, vostede falta á verdade, ou equivócase, ou mente. O peor saldo vexetativo de España é Asturias, gobernada polo Partido Socialista, ¡mire vostede por onde! E ademais di que Galicia perde poboación. Non, Galicia gaña poboación, setenta mil persoas que gañamos nos últimos dez anos grazas ás migracións, señora Ortega. É falso, polo tanto, que perdamos poboación pola emigración.

Señora Ortega, eu non choro, eu traballo. E levo durante todo este tempo traballando para darlles unha mellor calidade de vida a todos os galegos, para tratar de frear e facer fronte a ese reto demográfico. Fixémolo en solitario con esa Lei de impulso demográfico, que por moito que traballamos da man do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, vostedes votaron non.

Imos seguir traballando para darlles máis beneficios ás familias; medidas históricas, como é a gratuidade na educación infantil, na que Galicia é a única comunidade a nivel nacional que pon en marcha unha medida sen complexos deste calibre, apoiando sen condicións todas

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as familias, teñan a renda que teñan e teñan os fillos que teñan. *(Aplausos.)* Imos seguir axudando as familias numerosas; *(Aplausos.)* si, aquelas que teñen fillos que necesitan do noso apoio, para seguir coidando os máis pequenos de Galicia. Imos seguir dándolles máis bonos Coidado para que poidan contratar eses campamentos de verán. Imos seguir impulsando máis casas niño e máis casas do maior, para que os pequenos e os maiores estean ben atendidos no rural galego.

E, por suposto, imos seguir poñendo en marcha máis medidas destinadas ás persoas maiores: autobús de coidados porta a porta; servizos gratuítos de podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria —trinta e cinco mil galegos que se levan beneficiado en tan só un ano—; e medidas como Xantar na casa, Comida sa e equilibrada.

Dígame vostede unha soa comunidade autónoma a nivel nacional que teña as medidas que ten Galicia para nenos ou para maiores. Estou aquí, señora Ortega, e espero dende logo a súa resposta.

Vostede fala de que nós estamos aquí e que levamos moitos anos gobernando. Si, claro que si. Nós estamos aquí e vostedes están aí. ¿E saben por que? Porque os galegos votan as medidas que pon en marcha a Xunta de Galicia. E por iso, convocatoria tras convocatoria electoral, dannos o seu apoio e dannos a súa confianza porque lles gusta ver como o seu goberno traballa pola xente, traballa polos nenos, traballa polos xoves e traballa polas persoas maiores.

E precisamente ese presidente da Xunta de Galicia que traballou tantos anos para poñer en marcha todas estas medidas e que deixou unha comunidade como é a de agora será, sen dúbida ningunha, o próximo presidente do goberno, señora Ortega.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de Dª Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o fomento da lingua galega

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día, case tarde, a todos e a todas.

Bo día, conselleiro.

Ben, un 7,6 por cento dos e das menores de vinte anos galegas e galegos afirman non poder falar nada de castelán, e o outro 21,7 por cento di que o fala con dificultade. Un 15,4 por cento de mozos e mozas non son capaces de escribir en castelán, e o outro 17,4 por cento di que o fai con dificultade. Apenas o trinta e cinco por cento dos mozos e mozas empregan o castelán sempre ou frecuentemente coa súa familia, e a porcentaxe cae ao trinta e un por

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cento coas súas amizades. Unha de cada catro menores galegas de quince anos non sabe falar castelán. Alerta lingüística en Galicia: «*Los niños y jóvenes pierden el castellano*». Só o 0,6 por cento dos xoguetes en Galiza están en castelán, só o oito por cento das aulas de educación infantil nas cidades galegas se dan en castelán. Só o catro por cento das canles de televisión están en castelán. Só o un por cento dos seguros que se fan en Galiza se fan en castelán. Só o cinco por cento das sentenzas xudiciais que se fan en Galiza se fan en castelán.

Creo que xa o dixo o señor Balseiro: imposible, dá ao revés. Claro, isto sería un escándalo se fose verdade, pero a cousa cambia cando se fala do galego; porque aquí estes titulares e estes datos que dei son todos verdade, son todos unha realidade, só que cambiei «castelán» por «galego». *(Aplausos.) (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Pazos, eu xa sei que o uso do galego lle dá un pouco igual.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CASTRO GARCÍA: Ben, que a xente non fale galego en Galiza causa risa; pero iso, non pasa nada, imos seguir e xa chegaremos nós.

Ben, o problema é máis gordo do que parece. Evidentemente, se isto ocorrese co castelán habería grandes titulares e saltarían ás rúas; pero como isto ocorre co galego o problema diminúe. O problema é moi gordo porque creo que estamos ante unha situación bastante única, que o Goberno galego debe ser o único do mundo que cando aparecen os datos de todo tipo é o único ao que lle parece ben ou que, polo menos, non lle importa moito que a lingua do seu país deixe de falarse. *(Aplausos.)*

E non o di o Bloque, non o di o BNG nada máis. Porque cando o Consello de Europa lles di que o Decreto do plurilingüismo é negativo; cando o Consello da Cultura Galega lles di que o ensino do Partido Popular desgaleguiza; cando a Real Academia Galega, xusto onte, di que a Xunta ten que diminuír a presión desgaleguizadora no ámbito educativo. ¡Imaxínense que a RAE dixese algo como que *las políticas de Pedro Sánchez causan la pérdida de hablantes españoles.* ¡Mi madriña o que dirían! Pois isto estállelo dicindo a RAG, que as súas políticas fan que perdamos galegofalantes.

Cando todos os partidos, salvo Vox, lles din que as súas políticas desgaleguizan; cando todos os sindicatos estiveron e están en contra do seu decretazo; cando todas as asociacións pedagóxicas en defensa da lingua demostran os efectos desgaleguizadores das súas políticas; cando a Valedoría do Pobo ano tras ano no seu informe lles di que a inmensísima cantidade das queixas por vulneración dos dereitos lingüísticos son cara ao galego; cando todos os informes do INE e do IGE lles amosan os efectos desgaleguizadores das súas políticas; cando os estudos científicos e das universidades fan o mesmo. En definitiva, cando lemos por primeira vez e hai ben pouco que por primeira vez na historia o castelán é o idioma máis usado en Galiza, cando ocorre todo isto, vostedes non cambian nada, seguen igual e non fan nada novo. Porque por non facer non fan nin as avaliacións que están obrigados por lei a facer.

Porque sería moi fácil como que logo na súa quenda, señor conselleiro, nos dixese cales son os resultados do traballo feito, ¿que avaliación fan do traballo feito?, ¿que avaliación fan do

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Decreto do plurilingüismo trece anos despois?, ¿que avaliación fan do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022?, ¿que avaliación fan do Plan de dinamización da lingua no tecido socioeconómico 2016-2020?

Non fixeron nada, ou sexa, non os fixeron porque lles dá igual, porque se lles importase un mínimo cando lles din todo isto —o que lles acabo de dicir agora— pois polo menos reaccionarían orzamentariamente, por poñerlle un termo. E o único que houbo aquí foron oitocentos mil euros máis, que fan que non se chegue nin á metade do que supuña o orzamento para Política Lingüística no Bipartito, con eses oitocentos mil euros máis ante todos estes datos.

Non fan, e por non facer non fan nin deixan facer. Porque cada vez que vimos aquí con iniciativas que o único que falan é de poñernos a debater sobre como podemos cambiar este modelo que xa se demostrou que foi errado, vostedes votan sempre que non. E fano por ideoloxía, porque vostedes teñen ideoloxía e téñena moi clara por moito que fuxan dela sempre. E fano por sectarismo, *(Aplausos.)* ao igual que o fixeron ademais en 2010 cando lles tombaban un decreto tras outro. Igual que o fixeron en 2010 cando había un consenso de toda a sociedade galega. Vostedes fano por sectarismo e van sós, e vólveno facer agora.

Non fan nin deixan facer porque cando non avalían os seus plans, e a ciencia di que fallaron, vostedes din que é falso que viven —non sei onde vivimos—..., vostedes din que é falso e encima non permiten que poidamos debater sobre como cambialo.

Non fan nin deixan facer porque propuxemos unha decena de veces que a comunidade socioeducativa viñese a este Parlamento ofrecer unha nova e consensuada proposta de bases para a normalización do ensino en Galicia, cada quince días unha vez tras outra, e Comisión 4ª tras Comisión 4ª, vostedes dixeron que non, non permitiron que a xente viñese aquí comparecer e ofrecer ideas.

Non fan nin deixan facer porque non cren nisto, non cren na liberdade, soamente cren no privilexio; porque para que haxa liberdade ten que haber igualdade. *(Aplausos.)* Vostedes falan sempre de liberdade, e non pode haber liberdade se non hai igualdade de condicións. Porque se agora un rapaz ou unha rapaza quere vivir as súas vinte e catro horas do día, os seus trescentos sesenta e cinco días do ano en castelán en Galiza pode facelo, e iso é moi bo e iso é marabilloso. Pero se un rapaz ou unha rapaza quere pasar as vinte e catro horas do día, os trescentos sesenta e cinco días do ano en galego, non pode facelo. E iso non é igualdade. E sen esta igualdade non pode haber a liberdade que vostedes tanto predican e na que non cren. E isto non é unha opinión, son os datos.

Non cren ademais na liberdade lingüística nin no plurilingüismo. Non cren no plurilingüismo, ou polo menos os resultados así o amosan, porque as análises que non fan vostedes logo chegan o que fan as universidades e din e saen titulares como: «*Los jóvenes gallegos tienen el peor nivel en inglés en España, el 74 % no entiende nada*». Nin liberdade, nin plurilingüismo, nin galego, nin inglés. *(Aplausos.)* Ignorancia é o que quedou. *(Aplausos.)* ¡É o que quedou! Camiño da ignorancia.

É certo que agora, sobre todo co paso dos anos, sobre todo a partir do 2010, non agardabamos moito porque ante un Partido Popular que di que o galego non é para o verán, como ocorreu

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en Baiona, que fai campañas en castelán incumprindo a lei —xa non imos entrar no contido das campañas porque teriamos para outra iniciativa—, ¿que imos agardar dese Partido Popular que, ademais, cando sae das fronteiras de Galiza quita a careta e xa vai co seu discurso máis ultra a respecto da lingua? Un Partido Popular ademais que vota en contra de iniciativas como que nas demais institucións do Estado se poidan utilizar as linguas oficiais do Estado? A vostedes non lles parece ben que poidamos utilizar o galego no Congreso ou no Senado, ¿por que?, ¿que malo ten iso? Poderían responder despois.

Pero, ao final, podemos agardar pouco dun Partido Popular cuxo presidente, agora da Xunta, acudiu, e se volvese ocorrer acudiría, a manifestacións directamente en contra do galego. *(Aplausos.)* Como fixo hai xa anos e da man e collidiño da man de toda a ultradereita do Estado español. Esa foto aínda segue aí.

En definitiva, están bastante sós no que ten que ver co consenso a respecto da lingua. Van nunha autovía en dirección contraria camiño da ignorancia, van en contra de Europa, dos órganos estatutarios da Xunta, da Real Academia Galega, do INE, do IGE, da ciencia, incluso das matemáticas. E se non é así, e todo o mundo está equivocado salvo o Partido Popular, ¿cales son os resultados?, *¿cuáles son los resultados?, what are the results?* Versión plurilingüe.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bos días, señor presidente, señorías.

Señor Castro, creo que vostede incorre nunha especie de pecado de exaxeración, porque dá a sensación despois de escoitalo a vostede que eu todas as mañás me levanto e vou chamar aos centros educativos para dicir que imos desgaleguizar e que non lles falen en galego aos nenos. Despois de escoitalo a vostede dá esa sensación.

Ben, certamente, temos unha percepción ben diferente do que é a realidade social, do que é a realidade sociolingüística e, por suposto, do que é Galicia. E creo que iso non é malo en si mesmo, pero tamén vostede entra nunha certa soberbia intelectual cando fala de que estamos sós, de que o Partido Popular está só. Ben, pois mire: temos maioría absoluta dende hai moitos anos, ¿non? Non debería dicir que estamos sós, pois eu véxoos a vostedes bastante máis sós, ¡eh!, pero bastante máis ano tras ano. *(Aplausos.)*

E vostede na iniciativa fala de recursos e fala de diñeiro. Eu creo que máis que os recursos dispoñibles, que, por suposto, sempre son necesarios, o que hai que ter nun ámbito tan sensible como este é saber cal é a percepción ou entender o que quere a maioría dos galegos e das galegas.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Creo que todos entendemos e todos partimos da base de que a lingua é unha riqueza. Ter dúas linguas en Galicia é unha auténtica riqueza e tamén é certo que deberiamos sacar a lingua das loitas políticas curtopracistas ou interesadas. *(Murmurios.)* Porque gústelles ou non lles guste a vostedes, aos señores do BNG, hai anos os galegos levan moitos anos e moitos procesos electorais encomendándonos a un goberno do Partido Popular a tarefa, non sinxela, de ter unha política lingüística que fuxa da confrontación e que defenda a convivencia das dúas linguas cooficiais. Vímolo facendo dende sempre, porque o que non se pode negar é que Galicia é unha comunidade autónoma bilingüe, onde a inmensa maioría da poboación, a inmensísima maioría da poboación deste país fala, entende, le e escribe nas dúas linguas. E iso é o que nos di o IGE e o que nos di o INE; o que nos din as estatísticas é o que nos di a realidade, basta só con saír á rúa.

E non se engane, pois para este goberno o fomento da lingua galega é unha prioridade, non hai ningún tipo de dúbida. Agora si, nós non temos unha prioridade excluínte como a que plantexan vostedes, como a que soen plantexar vostedes desde o punto de vista político, e máis en clave de confrontación de branco ou negro. Nós entendemos que ter dúas linguas é tremendamente positivo, é unha riqueza, e sempre apostamos pola convivencia, polo respecto, pola tolerancia e pola liberdade.

Aquí, señoría, non hai imposicións lingüísticas. En Galicia non hai imposicións lingüísticas, en Galicia non se persegue a ninguén por falar nunha lingua ou noutra. Creo que somos un modelo absolutamente de convivencia. E nós pensamos que unha lingua gaña falantes cando atrae os falantes por convicción, por atracción e non por obrigación. Vostedes pensan que non. É a súa forma de velo, lícita, e forma parte da súa ideoloxía. Nós temos outra diferente. A verdade é que dende o ámbito nacionalista sempre se plantexa como se o galego só puidera ser defendido segundo a súa forma de ver e interpretar a lingua galega. Nós entendemos que a súa visión en certa medida é case asfixiante e ten unha visión excluínte.

O que está claro é que Galicia non quere a inmersión lingüística monolingüe que desexa o BNG ou que lle gustaría implementar ao BNG, e que no fondo é copiar o que se fai noutras áreas onde gobernan os nacionalistas. Vostede sabe perfectamente que Galicia non é Cataluña. Nós temos unha forma moi diferente de entender a convivencia lingüística. Nós non somos Cataluña. Vostedes intentan copiar ese modelo e extrapolalo para Galicia.

Nós o que temos que facer, e levámolo facendo dende hai tempo, é traballar en positivo. E podía estar aquí enumerando unha serie de cuestións ao longo dos últimos anos do que se fai en positivo sobre a lingua, como a posta en marcha da Rede de dinamización lingüística, os programas de dinamización Axóuxeres, Redes en galego, 21 días co galego; unha actividade constante. Onte mesmo conmemorouse o Día da Lingua Materna, mañá o Día de Rosalía de Castro, nesta semana imos presentar a programación das Letras Galegas, de Paco del Riego.

O ensino galego promove o equilibrio lingüístico. A cerna é promover o equilibrio lingüístico e que ambas as linguas sexan vehiculares. E hai resultados. ¿E cal é o resultado estatístico e social do Decreto de plurilingüismo, que vostedes levan máis de dez anos intentando cambialo? É que os alumnos galegos son os que teñen un maior nivel de coñecemento, de destrezas e de habilidades que calquera outro alumno dunha comunidade autónoma con lingua

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cooficial. Eses son datos estatísticos do IGE e datos estatísticos do INE. Os alumnos galegos son os que teñen o mellor nivel de coñecemento, destrezas, habilidades e competencias no eido das linguas cooficiais.

Temos tamén unha liña aberta ao mundo internacional, á internacionalización da nosa lingua, á aposta pola lusofonía, á aposta por ter lectorados en universidades de todo o mundo, trinta en concreto; o desenvolvemento da Lei Paz Andrade apoiando iniciativas con recoñecemento internacional na UNESCO, recentemente Ponte... nas Ondas!, ou o traballo que estamos a facer co Instituto Camões de Portugal para darlles unha vantaxe competitiva aos nosos alumnos, aos mozos e ás mozas galegos, que van acreditar o coñecemento de portugués cun acordo que imos asinar co Camões.

En definitiva, nós o que queremos é defender e promocionar a lingua galega cun enfoque integral e cun enfoque en positivo, apostar pola convivencia e, por suposto, polo uso en liberdade das nosas linguas.

Cando vostede fala do decreto —é xa un tópico do Bloque Nacionalista—, sempre fala de que non temos ou que se lle dá unha menor categoría ao galego respecto do castelán. É mentira. Hai o mesmo status en equilibrio para unha lingua e para a outra. Sempre se busca o equilibrio. E o que si garante o decreto e o que si garante o sistema educativo, o que si garante a administración é que o coñecemento nas competencias lectoras, orais ou escritas dos alumnos galegos están garantidas. E son as mellores do conxunto de España naquelas comunidades autónomas onde existen linguas cooficiais.

Outra cousa é o uso. Temos que incrementar o uso. E témolo que incrementar igual que noutras comunidades autónomas fundamentalmente nuns colectivos específicos, por exemplo, nos xoves. Aí si podemos estar preocupados. Agora, non se pode dicir que non hai e que o sistema educativo non cumpre o seu cometido, que é garantir os coñecementos, destrezas e habilidades. O uso obviamente debemos reforzalo. Debemos tamén afrontar retos que temos encima da mesa. Por exemplo, todo o que ten que ver co uso tecnolóxico das linguas. E aí temos un traballo significativo. Estamos cun proxecto que pensamos que é un proxecto importante para o país, que é o proxecto Nós, que é un dos principais retos de futuro.

Temos, en definitiva, unha liña de traballo onde buscamos dalgún xeito potenciar e defender a nosa lingua, o galego. Pero sempre baixo un prisma de liberdade, de uso das persoas e de coñecemento pleno das persoas. E nunca tivemos un nivel de coñecemento, destrezas e competencias tan alto como o que temos neste momento, segundo din todas as estatísticas, todos os informes oficiais. Outra cousa é que vostede aquí fale de uso e mesture competencias con uso. Ese é un debate ben diferente, porque aí entramos na liberdade das persoas de usar libremente unha lingua ou outra.

E, señoría, tamén lle digo que temos que respectar o marco, un marco que se aprobou por consenso e que está definido moi claramente polas normas fundamentais que nos permiten organizarnos como sociedade: a Constitución, por un lado, e o Estatuto de autonomía, por outro. E eu xa sei que o Estatuto de autonomía a vostedes non lles di nada; ao revés, nunca o apoiaron. Pero temos tamén dous elementos básicos do marco lingüístico: o Plan de nor-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

malización lingüística e a Lei de normalización lingüística, que foron aprobados por consenso. E aquí nestes dous instrumentos fundamentais, como son a lei e o plan, non se fala en ningún caso de imposición, non se fala en ningún caso de monolingüismo. Non sabemos que lle pasou ao nacionalismo para cambiar dende hai uns anos ata hoxe e centrarse e tirar directamente cara ao monolingüismo.

Fala vostede dos datos. Eu deille os datos tanto do INE como do IGE. ¿Que nos din estes datos? Que a inmensísima, a amplísima maioría da poboación é quen de entender, falar, ler e escribir en galego. Os datos do INE confirman que o coñecemento do galego está garantido cos niveis máis altos acadados nunca. O noventa e nove por cento, fíxese no dato: o noventa e nove por cento da poboación entende o galego en Galicia. Un dato que non é nada menor, sobre todo se o comparamos co coñecemento doutras linguas cooficiais no conxunto de España. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E o que sucede é que non estamos ante unha cuestión de coñecemento, que é o que ten que preocupar á administración, senón ante unha cuestión de uso, especialmente entre os máis novos. E creo que esta é unha tendencia xeral que existe.

Nós entendemos que o uso é unha decisión individual das persoas. As administracións temos a obriga de estimulalo, non de obrigalo. Hai unha diferenza moi substancial entre estimular e obrigar. Temos que, por suposto, ampliar os espazos de socialización e temos que seguir sendo o que somos: un exemplo de convivencia lingüística, temos dúas linguas, dous idiomas, coñecemos os dous, conviven en absoluta cordialidade, e a maiores temos tamén a sorte de ter unha porta aberta ao conxunto da lusofonía.

Por certo, cando vostede fala dos datos de inglés fala só dos datos do INE, e os datos do INE se os comparamos cun informe internacional que saíu publicado uns días antes son xusto ao revés. Nese informe sitúase a Galicia como a comunidade autónoma de España con mellor nivel de inglés.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Non sei quen se equivoca, se o INE ou se equivoca este informe. Pero hai unha cousa curiosa: as tres comunidades autónomas con linguas cooficiais, País Vasco, Cataluña e Galicia, neste informe internacional aparecemos as primeiras en nivel de coñecemento de inglés. E aquí aparecemos as tres no último lugar. Ben, é unha cuestión que está baseada nas estatísticas e nas enquisas que deron lugar ao informe do INE, mentres que este informe internacional fai unha avaliación obxectiva do que estamos a dicir.

En todo caso —e xa remato, señor presidente—, garantido o coñecemento, as competencias, as destrezas, as habilidades, o uso é unha responsabilidade individual, nós así o entendemos, de cada persoa, de cada individuo. Nós como administración o que debemos é garantir que calquera poida usar o galego en calquera circunstancia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...nas tecnoloxías, na mocidade, no traballo, na familia,

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

onde queira. Pero —insisto— creo que non debemos ter unha visión exclusivamente centrada nunha das linguas cooficiais e non nas dúas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): É certo que dende a perspectiva nacionalista vostedes o ven así. Afortunadamente, para o conxunto de Galicia a maior parte das persoas veno doutro xeito e apoian aquelas políticas lingüísticas...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que teñen un carácter aberto,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...flexible e que sempre defenden a liberdade das persoas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Señor conselleiro, a min se fose conselleiro de Educación daríame un pouco de vergonza ter aquí dez minutos para falar das miñas políticas lingüísticas durante trece anos e dicir isto, *(Aplausos.)* ou sexa que o que conseguiu foi isto: que somos das comunidades autónomas bilingües os que aínda máis coñecemento teñen. ¿Pero que din todas as enquisas desde que chegaron vostedes ao goberno e aplicaron o seu decretazo? Que imos baixando. Dino todas. E logo, ademais, quen confunde competencia e uso é vostede, dígollo claramente. Competencia: un 7,6 por cento dos e das menores de vinte anos afirma non poder falar nada de galego e outro 21,7 por cento di que o fala con dificultade. Un 15,4 por cento de mozos e mozas non son capaces de escribir en galego e outro 17,4 por cento faino con dificultade, o INE. O INE debe ser agora o socialcomunista ou nacionalista sabe deus que, non o sei.

E, por certo, en canto a que se persiga estou por preguntarlles a profesores e profesoras de Matemáticas que lles pasou por intentar dar as súas aulas en galego. *(Aplausos.)* ¿Ou non se perseguiu a profesores e profesoras de Matemáticas en Galiza que tiveron a salvaxe e radical idea de dar as súas aulas en galego, como, por exemplo, na Pontenova? Terrible pecado; terrible, terrible pecado.

E vostede o que veu dicir hoxe aquí é que dous máis dous non son catro. E que todo mundo está equivocado, ou sexa, ratificándonos. Hoxe mesmo dixo que —estiven atendendo na ce-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lebración do acto do Parlamento no Día de Rosalía— que o galego acadou nestes momentos as mellores porcentaxes de uso históricas, do uso do galego. Pero estanlle a dicir que non, ano tras ano, enquisa tras enquisa. Será o INE que mente, ¿non? Ademais, son tan conscientes, porque no fondo sei que o son, de que as súas políticas xa comezaron a ter os seus efectos negativos que neste Parlamento chegamos a vivir situacións algo estrañas —vou poñer iso canto menos—, como que o secretario xeral de Política Lingüística se inventase un novo termo, que é que calquera persoa que fale galego nalgún contexto algunha vez na súa vida pasa a ser galegofalante. Ou sexa, xa se están apertando as torcas para retorcer e que lles dean as contas. Se empezamos a retorcer todo isto así, ao mellor pódenlles dar os datos.

Vostede é conselleiro de Educación e, polo tanto, vai a moitas escolas e institutos, e iso é marabilloso. Vostede, ¿escoita os nenos e as nenas xogar?, ¿escoita os rapaces e rapazas interactuar entre eles nos institutos?, ¿ve como escriben os wasaps?, ¿en que idioma o fan? Desgraciadamente, ¿en que idioma o fan?

¿Vostede sabe do estudo da Universidade de Vigo que di que o noventa e cinco por cento dos mozos da xeración Z usa o castelán soamente ou máis o castelán que o galego? A Universidade de Vigo tamén é agora do BNG; un demo que vai contra o Partido Popular e a Xunta.

Temos unha clara realidade que é a que se constatou: trece anos de política lingüística do Partido Popular conlevaron perda de falantes, perda de competencia e perda de uso, e que por primeira vez na historia deste país ou no que como lle queiran chamar, nestas fronteiras, neste territorio, se fale máis castelán que galego. Iso foi ao que levaron as súas políticas.

E no BNG non imos permitir que siga ocorrendo isto, porque cremos no noso país, na súa lingua, na súa xente que fale galego, castelán, portugués, vasco, bantú, o que lle dea a gana. Aquí quen mostrou a súa obsesión con Cataluña é vostede. Eu non falei de Cataluña en ningún momento, e vostede ten a Cataluña e o catalán na boca constantemente. Eu non falei de monolingüismo, eu falo de plurilingüismo. Eu quero unha Galiza plurilingüe desde o galego, co coñecemento asegurado do galego. *(Aplausos.)* ¡Por suposto! Que parece que promovemos os discursos de morte á intelixencia aquí. Queremos o coñecemento do galego e de cantas máis linguas mellor. Se podemos ser como Luxemburgo, que teñen asegurado catro linguas xa de por si na media de falantes, mellor, pero desde o galego, porque estamos en Galiza e o galego é o idioma propio deste país, comunidade autónoma ou o que lle queiran chamar. *(Aplausos.)*

E unha mostra de que cremos no plurilingüismo foi a Lei Paz Andrade. E unha mostra de que vostedes non cren no plurilingüismo é a aplicación que están facendo da Lei Paz Andrade. ¿Cales foron os últimos resultados? Creo que non foron nada bos, desgraciadamente. ¿En canto nos triplica Estremadura? ¿Iso é crer no plurilingüismo? Eu creo que non.

En resumo, aquí tivo dez minutos, agora terá outros cinco ou os que fagan falta para dicir cales son as súas políticas, e non dixo nada. Cedémoslle nesta interpelación todo o tempo para que fale de cal foi a súa avaliación. ¿Que pasa?, ¿non o fixeron? No BNG ímoslle dar co coñecemento, coa liberdade e co orgullo de ser galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Peche da interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que non saio do meu asombro. Imos de sorpresa en sorpresa. Agora di que o BNG di que quere o plurilingüismo. ¡Benvidos!, aínda que me temo que unha cousa é o que din e outra é o que fan, ou ao mellor queren como estamos en tempo de entroido, aínda que rematou, poñerse un traxe que non é o seu e intentar disfrazarse de moderados cando realmente toda Galicia sabe o que queren facer. *(Aplausos.)*

Este discurso é un discurso moi traído a esta Cámara, eu ata diría que é repetitivo. É quizais un dos discursos que máis se ten abordado nesta Cámara nos últimos anos, pero é moi interesante, é tremendamente interesante. Porque posibilita ver a posición que temos dúas formacións políticas respecto dun concepto básico para a democracia, que seguro que compartimos, que é a liberdade. Diría incluso para dous conceptos: a liberdade e o respecto ao outro. E creo que é importante ver a súa posición, que é diferente á nosa. As dúas son lícitas. Eu entendo que vostedes teñen esa posición, son un partido nacionalista. Pero nós temos unha forma diferente de ver o país, e vostedes teñen outra, e iso pois é a base tamén da propia democracia.

Se facemos unhas sinxelas preguntas, que son preguntas importantes. ¿Que debe facer un goberno e unha administración que sexa respectuosa, que sexa responsable, responsable cos principios democráticos, nesta materia? ¿Debemos garantir o coñecemento e a competencia nas linguas cooficiais? Entendo que si, ¿verdade? Debemos garantir o coñecemento pleno de ambas as linguas. Seguro que compartimos esta afirmación. E temos que posibilitar que nos poidamos desenvolver ou que calquera persoa se poida desenvolver en calquera ámbito da lingua ou na lingua que cada un queira; tamén estamos a favor, ¿verdade? Nas dúas, absolutamente a favor.

Segunda pregunta, ¿podemos ou debemos facer que as persoas usen unha lingua ou outra nos seus ámbitos íntimos nas relacións persoais, cos amigos, coas familias? O BNG di que si, que pode e que se debe, *(Murmurios.)* con independencia todo isto da liberdade individual. Vostedes entenden que debemos forzar a que as persoas usen unha lingua sobre outra. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* O Partido Popular, non. O Partido Popular entendemos que debemos fomentar que se use o galego, pero sempre respectando as persoas, sempre respectando a liberdade individual, sen impoñer e sen obrigar. E iso marca unha diferenza substancial entre dúas formas de entender principios básicos para a democracia, como é a liberdade e como é o respecto. E de entender tamén a Galicia. Claramente dúas formas diferentes; vostedes teñen unha e nós temos outra. O PSOE non sabemos cal ten; tamén hai que dicilo de paso, porque están aí no medio de vostedes e de nós, e non sabemos cal ten.

Pero si é certo que a súa visión é lícita. Iso si, é un pouco menos lícito que vostedes intenten camuflar ou esconder como acaban de facer agora a súa visión do que debe ser a

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

política lingüística; absolutamente curioso que intenten ocultar a súa política lingüística e disfrazala baixo unha suposta moderación. Porque despois de escoitar o que dixo o señor Castro, eu xa non sei se falo co BNG ou non cando vostedes respectan o plurilingüismo e respectan a liberdade. É francamente sorpresivo e imos —como xa digo— de sorpresa en sorpresa.

Dicía o señor Castro dous datos do INE. Supoño que os datos do INE serán todos bos, non só os que lle conveñen a vostede. Supoño que serán todos igual de bos, non só o que lles reforzan as súas teses ou o seu discurso.

O dato que nos di o INE é que o noventa e nove por cento da poboación galega entende o galego e ten capacidade para lelo e falalo. Iso dínolo o INE, e a vostedes eses datos non lle gustan. E tamén cando nos di o INE que temos o nivel máis alto de competencias comparativamente co resto das linguas cooficiais do Estado. Por exemplo, escribir en lingua cooficial, o dato de Galicia é un 86,8 por cento; o 86,8 por cento dos galegos segundo o INE —que vostede se é bo para os datos seus tamén serán para os outros— saben escribir en lingua galega. Os cataláns son o sesenta por cento, en Cataluña o sesenta por cento.

Outro dato, por exemplo, ¿quen fala as linguas cooficiais? Por exemplo, en Galicia o noventa e sete por cento da poboación ten capacidade de falala; no País Vasco, que é moi diferente, obviamente, son contextos diferentes, o corenta por cento, pero en Cataluña o oitenta por cento. É dicir, case dezasete puntos por riba do catalán. Para que vostede diga que aquí estamos afogando, que estamos maltratando, que estamos prexudicando a nosa lingua, ou que eu todas as mañás falo cos directores dos centros educativos para que se prexudique o galego. É absolutamente incrible. Como é incrible que vostede diga que eu teña que ver os wasaps ou calquera responsable público teña que verlles os wasaps aos rapaces...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): É realmente fantástico o que vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Díxoo claramente... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Non, non, díxoo claramente. Vostede dixo aquí claramente: mírelle vostede os wasaps aos nenos. ¡Por favor! Iso estamos fóra de toda dúbida, de toda visión.

En definitiva,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...nós o que lle pedimos ao BNG é que se se quere disfrazar que se disfrace. Tamén é certo que a súa visión monolítica de inversión lingüística monolingüe, que é o que desexan, vana mudar e para copiar a outros nacionalistas dentro do Estado, non funciona en Galicia. A súa política é lexítima, non a escondan, digan cal é.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Non poden falar que o ensino non cumpre a súa función, non o poden dicir, porque aí está o nivel de coñecemento, os maiores da historia, e tamén de coñecementos, destrezas, capacidades e competencias. Dino os estudos estatísticos nos cales vostede se apoia. E, por suposto, hai que desenvolver sempre un respecto básico e unha liberdade básica ao individuo.

Moitas grazas, señor presidente, e desculpe polo tempo usado a maiores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día de novo.

Mire unha cousa, señora conselleiro, antes de entrar no contido da interpelación que lle queremos facer hoxe a respecto das listas de espera, quería facerlle unha recomendación se me permite. Vostede igual que o resto do goberno e do grupo parlamentario aplaudiron entusiasticamente ao presidente da Xunta hoxe pola mañá cando insistiu en varias ocasións dicindo que a Atención Primaria tiña 1.300 millóns de euros máis este ano que no ano 2009. Vostede sabe que iso é unha auténtica barbaridade. Vostede sabe que é unha auténtica barbaridade, que no 2009 a Atención Primaria tiña 1.437 millóns, no 2023, 1.527 millóns, é dicir, que nin sequera chega a 90 millóns absolutos. Eu ¡alá vostedes!, pero que vostede como responsable da sanidade... O presidente da Xunta igual só mirou os datos que vostede lle pasa. Aplaudir entusiasticamente estas barbaridades, eu recomendaríalle que o fixesen mirar, *(Aplausos.)* como recomendación.

O pasado domingo 12 de febreiro, *(A señora Prado Cores amósalles aos membros da Cámara dúas fotografías.)* por se non as veu, porque como hoxe andaban polo cocido e outras cousas, como cando do *Prestige*, que había presidentes do goberno que andaban de caza. Esta é a fotografía da praza do Obradoiro, das rúas de Compostela, ateigadas de miles de persoas, que non foron alí nin enganadas nin créndose bulos, senón que viñeron a Compostela reclamando sanidade pública de calidade, fartas de tanta mentira e tanta propaganda. Eu supoño, señor conselleiro, que serán conscientes de que estas fotografías son un auténtico baño de realidade para o Partido Popular e para vostede como máximo responsable da sanidade pública deste país.

Vamos, vostedes levan meses ou anos instalados en que son alarmismos da oposición, que son casos puntuais, que andan por aí percorrendo o país dicíndolle á xente que isto é estupendo e todo o mundo está encantado coa sanidade que temos. E supoño que este baño de realidade a algunha reflexión debería facerlles chegar. Se vostedes cren que isto o resolven atacando a oposición e facendo de oposición —que todo chegará, que farán de oposición, tempo ao tempo—, pois vostedes verán.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, en todo caso, eu recoméndolles que tomen nota do que está pasando. Porque, diante deste baño de realidade, señor conselleiro, ¿cal foi a resposta do Partido Popular? Por un lado, desacreditar os miles de persoas, de galegos e galegas, que saíron á rúa, alarmadas por esta situación, pola desatención na que viven, exixindo sanidade pública de calidade e máis medidas para a atención primaria. E a resposta do Partido Popular é desacreditar eses miles de persoas e máis medidas para pórlle a alfombra vermella á sanidade privada. A resposta do Partido Popular foi practicamente ao día seguinte saír anunciando que se lles facilitaba aos facultativos que traballan na sanidade pública que poidan ir traballar á sanidade privada. Na vez de primar, na vez de mimar, de premiar os que están comprometidos coa sanidade pública, o Partido Popular fai o que mellor sabe facer: alfombra vermella para a sanidade privada, facilitarlles que poidan traballar na privada.

E na vez de facilitar esa dobre xornada, porque o que vostedes fan é que poidan traballar nunha quenda na pública e tamén poidan traballar a quenda seguinte na privada, entón, en vez de facilitarlles a dobre xornada na privada, ¿por que non dobre xornada na pública, señor conselleiro? ¿Por que non dobre xornada na pública para baixar as listas de espera, non? É unha pregunta. ¿Por que non incentivan, por que non premian os que teñen un compromiso coa sanidade pública para que traballen na pública e poidan rebaixar esas listas de espera? ¿E por que non ter todos os dispositivos operativos na pública ao máximo rendemento para eliminar as listas de espera? É unha pregunta que se fan moitos profesionais e miles de galegos e galegas.

E igual a resposta está aquí: queremos gobernar, porque na sanidade, cando non funciona, o que fas é que hai listas de espera. É unha sentenza razoable, ¿non? As listas de espera son a verdadeira privatización da sanidade, que é non atender a xente; non atender a xente é a privatización real da sanidade. Pero ¿é que isto o dixo un filocomunista, un bolivariano exacerbado, alguén do BNG, señor conselleiro? ¿Sabe perfectamente quen o dixo, non? Efectivamente, Núñez Feixóo, Alberto Núñez Feixóo fixo estas afirmacións rotundas. E eu dígome: ¿quen o vai saber mellor que el, que se dedicou entusiasticamente durante trece anos a aumentar esas listas de espera?, *(Aplausos.)* que sabe perfectamente como se fai. ¿Un lapsus?, ¿un arrebato de sinceridade? Non, simplemente Feixóo sen filtros, que cando quita o filtro pois di o que pensa e sabe perfectamente como se fan as cousas.

Tiña que ter publicado, señor conselleiro, as listas de espera a 31 de decembro; aínda non o fixo. Non lle chegou con rebaixar de publicalas catro veces ao ano, como estaba establecido antes, a pasar a publicalas soamente dúas. Porque iso da transparencia non vai co Partido Popular e nin iso cumpren.

Os últimos datos que temos son de xuño do ano 2022, de hai oito meses, e eses datos realmente son moi preocupantes. Son uns datos que falan de 43.000 persoas agardando por unha intervención cirúrxica, que falan de 198.000 persoas agardando por consultas, que falan de 119.000 persoas por probas diagnósticas; un montón de xente, señor conselleiro. Por iso, a primeira pregunta é: ¿cando van facer pública a totalidade das listas de espera? ¿A que agardan para facelas públicas?

E a segunda cuestión é que, a pesar da crueza destes datos, que estamos falando de miles de galegos e galegas que non teñen os seus problemas de saúde resoltos, o preocupante é que

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estamos falando de miles de persoas enfermas, pendentes de consulta, de probas diagnósticas, de cirurxías, de miles de persoas que teñen a desgraza de ter un problema de saúde ou un familiar que o teñen, que coñecen as consecuencias de meses e anos de espera, da tremenda realidade de ver como as súas patoloxías se agravan.

Pero, a pesar diso, destas cifras, o máis alarmante é que non reflicten a realidade das listas de espera, non reflicten nin moito menos a realidade das listas de espera. Porque soamente reflicten unha realidade grazas á cirurxía estética que lle practica o Partido Popular. Non inclúen todos os procesos de especialidades nas listas que publican, soamente algúns; no mellor dos casos, dalgunha área publican quince, cando hai pois moitísimas outras patoloxías. Son constantes os limbos nos que non se sabe onde están as persoas que están en listas de espera.

Eu vou ao médico de cabeceira, pídeme ir a unha consulta hospitalaria e a min o que me fan é rexistrarme a miña petición. Ese rexistro ¿que significa? ¡Ah! Non se sabe. Queda rexistrada, pero, como non teño data, iso non computa en ningún lado. Logo vou a esa primeira consulta. Xa lles dixen antes: 198.000 persoas en primeiras consultas, porque as sucesivas non se publican, ¿verdade, señor conselleiro? Co cal non lles preocupa axilizar esas consultas, porque, como non se publican, ¿que máis dá que tarden meses ou incluso anos en ter esa segunda consulta?

Ben, logo pasamos ao limbo de que vou a esa primeira consulta, pídenme unha proba diagnóstica, vou á cita previa, rexístranme a petición da proba diagnóstica, pero rexístranma. Volvo non saber onde estou. Así, cando teña a proba diagnóstica para volver á segunda consulta, se logo deciden que teño que ter unha intervención cirúrxica, tamén me rexistran a petición de pendente de cirurxía. *(Murmurios.)* Si, vostede sabe que é así.

E logo temos o tema do peche de axendas. Non hai axendas dispoñibles, co cal non hai lista de espera, porque, como non hai onde apuntar esa espera, non hai lista de espera.

Son múltiples, podía aquí estar enumerando unhas cantas máis, como o teñen denunciado profesionais en non poucas veces, como a estratexia de pedir probas diagnósticas que non serían moi necesarias para que a lista cirúrxica non siga aumentando; denunciado por xefes de servizo —señor Comesaña, non me poña esa cara—.

Ben, e o culmen de toda esta desfeita é a expulsión da lista de espera a aquelas persoas que rechazan ir a un centro privado para ser atendidos, ben unha proba diagnóstica ou unha intervención cirúrxica.

E, señor conselleiro, á preocupación por estar en lista de espera, de non saber a data en que van recibir a atención, súmase a de moitas persoas que a partir de aí quedan no limbo e desaparecen; unha penalización e unha chantaxe que dende o BNG consideramos inaceptable. Se aceptas ir á privada, vante atender nuns días, e se non aceptas ir á privada, desapareces das listas, nunca máis se vai saber de ti, polo menos nun tempo razoable.

E por iso pregúntolle: ¿a que agarda para eliminar esta práctica? ¿A que agarda para restituír esas miles de persoas expulsadas da lista de espera estrutural e repoñelas no seu posto con-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

forme a cando tiñan que estar, non que empecen de cero? ¿Quen asume as consecuencias de ter o sufrimento de todas estas persoas que non son atendidas, que ven como os seus procesos de saúde se cronifican, empeoran, que teñen que volver unha vez e outra ao seu centro de saúde, que van a urxencias hospitalarias para buscar algún tipo de alivio?

Porque, detrás das estatísticas, señor conselleiro, están as persoas reais, os miles de galegos e galegas que están nesta situación das listas de espera sen data asignada, sen que se coñeza cal é a súa situación, agardando unha chamada telefónica que nunca chega; situación de incerteza, prexuízo que considero dende logo inaceptable, mentres pasan meses e meses nesta situación.

E é unha evidencia, señor conselleiro...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que as listas de espera serven para xustificar a derivación á sanidade privada, porque non diminúen en ningún momento, senón que van aumentando; no período de Núñez Feixóo aumentaron case un 20 por cento.

Polo tanto, señor conselleiro, ¿cando vai facer pública a totalidade das listas de espera? ¿Cando vai rematar con esta práctica inaceptable e esta chantaxe ás persoas que cometen o único pecado de exixir ser atendidas na sanidade pública? Ese é o pecado que cometen. E vostedes, diante desa petición...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...o que fan é sacalas desa lista de espera e deixalas nun limbo onde nunca máis se sabe delas. Gustaríame que me contestara a estas preguntas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Ten agora a palabra o señor conselleiro, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi bo día, presidenta.

Señorías.

Ben, vou comezar, señora deputada, aclarándolle que o presidente da Xunta o que fixo esta mañá foi falar de 1.300 millóns de euros máis de presuposto da sanidade pública. Non sei se vostede estaba pendente nese momento, pero iso foi o que dixo o presidente Rueda, que, por suposto, subscribo.

Xa sei que vostede le os documentos como lle interesa. Puiden escoitar hai un momentiño o seu uso torticeiro politicamente dos presupostos. Supoño que fixo o mesmo agora mesmo cando repasaba esta mañá os cartos dedicados á súa vez e lía a parte que lle interesaba dos

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presupostos de 2009 e non a do de 2023; estamos acostumados. E, de feito, hoxe acaba de facer un exercicio de novo dese tipo de interpretación.

Mire, señora deputada, falando das listas de espera —que é o motivo da interpelación—, eu xa sei que vostede aproveitou o momentiño de sacar as dúas fotografías mirando máis para arriba para que lle sacaran a foto; era o que correspondía evidentemente. Pero eu vou falar da pregunta que vostede me fai, da interpelación, que é das listas de espera.

Mire, probablemente vostede non é consciente —porque non tivo que asumir as responsabilidades neste caso de xestión nin de dirección sanitaria— de que durante tres anos tivemos unha pandemia en España, en Galicia e en todo o mundo, e probablemente as consecuencias que estamos a vivir aínda son froito diso. Tamén é consciente, seguramente, de que todos os galegos de boa fe consideran que a sanidade pública galega na pandemia tivo un dos mellores resultados de todo o Estado. Ou saben perfectamente que a campaña de vacinación, por exemplo, que se fixo no Servizo Galego de Saúde é a día de hoxe a mellor de todo o Estado e probablemente de Europa, e case diría de todo o mundo. Polo tanto, a pesar desa situación, aí está o Servizo Galego de Saúde respondendo aos galegos.

Unha pandemia, ademais, da que aínda estamos saíndo, que obrigou, por suposto, a aprazar moitas intervencións cirúrxicas e moitas probas. Quizais para a cidadanía, en xeral, e probablemente para o BNG, esa percepción sexa de que a pandemia xa rematou, pero dentro dos hospitais aínda segue estando aí. Seguimos facendo cada día PCR preoperatorias; hoxe mesmo, por exemplo, sen ir máis lonxe, hai 68 profesionais de baixa por covid —por poñer un exemplo—. E, por suposto, afecta —como digo— a todos os servizos asistenciais.

Estas consecuencias do coronavirus nos sistemas sanitarios, polo tanto, levaron a que en toda España nas listas de espera para cirurxías e probas se producise un aumento da espera media; un aumento, dende logo, que nós non queremos, que pedimos perdón aos cidadáns por ter ese incremento da demora, pero que, como todo o mundo de boa fe sabe, foi o que foi en todos os países e en todos os sistemas sanitarios.

En todo caso, a Xunta traballa para recuperar eses datos de lista de espera prepandemia e diminuír esa espera media. Nese sentido, hai que destacar que, aínda sen ter recuperado os datos do ano 2019 —por certo, os mellores datos de lista de espera acadados na serie histórica do Sergas—, os tempos de agarda vanse reducindo. Tanto é así que, segundo eses datos aos que vostede facía referencia —datos oficiais ofrecidos polo ministerio—, Galicia sitúase entre as comunidades con menor lista de espera; ese é un pequeno dato que vostede obviou do informe do ministerio.

Así, no que se refire a primeiras consultas, o tempo medio de espera en Galicia é de 55 días; o noso obxectivo para 2023 é recuperar os 42 días do ano 2019. Pero, dende logo, estamos substancialmente por debaixo dos 65 con que o Goberno de vostedes rematou no ano 2008, e moi por debaixo, por suposto, da media española, que é de 79 días para consultas, e de comunidades gobernadas polo PSOE ou polos socios do BNG: Cataluña, 82 días; Aragón, 95 días; ou Canarias, 101 días.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No que toca ao tempo medio de espera cirúrxico, tras unha pandemia, Galicia é a cuarta comunidade con mellor dato en lista de espera cirúrxica, señora deputada. En xuño de 2022 —efectivamente, os últimos datos oficiais de todas as comunidades autónomas, incluídas as gobernadas por nacionalistas— os datos —digo— foron de 75 días. Sabemos que é un dato mellorable. Por iso, tamén como obxectivo temos recuperar os 54 días que tiñamos no ano 2019. Pero, señorías, é de xustiza poñer este dato no seu contexto; estamos 38 días por debaixo da espera media española, que é de 113 días; unha cifra que en comunidades gobernadas polo PSOE e polos socios do Bloque Nacionalista Galego destacan como moito máis altas; por exemplo, Estremadura, 139 días; ou Cataluña, 151 días. De feito, algunhas especialidades, como anxioloxía e cirurxía vascular, rexistran a espera media en Galicia máis baixa de todo o Estado, con —neste caso desta especialidade—53 días, e, por suposto, por debaixo do resto das comunidades autónomas.

Non obstante, neste contexto de afectación pandémica da actividade hospitalaria en todo o Estado, a prioridade da Xunta foron sempre as patoloxías máis graves, das que, por suposto, tampouco vostede falou, intentando que esas patoloxías se operasen no menor tempo posible. Estou a falar, por suposto, das patoloxías de prioridade 1, nas que a espera, mesmo despois da pandemia, señora deputada, se sitúa nunha media de 19 días.

Un esforzo que lles quero agradecer especialmente a todos os profesionais do Sergas, que fixeron todo o posible, mesmo nos momentos máis duros de loita contra o virus, para que as persoas máis vulnerables tivesen garantida unha atención de calidade e a súa intervención se realizase canto antes; como digo, 20 días. *(Aplausos.)* 20 días en metade dunha pandemia, saíndo dunha pandemia. ¿Sabe canto había no 2008 neste grupo de patoloxías, señora deputada? 40 días, o dobre. É dicir, nós en pandemia temos a metade do tempo de resposta das patoloxías graves que o que tiña o seu Goberno. *(Aplausos.)*

E pódese preguntar: ¿que foi o que se fixo para que estes datos foran así? Pois, por exemplo, unha norma que garante que os tempos máximos para atención sanitaria hospitalaria programada non urxente sexa de 45 días nas primeiras consultas e probas diagnósticas e 60 días nos procesos cirúrxicos. O número total de beneficiarios deste decreto de garantías, dende a súa entrada en vigor no ano 2018, foi de 200.000 galegos que se beneficiaron deste decreto.

Pero xa sei, señorías e señores do BNG, que a vostedes iso lles dá igual. Non lles importan os beneficios deste decreto, os que trouxo para a poboación, só lles importa xerar ruído, meter e manter o seu relato intentando desgastar un goberno e obter o rédito electoral a calquera prezo. E para iso están dispostos a calquera cousa, incluso a empregar a mentira novamente. Mentiron no momento de aprobación deste decreto, intentando sementar medo na poboación dicindo que iamos derivar á privada as patoloxías máis graves. Pois mire, equivocouse unha vez máis e mentiu unha vez máis. A evidencia é terca. Nin un só paciente desas patoloxías graves que vostedes denunciaban que ían ser a maneira de mandar á privada, nin un só paciente foi derivado a centro concertado. Máis ao contrario, eses mesmos datos oficiais dos que vostede falaba do Ministerio de Sanidade indican que Galicia é a cuarta comunidade coa menor taxa de pacientes que agardan máis de seis meses para unha operación, un 6 por cento por debaixo da media nacional, que se sitúa no 17 por cento.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tanto, nin sequera unha pandemia leva a sanidade pública galega aos rexistros que deixou o Goberno do Bipartito ou aos que levan os gobernos socialistas ou os seus amigos independentistas noutras comunidades.

Nós non aspiramos a recuperar a normalidade, ao que aspiramos é a volver acadar os mellores datos históricos en niveis de espera, que foron os do ano 2019, despois dos anos de mellora da sanidade pública co Goberno do Partido Popular en Galicia.

Pero mire, xa meténdonos na cuestión que vostede me pregunta, todas as comunidades, como vostede sabe ou debería saber, facilitan información sobre listas de espera seguindo a normativa básica establecida polo Real decreto 605 do ano 2003, que establece medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema nacional de saúde.

Ademais, o Sergas tamén actúa en base ao establecido en dúas ordes: unha de maio de 2003 e outra de xullo de 2004, polas que se normaliza o sistema de información e control da demanda da actividade programada.

O real decreto e as ordes autonómicas, que, por certo, vostedes mantiveron e empregaron escrupulosamente durante os catro anos que gobernaron, definen o rexistro de pacientes en espera, así como a clasificación dos pacientes incluídos nel. E define ese real decreto a clasificación en dous tipos de pacientes: os pacientes en espera estrutural, aqueles que nun momento dado están en situación de ser atendidos, pero que a súa espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles; e a espera non estrutural, aqueles que nun momento dado están pendentes de ser atendidos pero que a espera non é atribuíble á organización dos recursos. Estes últimos pacientes transitoriamente non programables clasifícanse en: aqueles que non son operables por motivos médicos —chamámolo espera médica—, pacientes que elixen voluntariamente por circunstancias persoais non ser operados no momento que son citados e unha terceira categoría conformada por aqueles pacientes en espera tras rexeitar a derivación a outro centro, neste caso do Sergas ou outro centro concertado.

E sempre, en calquera caso —e dígoo aquí moi clariño—, todos os pacientes que pospoñen por vontade propia e os que rexeitan ir a outro centro teñen sempre garantido o seu tempo de espera dende a inclusión no rexistro de pacientes. En ningún caso, en ningún caso —e non minta nisto tamén— non se lles pasa ao final de ningunha cola nin se lles fai agardar máis. É rotundamente falso o que vostede acaba de dicir aquí. *(Aplausos.)* Ningún paciente que rexeita centro concertado queda con espera cero, se anula, é unha mentira. E vouno dicir así. Vostede está mentindo cando di que aos pacientes que rexeitan centro concertado se lles pasa ao final da lista. É mentira, é mentira, señora deputada, non é certo. No Sistema galego de saúde, no Servizo Galego de Saúde, iso non é certo.

Polo tanto, vostede mente cando fai esa afirmación, mente cando fai esa afirmación, mente cando fala de privatización, mente cando fala de desmantelamento, mente, mente, mente, sistematicamente mente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é certo. E rétoa a que vaia a un tribunal, se quere, e o demostre. Xa está ben, xa está ben. *(Aplausos.)*

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra a señora María Monserrat Prado.

A señora PRADO CORES: Pensa o ladrón, señor conselleiro, que todos son da súa condición.

Mire, non soamente é que hai doentes que foron aos tribunais — e hoxe non o trouxen aquí, saqueillo o outro día—, é que os tribunais lles deron a razón de que tiñan que ser intervidos nun tempo determinado e vostedes non os interviñeron e tíñanos fóra da lista de espera, e gañan nos tribunais. E é a valedora do pobo cando algunhas queixas chegan á Valedoría, porque sabe que a maioría da xente non fai esas reclamacións, que lle di alto e claro que as esperas son inaceptables, que non poden seguir con esa práctica, que xa lle dixeron máis veces que non poden seguir con esa práctica.

E non soamente iso, senón que vostedes teñen colgado na páxina como se procede cando a unha persoa que se lle ofrece unha solución, e para vostedes unha solución é que vaian á privada, como quedan eses doentes.

Polo tanto, señor conselleiro, un pouquiño menos de sobreescenificación, xa que nolo pide aos demais, e un pouquiño máis de atender ás necesidades desa xente, un pouquiño máis. *(Aplausos.)*

E claro, claro que é normal que o señor conselleiro non queira falar das fotos. Porque son incontestables eses miles de persoas que saíron á rúa a denunciar as listas de espera, as listas de espera nos centros de saúde e as listas de espera en hospitalaria; listas de espera que significan dor e sufrimento, que significa que teñen que seguir aguantando cunha patoloxía porque non se lles dá resolto o seu problema.

Esa é a realidade que vostede vén aquí e resolve con dicir que aquí a voceira de sanidade do Bloque Nacionalista Galego mente. Demóstreo vostede, demóstreo vostede, si. Fagamos unha inversión da carga da proba. Demóstreo vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu agora teño que dicirlle sinceramente que xa entendo por que cirurxía estética é unha das especialidades máis demandadas no MIR. Porque saben perfectamente que co Partido Popular no Goberno da Xunta non lles vai faltar traballo. Porque teñen que maquear e facerlle uns traballos de cirurxía estética continuamente á realidade sanitaria deste país e ás listas de espera. Porque esa é a realidade.

Mire, falaba vostede de prioridades 1 e 2, cuns tempos de espera fantásticos. Eu estoulle dicindo que facilite absolutamente todos os datos, non soamente os que lle conveñan.

E mire, hai unha cousa que me chama a atención. Prioridade 1 e 2 nesas listas de espera de hai oito meses, que tiñan que ter xa publicado, pero que non dan publicado; supoño que están agora acelerando a ver se conseguen minoralas un pouco e que lle quede a foto un

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pouquiño máis decente, máis *limpiadita*. Pois 13.583 persoas en prioridade 1, cun tempo de espera medio de 74 días. *(Murmurios.)* Non, iso é o que está na páxina, entre 1 e 2. *(Murmurios.)* Está na súa páxina. Entre 1 e 2; dixen 1 e 2. É que, se non me escoita, despois é difícil que sexa capaz de contestar cun mínimo de coherencia. Ben, 74 días.

E mire, logo toda a lista de espera cirúrxica, estamos falando, sen prioridade 1 e 2, que sabemos que son miles de persoas; o tempo medio de intervención, 75,3 días. ¡Ostra! Ou sexa, que intervéñenos no mesmo tempo aos que non son prioridade 1 e 2 que ao resto. A ver, ¡home! Isto non aguanta a proba do algodón, pero nin que se poña vostede de patas para arriba, ¡eh! Eses son os datos que teñen vostedes colgados. É dicir, esta unha proba do nove.

Polo tanto, señor conselleiro, as listas de espera que vostedes teñen son cuestionadas polo valedor do pobo, son cuestionadas polos tribunais e cuestionadas por xente que acode aos medios de comunicación dicindo que teñen que acudir a enchufes para tratar procesos graves; son postos en evidencia polas mulleres da Unidade Mama do CHUAC, onde teñen que facer revisións e non teñen as probas feitas, e resulta que non lles poden poñer medicación. Todos os días, señor conselleiro. E vostede, diante diso, o único que lles ten que dicir a esas miles de persoas que sofren é que son os campións, que noutros sitios parece ser que están peor. Vostede ten obrigación de darlles unha alternativa, de darlles unha solución.

Mire, 240 días para unha ecografía de mama, 139 para intervención para nenos. Eu podía estar aquí dicíndolle casos reais, porque a xente na rúa sabe cal é a realidade. Non é que vostedes poñan as estatísticas, deixen de maquealas, deixen de aplicarlles a cirurxía estética.

Eu o que lle pido, señor conselleiro, é que deixe de xogar coa vida e coa saúde dos galegos e das galegas, que deixe de maquear a realidade facendo que miles de persoas desaparezan das estatísticas, porque as consecuencias son dor e sufrimento, que remate coa opacidade, coa falta de transparencia arredor dos datos. Porque, cando non publican a totalidade da situación das listas, non hai absolutamente ningunha transparencia. Entón, eu o que lle pido é que faga públicas as listas estruturais, as non estruturais, as que están nos buzóns, as que están nos caixóns, as que caeron debaixo da mesa. Que teña a valentía de facer pública cal é a situación das miles de galegas que están en lista de espera *(Aplausos.)*, que a xente poida saber cando lle vai tocar, cal é a súa prioridade, en que situación está. Que deixe de que a xente estea na incerteza permanente de non saber cal é a súa situación.

Porque ¿sabe cal é o problema, señor conselleiro? Que diante desta situación quen pode vai e acaba pagando. E quen non pode pagar ¿que cre vostede que pasa con eles, señor conselleiro? ¿Que pasa coas miles de persoas que non poden facer fronte a unha proba diagnóstica nin a unha consulta privada? ¿Que cre que pasa con eles? E vostede, diante desta situación, en vez de realmente poñerse as pilas para baixar as listas de espera na sanidade pública, o que fai é a alfombra vermella para a sanidade privada; medidas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...para facilitarlle á sanidade privada o que lle pediron. Dixéronlle: fannos falta como mínimo 120 médicos na sanidade privada galega. *Raudo y veloz*, ¿que fai o

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Partido Popular? ¡Ah!, pois nada, dámoslle aquí unha volta a isto das incompatibilidades e nada, que poidan ir traballar á privada, sen ningún complexo, que para iso están, para facilitar o negocio, non para preocuparse...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...pola saúde dos galegos e as galegas, senón para facilitar o negocio.

Deixe de ocultar a realidade das listas de espera...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...deixe de facer esa práctica de sacar a xente da lista de espera cando non acepta ir á privada, porque é inaceptable; é unha chantaxe e é indecente que faga esas prácticas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para peche, ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidenta.

Señora deputada, ¡menudo papelón está facendo vostede hoxe coas listas de espera, menudo papelón!

Volvo retarlle a que, se vostede cre que no Servizo Galego de Saúde un paciente que rexeita centro concertado, de acordo coa normativa vixente no Estado, se saca da lista de espera, o denuncie, o denuncie no xulgado, e ímonos atopar alí. Xa está ben de vir... Díxenllo antes, volveu aquí. No Servizo Galego de Saúde non se quita ningún paciente da lista de espera porque rexeite centro concertado. Iso é falso. E vostede hai dúas opcións: se non o sabe, malo; e se o sabe e o di, peor aínda. Non se quita a ninguén das listas de espera. *(Aplausos.)*

Logo demostra vostede un descoñecemento que teño que dicir que me sorprende. Vostede cre que nós cando un paciente pide unha cita para probas non o rexistramos para que non estea na lista de espera. Entón, ¿por que temos 198.000 pacientes esperando? ¿Somos parvos? Ou sexa, non os rexistramos pero rexistrámolos. A ver, rexistramos absolutamente todo, señora deputada, todo. Rexistramos as probas, as consultas e as cirurxías.

Vostede hoxe comentou aquí unha cousa que eu creo que non a... Xa dixo que estaba hoxe un pouco..., espero que estea mellor. Pero dixo que hai xefes de servizo aos que o Sergas indica probas para facer demoras na lista de espera. Dixo iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa non lle chega con insultar os directivos do Sergas chamándolles o que nos chamou, senón que agora chama corrupto algún xefe de servizo que pide probas para demorar e para facer maior demora en lista de espera. Non ten límites, señora deputada, non ten ningún límite.

Eu xa tiña dúbidas co seu comportamento, ultimamente tiña dúbidas do seu límite, pero hoxe aquí demostra que non ten ningún. É capaz de cuestionar os profesionais dicindo que piden probas para aumentar o tempo de lista de espera. Díxoo vostede aquí mesmo. Hoxe dixo iso. Dixo que os pacientes que rexeitan centro concertado os sacamos da lista de espera. De verdade, non ten absolutamente ningún límite.

Claro, despois o que lle interesa son as fotos. Mire, falando das fotos, xa coñezo esa estratexia das fotos. Eu xa vivín unha manifestación en Vigo porque iamos facer un centro, un hospital privado, onde iamos cobrar por usar o sofá. Xa recordo todo iso, xa sei para que fan vostedes as fotos. Estivo aquí un bo rato coas fotos postas, xa sacou en redes a súa foto correspondente. Pois ben, obxectivo cumprido, señora deputada.

Pero insisto: vou ao que vostede acaba de dicir hoxe. Nós cumprimos estritamente a normativa nacional en manexo de listas de espera, estritamente. E, se vostede ten algunha dúbida, teno moi fácil: se é unha norma que non estamos a cumprir, faga o que teña que facer.

Falando precisamente de xulgados, mire vostede que casualidade. Voulle ler a sentenza do TSX sobre ese paciente do que tanto lle gusta a vostede falar, hoxe aquí non moito, pero agora voulle falar del. Mire, voulle ler textualmente o que o TSX di sobre ese paciente: «*Todo el tratamiento aplicado en cada momento al recurrente, tanto en el centro de salud de A Guarda como en el Hospital Álvaro Cunqueiro, ha sido adecuado y ajustado a las normas.*» Despois pásolle a copia da sentenza. En base a isto, os dous tribunais anteriores non recoñeceron indemnización ningunha a este paciente. Con todo, o TSX ten un criterio moi garantista á hora de recoñecer a posible perda de oportunidade dos pacientes polo atraso desa intervención. Aínda así, o tribunal outorga a indemnización mínima e recoñece, acto seguido —e cito literalmente novamente a sentenza—, «*el bajo grado de probabilidad de que el resultado definitivo hubiese sido distinto y, por otro, la escasa voluntad de colaboración del paciente, responsable parcial de la demora en la intervención...*», porque rechazou dúas veces a intervención que se lle ofreceu, e ese foi o resultado deste proceso.

Polo tanto, mire, mente novamente: a sentenza do TSX non lle pon unha indemnización mínima ao Sergas por perda de oportunidade, pero di claramente que o paciente se manexou correctamente e foi el o que rexeitou dúas veces a intervención, e, como demostra o propio tribunal, non se quitou da lista de espera —lea a sentenza—, non se quitou da lista de espera.

Ben, para vostedes —insisto— o discurso é outro debate. Falan de privatización. É curioso que vostedes falen da derivación aos centros —voulle matizar— non privados, concertados; hai un pequeno matiz. Pero, curiosamente, se tan mal é derivar a centro concertado, ¿por que vostedes derivaron máis que nunca? ¿Por que, cando vostedes gobernaron, se derivaron a centros concertados máis que nunca? ¿Por que o récord do presuposto de derivación a centro concertado o Servizo Galego de Saúde o tivo cando vostedes gobernaron? ¿Non é tan malo derivar a centro concertado? Sexan un pouco coherentes, ¡por Deus! E ¿por que todas as co-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

munidades autónomas derivan a centro concertado? Mire, Galicia é a que menos deriva de todo o Estado, a que menos. Derivamos, efectivamente, claro que derivamos, pero exactamente igual que vostedes cando gobernaban e igual que todas as comunidades autónomas.

Demagoxia, demagoxia e demagoxia. Mentira, mentira e mentira. E, ademais, hoxe, pasar certos límites, como —insisto e remato— insinuando que hai médicos que piden probas para demorar listas de espera ou que quitamos os pacientes de lista de espera cando rexeitan a derivación. Totalmente falso e mentira. E un límite, unha vez máis, señora deputada, que non debera traspasar.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rematado este debate, suspendemos a sesión ata as 16 h, que a reanudaremos.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e tres minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, xa co punto sétimo da orde do día.

Comezamos coa pregunta do don Pedro Puy, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de Dª Marta Iglesias Nóvoa e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte do Goberno galego da xestión dos fondos europeos realizada polo Goberno de España

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Ben, como todos sabemos, Europa, a Unión Europea, ten aprendido das anteriores crises. Tamén é certo que a actual é derivada de feitos exóxenos á vontade das decisións políticas. Evidentemente, houbo unha pandemia ocasionada por un virus, e non decisións económicas que levaron á anterior crise financeira, pero o certo é que, entre a experiencia da crise anterior e o feito de que esteamos ante unha circunstancia diferente, Europa ten feito un esforzo histórico financiando un plan de recuperación e resiliencia único, que vai contribuír, ademais, a reforzar a Unión Europea desde o punto e hora en que se emite débeda por primeira vez. Estamos a falar de máis de 750.000 millóns de euros, dos cales España vai recibir 140.000 nun período curto de tempo. Se lle engadimos o Plan orzamentario, estamos a falar que de aquí a 2027, desde o ano 2021 ao 2027, Europa vai financiar a economía europea con máis de 1,8 billóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, é unha oportunidade única para o país, para reformar o seu sistema produtivo, para introducir novas técnicas que sexan máis respectuosas co medio ambiente, para a dixitalización, para dar un salto cualitativo na calidade do emprego, pero certamente todos os analistas están a coincidir en que en España, en concreto, o seu desenvolvemento é lento, está cargado de burocracia e certamente lastrado por unha decisión que foi centralizar todos os fondos. Crea paradoxos tan grandes como que, por exemplo, a competencia de industria sexa 100 por cento, sexa completa, exclusiva das comunidades autónomas e, non obstante, o 100 por cento dos fondos industriais o reparte o Goberno de España.

E mesmo estamos vendo cuestións que nos deixan perplexos, como, por exemplo, o anuncio dun investimento importantísimo para producir hidróxeno verde en Galicia, pero a súa exclusión nas canles de distribución dese hidróxeno verde. Ou estamos vendo como un proxecto tan importante como o de Altri pois ten que chamar a dezaseis portas, porque non hai un único PERTE ao que se poida acoller.

Eu creo que a Xunta fixo un esforzo importante, creou a sociedade Impulsa, de aí xurdiron moitas propostas que poden contribuír a transformar a economía galega. Vemos como noutros países o 100 por cento dos PERTE están xa adxudicados. En España informes independentes dinnos que apenas chega a unha sexta parte do que xa está comprometido dos corenta e pico millóns de euros que se teñen anunciado para os PERTE.

E, por este motivo, señor conselleiro, queremos saber cal é a opinión do Goberno da Xunta sobre esta execución centralizada dos fondos europeos de recuperación e resiliencia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Puy, moitas grazas pola iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, precisamente traer a esta cámara a situación dos fondos europeos, polo que significa a oportunidade que Galicia pode ter para seguir desenvolvendo o seu tecido produtivo e, sobre todo, para transformar a nosa economía dende o punto de vista de dixitalización e sustentabilidade.

O certo é que nestes momentos a situación dos fondos europeos é o relato dun fracaso, un fracaso de deseño e un fracaso de execución. Fracaso de deseño porque o Goberno non contou en ningún momento coas comunidades autónomas, tanto para establecer as diferentes convocatorias como para o propio desenvolvemento das mesmas, e fracaso da execución porque a propia centralización dos fondos está demostrando a incapacidade que ten o Goberno para que os recursos cheguen ás familias e cheguen ás empresas.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, polo tanto, nese sentido dende a Xunta de Galicia estamos traballando precisamente para intentar sensibilizar o Goberno da importancia de poder contar coas comunidades autónomas e, polo tanto, traballar conxuntamente nese desenvolvemento. Parece lóxico que neste contexto o Parlamento Europeo teña enviado esta semana precisamente a España unha delegación para saber a que se debe este atraso na execución dos fondos. E a primeira mensaxe que deixou esta comisión, esta mesma tarde, é que Europa lle traslada ao Goberno a necesidade de que conte coas comunidades autónomas.

Polo tanto, creo que nese contexto o Goberno debe de intentar pasar a unha cogobernanza efectiva, e ten unha oportunidade, precisamente, coa negociación da addenda que neste momento se está desenvolvendo. É certo que a percepción xeneralizada do tecido produtivo é de falta de execución dos fondos, non só no sector da automoción. Temos clara a situación que se está a producir co PERTE VEC, un PERTE VEC onde o Goberno está deseñando a segunda convocatoria incumprindo o seu compromiso de convocar un grupo de traballo precisamente coas comunidades autónomas para poder desenvolver esta segunda convocatoria e, sobre todo, nunha preocupación, que este goberno quere compartir coa Cámara e cos grupos parlamentarios, onde o Goberno nestes momentos está concedendo axudas directas a determinadas comunidades autónomas para apoiar os proxectos industriais que teñen presentado. E estao facendo por real decreto: real decreto de transferencia directa de 90 millóns de euros a Valencia, real decreto de transferencia directa de 30 millóns de euros a Cataluña.

Cremos que hai que mudar a forma de traballar e por iso seguiremos trasladando ao Goberno a importancia de que se mude esta forma de executar os fondos europeos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Nós compartimos os motivos de preocupación que acaba de expoñer o señor vicepresidente, e agora mesmo, mesmo mentres vostede falaba, chégame a noticia dalgúns dos resultados ou primeiras impresións que levan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, fíxese vostede: sorte mala para algúns e boa para outros; isto da sorte xa sabe que ten as dúas caras.

Pero o certo é que a comisión de eurodeputados incide nas tres cuestións que estabamos a comentar: primeiro, que parece que hai un exceso de burocracia; segundo, que hai pouca transparencia, aínda que os datos estean dispoñibles, sobre quen é finalmente o beneficiario dos fondos que se están a distribuír; e, tamén, recomendan un pouco máis de cogobernanza.

Ben, eu vexo que se rin algúns deputados socialistas, o cal me chama moito a atención, por dous motivos: o primeiro, porque aínda se moven na ambigüidade sobre algunhas cuestións nas que hai un consenso amplo na economía do país, por exemplo a importancia que teñen investimentos como os de Altri ou como os que acaba de mencionar o conselleiro no sector do automóbil, que creo que todos estamos de acordo en que deberían saír adiante, pero aínda

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non escoitei ningún apoio explícito por parte do Grupo Socialista, que estaría ben que axudasen a que isto se materializase.

Evidentemente, tamén esta preocupación vén polo feito de que estamos a ver decisións en favor dalgunhas comunidades autónomas mentres que a outras parece que non dan chegado.

Nós, conselleiro, queremos dicirlle que sabemos do seu interese europeísta. Isto vai máis alá incluso da economía española. Estamos a traballar pola construción europea, que é a chave do noso futuro como país, como Galicia, como nación, como España e como continente, como Europa. E, polo tanto, saiba que a maioría o apoia nas súas peticións e tratará de impulsar que se materialicen eses proxectos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Puy, efectivamente, a propia visita da delegación do Parlamento Europeo e, polo tanto, a análise que se ten feito por parte desta comisión da execución dos fondos europeos, ten que trasladar tamén a esta cámara un punto de inflexión para intentar traballar conxuntamente para que Galicia poida acceder en igualdade de condicións aos fondos europeos e, polo tanto, que poidamos ter esa oportunidade.

Dende logo, nós seguiremos traballando neste parlamento para conseguir o consenso de todos os grupos parlamentarios, sobre todo en dous elementos que eu quería centrar esta tarde, precisamente recollendo as declaracións da propia presidenta da Comisión Europea.

En primeiro lugar, o que traslada esta comisión é que a aplicación dos fondos ten que ser máis flexible. Levamos moito tempo insistindo en que os poucos fondos, 1.200 millóns de euros, que ten recibido Galicia por parte do Goberno veñen totalmente condicionados e, polo tanto, non temos dende as comunidades autónomas ningunha capacidade de flexibilidade para axustar esas convocatorias ao que realmente nos piden en Galicia os axentes económicos e a cidadanía en xeral.

É unha boa reflexión que coincide co que temos trasladado neste parlamento e que nós insistiremos, precisamente, para que poidamos colaborar no deseño das convocatorias, para que poidamos participar na xestión dos fondos e que o Goberno deixe de acordarse das comunidades autónomas para responsabilizalas dos propios erros que comete o Goberno. Traballemos conxuntamente.

Segunda reflexión da comisión do Parlamento Europeo: non se pode seguir o rastro do diñeiro ata o beneficiario final. Queremos saber onde ten ido o diñeiro.

Señorías, levamos advertindo moito tempo de que os PERTE non dan resposta aos proxectos priorizados por parte das comunidades autónomas. O Goberno pediunos as prioridades deses

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proxectos industriais, a Xunta de Galicia trasladou esas propostas e non houbo ningún tipo de resposta por parte do Goberno. Mentres tanto, o Goberno está concedendo axudas directas a outras comunidades autónomas, en concreto a Cataluña e á Comunidade Valenciana, para impulsar o vehículo eléctrico, por un importe total de 120 millóns de euros; transferencia directa por real decreto. O Goberno tamén comprometeu en Asturias fondos do PERTE de descarbonización para ArcelorMittal, 460 millóns de euros para unha empresa instalada en Asturias.

Temos proxectos, entendemos que cumpren os criterios. Pedímoslle ao Goberno que aplique igualdade de oportunidades a todas as comunidades autónomas para dar resposta a estes proxectos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do servizo de mantemento co que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ao parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Este mes cúmprense trinta anos da creación do parque natural do Xurés, declarado reserva da biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés no ano 2009. Comprende os concellos de Entrimo, Calvos de Randín, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños. Conta cun importante patrimonio natural e cultural, que debería ser o motor económico da comarca.

A protección fronte aos incendios dunha zona tan rica en patrimonio natural é inexistente. De feito, este mes, de novo, cheira a fume no parque; o drama do lume arrasaba as inmediacións do poboado O Salgueiro, propiedade da Xunta de Galicia, abandonado polo Goberno galego despois dun investimento de tres millóns de euros. Señorías, tres incendios en cinco días.

Pois ben, os incendios acaecidos este ano no parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés, e os sufridos os últimos anos e as gravísimas consecuencias dos mesmos, son froito dunha inexistente xestión do parque por parte da Xunta de Galicia e, en concreto, da súa consellería, a de Medio Ambiente.

Recollida no propio documento de xestión deste espazo natural a clásica realidade do que o lume ten sido nel na última década, a metade da súa superficie ardeu nestes anos. Encaramos unha primavera mecidos por este vento mesturado de indolencia, incapacidade e desleixo co que a Consellería de Medio Ambiente vai arruinando o Baixa Limia-Serra do Xurés.

Foi bochornoso o espectáculo que a tempada do pasado ano protagonizou a Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Nos últimos anos, a Xunta contrataba durante seis meses o recurso

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pírrico dun tractor e dunha brigada de a pé coa que ir repartindo un labor de desbroce polos seis concellos, un mes por municipio. En 2022 nin sequera tamaño continxente foi capaz de despregarse. Forzada pola presión e a vergonza que lle fixo sentir por parte dos alcaldes e alcaldesas afectados, maioritariamente da cor política que vostede ten, outorgóuselle, xa avanzado o mes de xullo, a graza, tan ridícula como tardía, de tres ou catro días en cada concello para, tarde, mal e arrastro, abordar os traballos dunhas propostas, que, por certo, foron no momento emendadas polos rexedores ao careceren as que a consellería levaba de sentido e oportunidade.

A pregunta que lle formulamos é se pensa o Goberno galego restablecer o servizo de mantemento que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ao parque natural da Baixa Limia, porque quedou ben retratado neste episodio, desgraciadamente, a maneira en que o Goberno galego leva xestionado nestes catorce anos un territorio que, entre outras cousas, integra a reserva transfronteiriza máis grande de Europa. Así se entende que ás portas de Semana Santa as rutas de sendeirismo estean sen limpar e a sinalización deteriorada; nin falamos xa de contemplar, conselleira, a apertura das portas do parque.

Espero que me resposte á pregunta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señora Rodríguez, como sabe vostede, na Xunta de Galicia levamos catorce anos traballando na protección e na conservación dos espazos naturais protexidos. E doulle un dato: o 42 por cento do territorio galego está baixo algunha figura de protección. E aí non só contribuímos coas administracións, senón que facemos traballos *motu proprio*.

Facemos unha aposta moi especial polos parques naturais. Como vostede sabe, temos seis parques naturais, temos un parque nacional; consideramos que son as maiores xoias do noso patrimonio; hai parques máis habitados, outros menos habitados.

Neste caso, hoxe centrámonos na súa pregunta, polo tanto no parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés. Efectivamente, é o máis extenso de toda Galicia, ten 29.379 hectáreas e abrangue os seis concellos que vostede deu a coñecer: Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños. É certo que algún está integramente no parque e outros, simplemente, teñen unha esquiniña; iso non quere dicir que, ben, non haxa un radio de acción ao cal tamén nós contribuímos.

Ten unha poboación duns 7.200 habitantes e, polo tanto, puxémonos a traballar e imos conquerir —fíxese— que antes de que remate o primeiro trimestre teñamos todos os plans reitores de uso e xestión de todos os parques naturais, os seis, e o nacional, aprobados, o cal é un gran logro.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este mes cúmprese un ano da aprobación do PRUX deste parque. Esta é unha completa folla de ruta, e aquí isto é planificación en materia de prevención e de protección, que prevé un investimento de 15 millóns de euros en dez anos, dos cales no ano 2022 e 2023 invístense 2 millóns de euros. E ¿en que está este investimento? Pois en actuacións de mantemento e conservación do parque, que levamos anos realizando —que, por se a vostede lle cabe algunha dúbida, imos seguir mantendo—; nas obras de rehabilitación de diferentes infraestruturas, como poden ser ata as casetas de pescadores; en actuacións de recuperación ambiental, neste caso son as carballeiras galaico-portuguesas, pero tamén son os bosques aluviais —son onde hai moitos alisos e fresnos—; na realización de completos estudos sobre a flora e a fauna, en especial das aves; no desenvolvemento de actuacións de conservación e recuperación de hábitats.

En relación coa cuestión concreta sobre a que vostede me formula a pregunta, foi un momento puntual, dun tema puntual, de algo que facemos extra, porque á parte...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...o parque dispón...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas, conselleira. *(A señora conselleira pronuncia palabras que non se perciben.)* Ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Mire, conselleira, voulle demostrar o compromiso do Goberno galego co parque natural do Xurés. A través da súa consellería destínase unicamente a esta área protexida a lamentable cantidade de 200.000 euros, para cada ano, dos dez de vixencia do plan de uso e xestión, e para a totalidade dos seis concellos que integran o parque natural, unha cantidade onde ademais van incluídos os gastos de mantemento e funcionamento da área protexida, e sábeo porque fixeron alegacións ao respecto.

¿O compromiso da Xunta con este territorio vai ser unicamente 7 euros por hectárea/ano? Mire, malia a importancia desta área protexida, que goza de todos os recoñecementos autonómicos, nacionais e internacionais a nivel ambiental e que, ademais, é o parque natural —como dicía vostede— máis grande de Galicia, e —escoite— o máis poboado, con diferenza, dos seis existentes, vostedes aprobaron un plan de xestión que nada aporta para a poboación residente.

No triste e desolador apartado do programa de actuacións, non se contempla un só plan para o desenvolvemento socioeconómico deste territorio e para a mellora da calidade de vida dos moradores das aldeas do parque. O único que contempla é facer estudos, censos, inventarios, folletos, que nos parecen ben, pero recoñece que é un corta-pega.

Mire, voulle ler unhas declaracións: «*Está ardiendo el corazón del Xurés, va a quedar poco que quemar, no podemos llamarle ni parque. Hacemos un llamamiento a la conselleira de Medio Am-*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

biente para que tome las medidas que merece un parque denominado de prioridad máxima». ¿Sabe quen fai estas declaracións? Unha alcaldesa da súa cor política, de Lobios. Outras declaracións: «*El alcalde hizo un llamamiento a todas las administraciones, pasando por la Xunta, para una buena coordinación entre la Consellería de Medio Rural y Medio Ambiente. De no ser así, el regidor teme que el Xurés desparecerá poco a poco.*» Son declaracións de rexedores da súa cor política. Imaxinen o que calan coñecendo a disciplina pretoriana dos integrantes do seu partido.

Rectifique, señora Vázquez, está nas súas mans, mire cara á Administración lusa, copien deles, aposten polo parque natural como motor socioeconómico para a Baixa Limia, tamén pola autovía Celanova-Portugal, xa que está a conselleira ao seu lado, e aposte por unha vez por este territorio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, eu escoito atentamente. O que pasa é que cando vostede non acerta nin unha comprenderá que algún comentario teño que facer ao respecto. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O plan reitor de uso e xestión foi público, moi participativo, participaron alcaldes de distintas cores, pero o máis importante é que participou a sociedade, e ao final foi aplaudido, e grazas a iso temos un plan reitor de uso e xestión. E aí ten vostede os orzamentos. E ¿como é capaz de dicir que destinamos 200.000 euros anuais se son 15 millóns de euros para dez anos e durante o ano 2022 e o ano 2023 son 2 millóns de euros que se están a executar? (*Aplausos.*)

E diso era do que estabamos falando. Pero non só son eses 15 millóns de euros. Sabe vostede que ostentamos a presidencia rotatoria durante os próximos dous anos da maior reserva da biosfera, que é o Xurés-Gerês, e para isto temos un orzamento de 16,4 millóns de euros; 16,4 millóns de euros que están aprobados polo Goberno galego e tamén polo Goberno portugués, que son financiados por fondos europeos, e, polo tanto, denomínase Plan de acción da reserva da biosfera Xurés-Gerês, e ese investimento tense que acometer ata o ano 2025. Por suposto, investimento que é coñecido por todos os alcaldes, tamén polos alcaldes que son do PSOE, non só do PP, senón tamén do PSOE.

Se a vostede lle preocupa a coordinación entre Medio Ambiente e Medio Rural, dígolle: hai coordinación.

Pero, de verdade, deixen de xogar co lume, e cando digo deixen de xogar co lume é que vostede está dicindo que houbo cinco incendios nestes días, efectivamente. Preocúpese de onde viñeron os incendios, porque os incendios viñeron do veciño Portugal, e aí estiveron as distintas brigadas actuando para que o dano fora o menor posible.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o que vostede me falaba é dunha brigada extra que contrata a Consellería de Medio Ambiente. E digo unha brigada extra porque calquera que a escoitara a vostede falar diría que só hai esa brigada; e non; hai dúas brigadas anuais con persoal fixo nese parque e que son nove persoas, e que son os técnicos, ademais, os que supervisan onde hai que acometer as distintas accións e despois plantéxanllelas aos concellos.

Hai veces, efectivamente, que algún concello non está de acordo, e supoño que dalgún dos que non nomeou terá vostede a información. ¿Por que? Porque ás veces hai uns intereses que ten que ha de acometer o propio concello, como pode ser dunha ruta determinada, e hai outros intereses que son xerais, de carácter medioambiental, para o parque, que é os que deciden os técnicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e, polo tanto, son...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...os que acometen. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as previsións do Goberno galego para iniciar, no ano 2023, os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, a autovía da Costa da Morte foi unha das promesas do presidente Fraga tras o afundimento do *Prestige* a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos. Porén, non foi ata 2007, sendo presidente da Xunta de Galicia o socialista Emilio Pérez Touriño, cando se licita a obra da autovía Carballo a Berdoias, de 45 quilómetros, adxudicándoselle a unha UTE por 584 millóns de euros.

No ano 2009, xa coa chegada do expresidente Feijóo, rescinde o contrato, convoca un novo concurso e adxudícallo á oferta máis cara: 979 millóns de euros, ante o que a segunda candidata nesa licitación levou o proceso ao xulgado, polo que volta licitarse a obra, césase a directora xeral de Infraestruturas e asume o cargo vostede.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández asegurou na Costa da Morte que o Goberno da Xunta estivo, está e estará á cabeza desta infraestrutura, pero en febreiro de 2013 o grao de execución da obra non superaba o 20 por cento e a concesionaria non tiña o financiamento necesario, ante o que a Xunta de Galicia, no canto de rescindirlle o contrato, perdóalle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros, é dicir, de Baio a Berdoias, recortando nun 35 por cento a lonxitude prevista, que era de 45 quilómetros, e aforrando un 17 por cento do importe.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En 2013 Agustín Hernández volve prometer que a obra estaría lista en 2016 e asegurou que a obra non caería na postergación, na relegación ou no esquecemento.

En outubro de 2016 inaugúrase, por fin, o tramo Carballo-Baio, e na inauguración o expresidente Feijóo dixo literalmente: «estamos contentos, pero non significa que esteamos conformes», polo que ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este tramo a Axencia Galega de Infraestruturas ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo e, dende aí, entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da Morte ata o concello de Camariñas.

Señora conselleira, vostede tivo responsabilidades no Goberno galego en todo este proceso e é conselleira desde 2014. Xa que logo, o nulo resultado desta actuación é directamente achacable á súa falla de xestión e á súa falla de aposta por esta comarca.

Pregúntolle: ¿segue ese proxecto construtivo do que falaba o señor Feijóo nalgún caixón do seu despacho ou vai iniciar neste ano os trámites necesarios para iniciar xa a construción do tramo da autovía da Costa da Morte de Baio a Berdoias, que deixaron sen executar? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Aludindo á súa pregunta concreta sobre esta cuestión —preguntaba se imos iniciar os trámites no ano 2023 da continuidade da autovía da Costa da Morte—, é que é moi sinxelo de contestar: é que si iniciamos os trámites, porque hai que iniciar os trámites empezando por onde hai que empezar, que é cos proxectos construtivos, coas informacións públicas e cos informes sectoriais dunha actuación que, realmente, é complexa no territorio —que ben coñezo—.

Pese a quen lle pese, pode facer moita historia e enrevesala. O treito Carballo-Baio, a autovía Costa da Morte, 27 quilómetros, foi executada por este goberno, é mérito deste goberno, por moito que diga. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes, contratos falidos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A hemeroteca está aí. Vostedes, contratos falidos, primeiras pedras e non arrancaron; iso si, bloqueando, intentando torpedear, levando á Fiscalía, e a Fiscalía xa se pronunciou.

Polo tanto, pese a quen lle pese, os 27 quilómetros libres de peaxe da autovía da Costa da Morte é mérito deste goberno e vostedes, o Partido Socialista, non fixo nin un centímetro. (*Aplausos.*) Non fixeron vostedes nin un centímetro da autovía da Costa da Morte, a pesar de que incluso algúns outros nos quixeron levar á Fiscalía. 27 novos quilómetros dunha actuación que supuxo unha mellora substancial. Estamos a falar de 6.700 vehículos de media ao día. En zonas cerca de Carballo os vehículos son maiores, 7.400 vehículos. O pasado mes de agosto, 9.200 vehículos diarios.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, é unha infraestrutura necesaria, e como é unha infraestrutura necesaria e o seguimos pensando, nós seguiremos traballando para continuar esa infraestrutura.

O seguinte treito no que estamos traballando é entre Santa Irene e a AC-432. Son soamente 6 quilómetros, en 6 quilómetros son tres enlaces, tres viadutos, seis pasos superiores, tres pasos inferiores, seis horas de drenaxe, case 30 millóns de euros, 29 millóns de euros.

E o noso compromiso está aí, o noso compromiso está nos orzamentos do ano 2023... *(Murmurios.)* Que non somos o Goberno de España, afortunadamente, non somos o Goberno de España xestionando infraestruturas. Somos a Xunta de Galicia, que poñemos orzamentos e executamos as infraestruturas. E ningún esquecemento flagrante, como temos na autovía da Mariña ou xa non digamos no viaduto da A-6. *(Murmurios.)*

En calquera caso, sigo coa miña explicación. O orzamento é a vontade dun goberno na execución de infraestruturas e de moitas cuestións; 3,5 millóns de euros para este ano, o compromiso plurianual de 30 millóns para facer esta actuación. 13 millóns de viaxes dende a súa posta en servizo, un dato significativo que nos anima a seguir traballando, 13 millóns de viaxes que se teñen rexistrado nesta autovía grazas á súa posta en servizo.

Planificación real e orzamentos, señoría. Grazas a Deus, afortunadamente nós non somos o Goberno de España. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora Vázquez, se os orzamentos é o que determina facer a infraestrutura, supoño que durante os anos 2022, 2021, 2020, cando tamén orzaban para esta autovía e non fixeron nada, daquela nese momento non valían soamente os orzamentos, porque unha cousa é poñelo no orzamento e outra cousa é executalo, e vostede niso non é exemplo de nada.

Pero mire, señora conselleira, nos nove concellos que conforman a costa atlántica dende 2009 levan perdido 6.988 habitantes, que é tanto como perder máis que a poboación total actual do concello de Vimianzo, que é o concello máis poboado. Para reverter a sangría demográfica no noso país, en Galicia, precisamos boas infraestruturas, servizos públicos de calidade, preto da cidadanía, e impulso aos sectores produtivos, entre outras medidas. Vostede mesma no ano 2016 dicía: «non está todo rematado, temos que plantexarnos novos obxectivos por diante, xa que ninguén entendería que a autovía da Costa da Morte non chegase a Fisterra»; ano 2016.

Hoxe están aquí —aproveito para saudalos— os representantes lexítimos de oito deses concellos, os seus alcaldes e as súas alcaldesas. Están para exixirlle que atenda as súas solicitudes e que cumpra coas súas promesas. Aproveite, señora Vázquez. Os socialistas facilitámoslle as instalacións do noso grupo parlamentario para que poida reunirse con todos e todas elas, para que vostede cumpra a súa promesa e leve adiante o compromiso que ma-

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nifestou en 2016, hai seis anos, por moito que teña orzamentos cada ano, pero orzamentos sen executar. Atenda as necesidades desta comarca, totalmente abandonada durante os catorce anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, antes co expresidente Feijóo e agora con Rueda. Porque cos orzamentos máis altos da historia que teñen, grazas ao presidente Pedro Sánchez, vostede, *(Murmurios.)* se quere, pode. É a súa responsabilidade e ten vostede a competencia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Se non a...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): De poñer cartos e non executar sabe ben o Ministerio de Transportes do Goberno de España; *(Aplausos.)* e incluso máis: non poñer os cartos precisos para a execución de infraestruturas necesarias. Pero os argumentos son moi claros. Eu entendo que hai unhas citas electorais aí, remórdelle a conciencia *(Murmurios.)*.

Continúo. Simple e conciso. ¿Parécenlle nada 27 quilómetros dunha autovía libre de peaxe que fixo este goberno? ¿Parécelle nada? Vostedes, nin un só centímetro.

Eu tamén saúdo os alcaldes e os representantes lexítimos da Costa da Morte. Por suposto que os saúdo, porque, ademais, son de alí e coñezo ben o territorio.

E, polo tanto, seguiremos traballando, pese a quen lle pese, na execución da autovía, da que están feitos 27 quilómetros, que vostede di que non son nada, e son 27 quilómetros libres de peaxe. É mérito deste goberno *(Aplausos.)* e permitiron 13 millóns de viaxes rexistrados desde a súa posta en servizo.

O que fixeron vostedes en bonanza económica é deixar pufos. En bonanza económica tiran de peaxe en sombra, 4.000 millóns de euros, *(Murmurios.)* por suposto que si. Era directora e vin perfectamente os pufos que deixaron, porque é a marca da casa do Partido Socialista: prometer moito e non facer nin cumprir nada. *(Aplausos.)* 27 quilómetros, señoría. ¿Non colle a autovía da Costa da Morte vostede?, ¿vostede non colle os 27 quilómetros? Prometeron moito e non cumpriron nada. E nós queremos seguir facendo.

E xa que están os alcaldes e representantes lexítimos da autovía da Costa da Morte, que entendo que está a alcaldesa de Vimianzo, pregúntome, xa que vostede me di que facilitan as infraestruturas, voulle dicir dúas cuestións, porque durante case dous anos se bloqueaba o seguinte treito a Vimianzo exixindo un enlace que non tiña que facer esta consellería e que tiña que facer o Goberno de España, o enlace que exixía *(Murmurios.)* —si, si— a alcaldesa

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Vimianzo para conectar cun polígono que é do ministerio, polo tanto, cargándollelo aos galegos, si, bloqueando.

E tamén lle digo, xa que se preocupan moito pola Costa da Morte, que está bloqueando o Partido Socialista na Coruña o novo CHUAC. Faciliten o novo CHUAC. Xa que estamos falando de infraestruturas, *(Murmurios.)* de infraestruturas necesarias para a Costa da Morte, eu invítoos a que nolo faciliten, porque nós queremos continuar coa autovía da Costa da Morte. Aí está a vontade política dun goberno, son os orzamentos, os proxectos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Rodríguez Rumbo.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Eu creo que este parlamento é bastante lexítimo para aprobar uns orzamentos, que son a vontade de poder facer. Se unha representante considera que un orzamento non é importante para poder facer, creo que se acaba a miña intervención. E gustaríame que o mesmo compromiso do Goberno de España se tivera con partidas orzamentarias similares a estas unicamente e soamente para os viadutos da A-6, e por iso non as temos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debatemos agora de xeito acumulado as seguintes preguntas.

Pregunta de Dª Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da lei relativa á autorización de verteduras industriais e á actividade mineira no caso das instalacións de San Fins, no concello de Lousame

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o risco para o marisqueo da ría de Muros e Noia que supón a autorización de verteduras da mina de San Fins, en Lousame

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a xente do mar da ría de Muros e Noia e o conxunto da sociedade da comarca está alarmada pola autorización que Augas de Galicia vén de outorgar á empresa mineira de San Fins para verter residuos industriais ao río Pesqueiras. A última vez que falamos aquí deste tema vostede asegurou que garantiría que calquera autorización vinculada a esta

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mina vai cumprir coa normativa diso. Mentiu, señor conselleiro. Vostede sabe que a autorización de verteduras é un procedemento regrado e tamén sabe que a Xunta incumpriu ese procedemento. E isto non o di o BNG, dino os propios informes da Dirección Xeral de Planificación Enerxética da súa consellería, que recollen textualmente que «para continuar coa actividade, é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa execución».

A día de hoxe están votedes a autorizar a vertedura de máis de 600.000 metros cúbicos ao ano de augas residuais acumuladas nas galerías da mina, sen avaliación de impacto ambiental; augas con altas concentracións de cadmio, cobre e zinc, que serán bombeadas ao río e que acabarán na ría. Unha autorización que, ademais, se concede a sabendas de que o tratamento que se lle exixiu á empresa durante a proba piloto non foi eficaz. E outórgase cun obxectivo: a explotación futura dunha mina que nunca, nunca se someteu á obrigatoria avaliación de impacto ambiental; nunca, a pesar de que o Bipartito lle impuxera no seu momento un período de tres meses para presentala.

Vostedes levan catorce anos mentindo sobre San Fins, porque vostedes, si, foron votados pola cidadanía pero non están aquí para servir a cidadanía, serven aos intereses das grandes empresas por enriba do que faga falta, do medio ambiente, das máis de 1.600 persoas que viven directamente da ría e de toda unha comarca enteira que depende dela.

A lei é clara, señor vicepresidente: o estudo de impacto ambiental é obrigatorio. As confrarías, os mariscadores e os concellos tamén son claros. A ría é vida, a mina contamina. ¿Por que permiten que a empresa incumpra a lei? ¿Por que a seguen a infrinxir vostedes, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Formula agora a pregunta don Pablo Arangüena, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, vou tratar de distinguir entre feitos, aparencias, opinións e incógnitas neste tema complexo, aínda que xa vostede o collerá e o meterá todo na túrmix e o converterá en propaganda.

Feito 1. Despois de moitos anos nos que a Xunta fixo a vista gorda ante as verteduras procedentes da mina de San Fins, Augas de Galicia outorgou o 1 de febreiro a autorización de verteduras das augas da mina. Na miña opinión, esa autorización é ilegal por varios motivos: porque se fai sen avaliación ambiental, porque infrinxe a Directiva de hábitats, a Directiva de augas da Unión Europea e o principio de precaución que establece o dereito ambiental.

Feito 2. Esa autorización vai permitir a vertedura de case 900.000 metros cúbicos de augas acumuladas na mina, 900.000 metros cúbicos, que é un 50 por cento máis do que desprazaba o maior superpetroleiro construído na historia; augas que conteñen elevadas concentracións de metais tóxicos como cadmio, cobre e zinc e que van desembocar na ría de Muros e Noia,

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cun impacto potencial sobre as rías, sobre bancos marisqueiros dos que dependen 1.500 mariscadores e sobre un espazo da Rede Natura 2000 como é o esteiro do Tambre, que en teoría debera estar estritamente protexido; case 900.000 metros cúbicos de verteduras, se non o paran vostedes.

Feito 3. A directora de Augas de Galicia acaba de declarar na Radio que as condicións de vertedura son de parámetros de medio natural e di que iso implica que a presenza de metais nalgúns casos é máis baixa que nas augas de consumo humano. Se iso é así, iso que di a directora de Augas de Galicia, eu animo o vicepresidente da Xunta e a directora de Augas de Galicia a que, se a autorización segue adiante, nos acheguemos un día á mina e eles, vostedes, beban auga tratada alí, mentres eu miro como o fan. *(Aplausos.)* É unha invitación que lle fago aquí.

Porque Augas de Galicia ten, como mínimo e que saibamos, analíticas dos anos 2015 e 2017, nas que se constata nun dos cauces que saen da mina un nivel de cadmio 158 veces superior ao permitido, un nivel de cobre 70 veces superior ao permitido e un nivel de zinc 17 veces superior ao permitido.

Din vostedes que van facer un control semanal na fase de baleirado. Temos unha incógnita: ¿que pasa o resto dos días da semana? ¿Non van pasar por alí?

Máis incógnitas: ¿como é posible que a mina estivese en operación, aberta, entre 2009 e 2013, novamente entre 2015 e 2017, sen avaliación de impacto ambiental, chegando a abrirse novas plantas da mina non previstas no proxecto de explotación? ¿Por que a Xunta de Galicia non liquidou o canon de control de verteduras á empresa titular da explotación?

¿Son vostedes conscientes do risco? O noso temor é que, entre os intereses públicos e os privados das empresas e da xente esa que din vostedes, a xente que, ben, sempre elixen...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena. Terminou o tempo. Grazas.

(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pérez, señor Arangüena.

Agradezo que traian a este parlamento este debate. Si me gustaría que se deixaran a un lado as opinións, sobre todo. Pois, señor Arangüena, efectivamente, nós estamos aquí para defender os intereses xerais e polo tanto tamén os da xente de ben. Niso si acertou na súa intervención.

Voume centrar sobre todo en trasladar cal é a situación desta mina, sobre todo para que a xente da ría de Muros e de Noia sobre todo teña certezas e teña toda a tranquilidade que

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traslada esta administración dende o punto de vista dun criterio e dunha autorización que se está desenvolvendo con todas as garantías.

En primeiro lugar, porque a autorización de vertedura de Augas de Galicia, que é a que substancia esta autorización, axústase á normativa vixente. Polo tanto, sorpréndeme que uns deputados poidan poñer en cuestión que, efectivamente, dende o punto de vista administrativo non se está desenvolvendo con todas as garantías.

En segundo lugar, porque a proposta da empresa demostra, con datos empíricos, que efectivamente se cumpre cos parámetros establecidos nas normas de calidade ambiental en materia de calidade de augas. Poñer isto en entredito pois tamén é sorprendente. O que se vai facer é tratar a auga, non se vai deixar baleirar a auga tal e como está, vaise tratar.

Iso significa, polo tanto, a obriga de toda unha serie de instrumentos de control, que serán control en continuo, durante todo o proceso dende que a auga chegue á depuradora, e os controis que se van facer no punto de vertedura; e máis controis: 50 metros augas cara a arriba, 50 metros augas cara a abaixo e a 1.500 metros tamén da propia depuradora; iso adicionalmente aos controis que xa o Intecmar está facendo anualmente, semestralmente e semanalmente da propia ría.

Polo tanto, haberá un control de que todas as verteduras se están producindo respectando os parámetros e todos os requisitos establecidos por Augas de Galicia, precisamente para garantir que se trata a auga e que a auga responde aos parámetros que ten establecidos Augas de Galicia.

Polo tanto, con ese seguimento e con ese control exhaustivo loxicamente imos traballar para evitar calquera tipo de afección ao río Pesqueiras ou ao rego de Rabaceiros, que é o obxectivo que ten esta autorización de verteduras.

Foi un longo proceso de tramitación, que vostedes agora queren poñer en dúbida, pero foi sometido dúas veces a información pública para maiores garantías en vistas precisamente de todas as modificacións que se foron efectuando. E a resolución consta con todos os informes prescritos regularmente por Sanidade, por Medio Ambiente e pola Consellería do Mar.

Polo tanto, poñer en cuestión todos os informes técnicos que dende a Administración se están trasladando pois tamén é sorprendente por parte de dous deputados que queren ser aquí —parece— xuíces dunha resolución administrativa.

Eu pediría un exercicio de responsabilidade, porque a Administración está actuando precisamente para garantir, polo tanto, que todo o proceso se dá con todas as garantías. Eu espero que ninguén estea pensando aquí que a Administración non está actuando nesa dirección, porque iso simplemente sería sorprendente.

O que non estamos é en ningunha fase posterior, estamos onde estamos, e estamos nunha autorización de vertedura que en ningún caso permite o desenvolvemento da actividade mineira neste punto da explotación, en ningún caso. Estamos simplemente autorizando que

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se poida autorizar esta vertedura. E, polo tanto, para poder levar a cabo a explotación mineira, necesariamente o titular terá que presentar e tramitar a actualización do proxecto, e iso será nunha fase posterior, que non é esta. E, polo tanto, esa autorización, señorías, si terá que estar sometida a avaliación ambiental.

Por iso eu pediría un pouco de rigor dende o punto de vista do que estamos aprobando, e sobre todo que tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista de Galicia non intenten reescribir a historia, porque a historia vostedes tamén a tiveron con respecto á mina de San Fins. Porque vostedes cando gobernaron non fixeron nada ao respecto, non prohibiron ningún tipo de actividade; é máis, concederon axudas para desenvolver a actividade mineira en San Fins, e agora parece que iso non é posible.

Señor Arangüena e señora Pérez, o que estamos aprobando é a instalación dunha depuradora que garanta que as verteduras ao río Pesqueiras se realicen cumprindo as directrices e os parámetros establecidos por Augas de Galicia. Estámoslle exixindo loxicamente á empresa que leve a cabo a restauración das presas, previa tramitación ambiental, que xa ten sido solicitada por parte da empresa. E, por suposto, chegado o momento, terase que tramitar unha actualización do proxecto e explotación que requirirá necesariamente esa tramitación ambiental, xa que as resolucións de Augas non facultan a actividade mineira neste momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor vicepresidente, ¿como lle pode pedir vostede tranquilidade á xente da comarca de Muros-Noia e á xente do mar, á xente da ría de Noia, cando levan catorce anos, desde o ano 2009, sen exixir —a pesar de que a mina estivo aberta e exercendo a actividade— a declaración de impacto ambiental? ¿Como nos pode pedir aos deputados e deputadas que estamos no uso da palabra responsabilidade cando levan demostrado vostedes durante catorce anos unha irresponsabilidade maiúscula neste tema? ¿Como nolo pode pedir, señor vicepresidente? A nós non nos fai graza, ¡eh!, ao mellor a vostede si, a nós non nos fai ningunha graza. *(Aplausos.)*

O seu modelo, señor Conde, xa o coñecemos. Temos demasiados parques eólicos na comarca de Muros e Noia para saber ben como actúan vostedes. O seu modelo non é para favorecer a economía e a industria do noso país, o seu modelo é para pasar por enriba da lei —tal cal como lle acabo de ler no informe de Augas de Galiza—, é para saquear o noso país e enriquecer as súas empresas amigas e levar a riqueza para outro lado. *(Aplausos.)*

Xa existe, señor conselleiro, neste momento e dende hai moitos anos, unha grande empresa, unha empresa enorme na comarca de Muros e Noia, que ten 1.600 postos de traballo directos que dependen dela. ¿Por que quere poñer vostede estes postos de traballo en risco? ¿Para favorecer unha empresa amiga que vai crear ao máximo 60 ou 70 postos de traballo e que vai contaminar aquí e destruír aquí e levar os beneficios para outro lado? Non o entendemos.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿60-70 a cambio de 1.600 e por riba contaminando absolutamente todo canto se encontra ao seu paso?

Mire, señor conselleiro, o Concello de Noia, o seu alcalde, do Partido Popular, á cabeza, o Partido Popular de Outes anunciouno hoxe mesmo, as confrarías da ría e a sociedade da comarca no seu conxunto…

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: …piden a suspensión desa autorización…

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Diríxome aos invitados da tribuna. Non está permitido gravar na tribuna sen unha autorización expresa da Presidencia. Polo tanto, pídolles por favor que non utilicen ningún sistema de gravación mentres están no uso da palabra. Grazas.

Réplica, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor vicepresidente, non despexou vostede as miñas incógnitas. Tampouco dixo se acepta a miña invitación a que vaia vostede beber alí un vaso —só un vaso— desa auga tan supostamente ben tratada.

Mire, o grupo Sacyr vendeulle, como sabe, os dereitos da mina a unha empresa australiana coa condición de que estivese restaurada en augas residuais industriais. Para iso Sacyr ten que obter esa autorización que vostedes lle están dando. Pero o maior interese dunha vendedora —de calquera— a priori non é a saúde dos ríos e das rías senón botar todo o río abaixo e cobrar, ¿verdade?

Vostedes din que está moi ben, en ir un día á semana facer algún tipo de control; din que 50 metros arriba, 50 metros abaixo, augas arriba e augas abaixo. Pero —insisto— ¿que pasa o resto dos días da semana? ¿Que garantías hai? O problema é que, en troques de velar polo interese público, polo que deberan velar vostedes protexendo o medio ambiente e o marisqueo, —insisto— vostedes sempre parecen escoller o interese privado das empresas e da xente de ben —iso que din vostedes da xente de ben—. E levan vostedes anos, anos, permitindo danos sobre o medio ambiente, que se desauguen verteduras alí procedentes da mina —unhas directas, outras por escorrentías ou filtracións—; permiten vostedes verteduras que non deberan permitir. Non cobran vostedes un canon de control de verteduras que ascendería a 62 millóns de euros entre os anos 2009 e 2021 e non impoñen sancións nin medidas cautelares. E iso xera unha lóxica desconfianza.

E xa sei pois que falarlle a vostede de leis é un pouco como falarlle de veganismo a un caníbal, pero hai tres leis autonómicas: a Lei de pesca continental, a de patrimonio natural e a de

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

protección ambiental de Galicia, que os obrigan a vostedes a impedir calquera dano sobre os ríos e sobre as rías, xa non falemos do marisqueo.

Falamos dunha mina que carece de proxecto de explotación válida, porque non tivo nunca avaliación de impacto ambiental e tampouco estivo sometido o seu plan de restauración á participación pública; dúas condicións imprescindibles para a validez do título mineiro. Por tanto, o que se fai alí en principio case parece alegal.

Reitero, para rematar, señor vicepresidente, a miña invitación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Peche destas preguntas, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pérez, señor Arangüena, eu comezaba a miña primeira intervención, efectivamente, cunha referencia a trasladar certezas e trasladar tranquilidade á cidadanía de Noia e de Muros. Pretendo que iso sexa así precisamente intentando trasladar o que está autorizando a Xunta de Galicia e o que realmente significa a autorización de vertedura. Vostedes, os dous, na súa intervención intentan retorcer o que está facendo a Xunta de Galicia para intentar trasladar que estamos facendo unha cousa distinta, e é importante que os cidadáns saiban con certezas o que está a facer a Xunta de Galicia.

O que está a facer a Xunta de Galicia é autorizar a instalación dunha depuradora, para tratar a auga que está na mina e permitir, con ese tratamento da depuradora, que toda a auga que sae cumpre cos parámetros de vertedura establecidos por Augas de Galicia. E cando saia a auga vaise controlar que iso sexa así no punto de vertedura e vaise controlar 50 metros augas arriba e augas abaixo e 1.500 metros da distancia do punto de vertedura, precisamente para garantir que cando a auga chegue ao río se garanta que iso dende o punto de vista da vertedura se corresponde cos parámetros establecidos por Augas de Galicia. Iso é o que está facendo a Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia non está autorizando a explotación da mina, porque a explotación da mina require dun proxecto de explotación, que terá que ser sometido a avaliación ambiental. Polo tanto, non retorzan a realidade.

Vostede fálame da lei, señor Arangüena. Nós estamos aplicando a lei que aprobou o Bipartito, a Lei da minaría de Galicia, dende o punto de vista da tramitación do proxecto de autorización de vertedura da mina de San Fins. Estamos autorizando segundo a Lei da minaría de Galicia, aprobada polo Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. ¿En que non están de acordo dende o punto de vista desta autorización?

Señora Pérez, o BNG sempre é o mesmo: unhas empresas si —as que a min me interesa—, outras empresas non —as que non me interesa—. Ence non me interesa, pechámola; outras

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empresas interésanme, que poidan funcionar. Sempre o dedo do xuíz do Bloque Nacionalista Galego *(Aplausos.)* para permitir determinadas actividades si, outras non. *(Murmurios.)* Non pode ser, señorías, non pode ser que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia muden de opinión en función dos seus intereses políticos. *(Aplausos.)* Non pode ser. *(Murmurios.)*

Non pode ser, señorías, que cando vostedes gobernaban no Bipartito *(Murmurios.)* se autorizaron 77 concesións de explotación. E non pode ser que agora, que este goberno ten autorizadas 42, iso non lles vale. A Xunta de Galicia non está a facer nada que non teña feito o Bipartito, nada, absolutamente nada. *(Murmurios.)*

E, se queren, remítome, señor Arangüena, ás verbas do portavoz do Partido Socialista de Galicia na Deputación da Coruña, que é o seu compañeiro e alcalde tamén do Partido Socialista. «*Dá a impresión...*» —cito textualmente— «*...de que estamos caendo nunha especie do que eu chamaría unha especie de hipocrisía ecoconsumista. É dicir, queremos chegar á casa e dar ao interruptor e que se acenda a luz pero que a luz se produza noutro país, non aquí, porque aquí moléstanos ver o eólico no monte, moléstanos ver o eólico no mar...*», e eu engado: moléstalles ver as minas funcionando. *(Aplausos.)*

Unha vez aclarado o que vai facer o Goberno, eu trasládolles unha pregunta: ¿cal é a súa proposta? ¿Como pretenden sacar a auga da mina? ¿Cal é a proposta? ¿Que é, vetar unha autorización de vertido cunha proposta validada pola Xunta de Galicia? E despois, ¿cal é? ¿Deixar a auga alí ou que a saque a Administración? Eu pregúntolles. ¿E pensan que a Administración a vai sacar dunha forma distinta a como a está autorizando agora nestes momentos? Ao mellor, pode ir con caldeiros o señor Arangüena. *(Risos.)* Pode ir e procesala, pero iso non parece razoable. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En calquera caso, señorías, hoxe en día a actividade mineira pode desenvolverse perfectamente en condicións compatibles coa protección do medio natural e con outras actividades como a agrícola, a forestal e tamén a pesqueira. ¡Son compatibles! Fagamos deste país un país de concordia, de compatibilidade das diferentes actividades económicas. É compatible o medio rural coa actividade industrial e coa actividade pesqueira. ¡Perfectamente compatible! *(Aplausos.)*

E xa está ben de que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia polaricen a nosa cidadanía. ¡Xa está ben! *(Murmurios.)* Todo é compatible se seguimos as normas..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...e claramente a Xunta de Galicia está a cumprir coa normativa. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento para facilitar a conciliación das familias

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvida de novo, conselleira, ao Parlamento no día de hoxe e benvida tamén a falar de novo de demografía, un dos temas centrais da axenda política e tamén económica de Europa e un tema que é tamén central e do que levan preocupándose os gobernos do Partido Popular en Galicia dende hai moitos anos. De feito, está marcando a axenda política neste ámbito en España. Dende o ano 2015 ten, ademais, un departamento que se dedica exclusivamente a este tema, que ten ademais o nome de «demografía» na súa descrición.

Dende o ano 2021 temos en Galicia unha lei de impulso demográfico. Outra vez Galicia facendo historia, sendo a primeira de todo o Estado que aproba unha lei para a demografía. É unha lei transversal, que implica todos os departamentos da Xunta de Galicia, que implica todas as administracións e que implica tamén a sociedade no seu conxunto.

Unha vez máis neste curso a Xunta de Galicia fai historia en materia demográfica e, dende setembro, a todas as familias galegas que levan os nenos de cero a tres anos a escolas infantís, sáelles gratis. Gratuidade total para todas as escolas infantís de Galicia, para todas as nenas e todos os nenos de Galicia.

Unha medida, señora conselleira, na que a Xunta de Galicia está soa. Está soa, porque economicamente non tivo nada; tivo cero euros do Goberno do Estado. E está soa tamén politicamente, porque nin o Partido Socialista nin o Bloque Nacionalista Galego aprobaron esta medida. Eles, cando se aprobou a Lei de demografía, presentaron unha emenda que falaba diso. Aceptouse esa emenda e despois votaron en contra dela. ¡Votaron en contra da súa propia proposta! E agora, que está en marcha, nin unha soa palabra para poñela en valor.

Esa é a oposición que temos en Galicia, señora conselleira; unha oposición que tamén estivo en contra das casas niño, que son un recurso de conciliación gratuíto que asenta poboación no rural, que facilita a conciliación no rural, que dá traballo para o rural, que fai que todos os galegos sexamos iguais tamén en materia de conciliación, vivamos onde vivamos, e que o Bloque e o Partido Socialista, que tanto falan de apoiar o rural, non apoiaron; votaron en contra del. E mentres socialistas e Bloque dan a espalda a todos os temas de conciliación, a Xunta non só apoia con recursos, senón tamén con axudas directas ás familias.

¿Señora conselleira, poderíanos dicir en que favorecen os orzamentos da Xunta de Galicia a conciliación das familias de Galicia?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Arias, como ben sabe, a conciliación é unha das cuestións que máis preocupa as familias galegas. Familias sexan do tipo que sexan, falemos de monoparentais ou falemos de familias numerosas; familias que poden vivir onde elas queiran, na cidade ou no rural. Por iso, o compromiso do Goberno galego é con todas as familias de Galicia. Consiste en darlles a todas elas máis servizos e máis facilidades para compaxinar á perfección a súa vida laboral, social e familiar para que todo isto non sexa un imposible, para que non teñan que escoller se coidar ou traballar.

Por iso, o Goberno galego acaba de facer unha medida histórica —unha medida na que Galicia é unha comunidade de referencia a nivel nacional—, como é a gratuidade da educación infantil para todos os fillos, para todos os pais e en todas as escolas infantís de Galicia. *(Aplausos.)* Trátase dunha medida da que xa se levan beneficiado máis de trinta e unha mil familias galegas, que non pagan nin un só euro pola atención educativa dos seus fillos oito horas ao día e once meses ao ano.

Como ben saben, cincuenta e cinco millóns de euros de investimento da Xunta de Galicia. Cincuenta e cinco millóns de euros que saen do peto dos galegos, porque —como ben saben— o Goberno central para esta medida e para a gratuidade aporta cero euros. É unha medida histórica que lles fai aforrar ás familias galegas ata dous mil euros ao ano, que boa falta fan nestes momentos.

Por iso, dende o Goberno galego imos seguir traballando polas familias galegas; imos seguir traballando por todas as familias que tamén viven no noso rural e imos continuar ampliando a rede de casas niño. Nestes momentos Galicia ten noventa e cinco casas niño abertas e en pleno funcionamento, catrocentas setenta e cinco prazas de atención educativa de cero a tres anos nos concellos máis pequeniños da nosa comunidade. E, por suposto, imos seguir traballando e ampliando para chegar este mesmo ano ao centenar de casas niño abertas e en pleno funcionamento. E ímolo facer grazas a unha nova convocatoria para a posta en marcha de dez novas casas niño, que sumarán cincuenta prazas máis.

Estamos facilitándolles ás familias cada vez máis recursos e máis axudas directas; axudas como a Tarxeta Benvida: entre mil douscentos e tres mil euros ao ano para que poidan sortear eses gastos que supón a chegada dun bebé. Dende o ano 2016 xa son máis de noventa e dous mil cincocentos fogares os que recibiron esta tarxeta, á que destinamos preto de douscentos millóns de euros.

Imos seguir apoiando as familias a través do Bono Coidado, para que poidan contratar un servizo extraordinario de conciliación...

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): ...como poden ser os campamentos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. *(Aplausos.)*

Réplica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Señora conselleira, coincidimos con vostede en que as políticas de conciliación son unha obriga para coas familias, pero, sobre todo, son un recurso imprescindible para afrontar o reto demográfico. E hoxe podemos dicir que aquelas persoas que voluntariamente deciden ser nais e pais en Galicia teñen máis recursos e máis axudas das que tiveron nunca; teñen máis recursos e máis axudas que en ningún outro punto de España.

Hai que dicir tamén que temos que felicitala por isto. Pero temos que felicitala porque as políticas de demografía teñen dous puntos en común. Un ten que ser transversal. Aquí xa falamos —faláballe eu no planteamento da miña pregunta— da Lei de impulso demográfico, que ten unha visión transversal. E, ademais, ten outra característica, que é que os resultados se ven a medio e longo prazo. E aínda que aquí con algunhas medidas se leva un tempo relativamente pequeno, os resultados xa se comezan a ver.

A min, como galega, éncheme de orgullo saber que no *IV Congreso Nacional de Despoblación y Reto Demográfico*, que se celebrou en Albacete, Galicia foi un exemplo, e alí quedou de manifesto que estas medidas xa están tendo resultados. *(Aplausos.)*

E volvendo retomar o tema que hoxe nos trae aquí, que é a conciliación, vostede falaba de máis de trinta e unha mil familias beneficiadas desa gratuidade de dous mil euros de aforro para cada familia, de cincuenta e cinco millóns de euros de investimento. Falaba tamén de noventa e cinco casas niño, que de feito van chegar a ser nos vindeiros meses cento cinco casas. Falábanos de axudas directas, como a Tarxeta Benvida, como o Bono Coidado... En definitiva, falábanos vostede dun orzamento histórico en materia de familia, en materia de demografía, en materia de infancia.

¿Poderíanos concretar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...en que consiste este orzamento e...?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Política Social e Xuventude.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Arias, apoiar as familias significa darlles todas as facilidades que están ao noso alcance para que poidan poñer en marcha o seu propio proxecto de vida segundo os seus propios desexos. Por iso, dende a Xunta de Galicia acabamos de reforzar o Bono Coidado, e na actual convocatoria multiplicouse por cinco o número de familias beneficiadas ata chegar ás catro mil novecentas.

As contías desta axuda son de douscentos ata cincocentos euros por familia para contratar unha persoa empregada no fogar ou tamén contratar servizos extraordinarios de atención á infancia. Ademais, este mesmo ano destináronse máis dun millón de euros a estas axudas e atendemos o cen por cento das solicitudes. Ningunha familia de Galicia que o solicitou quedou fóra.

Por iso, imos continuar traballando por todas elas, porque ter un fillo sempre debe ser un motivo de satisfacción e non supoñer para os pais nin para as nais de Galicia que teñan que sacrificar nin a súa formación nin as súas carreiras profesionais, nin tan sequera limitar parte do seu lecer ou do seu descanso por non ter alternativas para o coidado e atención dos máis pequenos.

Hoxe Galicia está facendo historia no apoio ás familias. Estámolo facendo con propostas e tamén con investimentos moi concretos, que xa están a dar bos resultados e teñen ademais unha moi boa acollida por parte das familias.

Ano tras ano, a Xunta de Galicia incrementa os orzamentos para seguir satisfacendo as necesidades das familias galegas. Este ano destináronse preto de douscentos trinta millóns de euros, un trinta e seis por cento máis que no exercicio anterior e cinco veces máis que o que se dedicaba á familia e á infancia no ano 2009.

Por suposto, señora deputada, imos seguir tomando todas as decisións que sexan necesarias. Imos seguir poñendo en marcha cada vez máis investimentos destinados ás familias, porque son un piar fundamental da nosa sociedade. Imos continuar traballando para que Galicia siga sendo sempre o mellor lugar para nacer e para formar unha familia, pero tamén —como non— para desenvolver unha vida plena dende o berce ata a vellez.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dun plan específico para dotar de persoal a atención primaria na zona sur de Lugo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A dotación sanitaria pública para o sur de Lugo é manifestamente deficitaria nas súas dúas vertentes, a atención primaria e a hospitalaria, máxime tendo en conta a dispersión e a media de idade dos seus habitantes. A falta habitual de persoal facultativo deixa a poboación sen asistencia médica inmediata na primaria e o resto do persoal dos centros cun incremento de cargas de traballo inasumíbeis, en moitos casos.

Para mostra está a dotación de persoal médico no centro de saúde de Monforte. Dos outros falaremos outro día, porque neles a situación é similar. Polo tanto, trátase dunha situación xeneralizada. Este centro, despois de meses estando cinco ou menos, pasará a ter sete ou oito médicas e médicos de doce orzados. E non conta con ningunha quenda de tarde. Mentres, o persoal administrativo do centro fai triaxe, que non lle corresponde, co XIDE, e o de enfermería, no canto de facer triaxe, atende as e os doentes que non teñen médico asignado, para logo forzar o seu envío, en moitas ocasións a maiores, a unha axenda médica, garantíndose a si mesmas a seguridade xurídica que a súa empresa non lles facilita.

Atención á parte merece a Pediatría, na que a falta de profesionais é tan grande que unha parte do ano as crianzas da zona quedan sen esta atención especializada, xa que de tres especialistas as máis das veces hai un ou ningún. Isto afecta tamén outros concellos e un total de case tres mil crianzas.

As funcións da Pediatría, tanto facultativa como de enfermería na primaria, inclúen tamén o seguimento na saúde en algo que é tan fundamental na enfermidade como é facer uns controis e unha atención continuada para dar un servizo de calidade; unha cuestión imposible, neste caso. As listas de espera no centro de saúde dunha semana, a quince ou vinte días, obrigan as persoas a ir ao PAC de tarde ou ás Urxencias do hospital, como se ambos servizos non tivesen suficiente coa atención aos doentes que, efectivamente, son urxentes.

¿Que van facer para remediar esta situación na que a desorganización é manifesta e os doentes van rebotando de PSX á enfermería, da enfermería á consulta de médico e de volta á de enfermería todo na mesma mañá? Non se trata soamente de contratar persoal; trátase de reforzar as categorías que o precisan e de introducir profesionais novos dándolles coherencia dentro do equipo de traballo para que, ao tempo que se amplía a carteira de servizos, se mellore, efectivamente, a asistencia sanitaria á poboación sen incrementar as cargas de traballo doutros e outras profesionais. Esta cuestión non está a acontecer no centro de saúde de Monforte, como entendo que noutros tampouco.

Estamos volvendo a hai unha década, cando o persoal facultativo vía sesenta doentes ou máis ao día. Dá igual o que se poidan esforzar, as contas non dan e unha asistencia de calidade é imposible. ¿Que é o que van facer para solucionar isto nesta zona, que tanta necesidade ten dunha asistencia sanitaria de calidade? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boa tarde, señorías.

Señora Aira, efectivamente, somos conscientes da problemática que traslada vostede sobre a situación que se produce nos centros de saúde cando hai baixas ou ausencias que non se poden cubrir pola falta de persoal. Como ben sabe vostede, no caso dos médicos de familia as listas de contratación están absolutamente a cero; non é así o caso de enfermería, en que se substitúe toda aquela baixa que se produce.

Isto ocorre, ademais, en varios centros, entre eles —como vostede ben di— no de Monforte, onde no día de hoxe de doce prazas presupostadas hai oito médicos traballando. Creo que non hai ningún problema en enfermería, insisto. E chama a atención que, sendo vostede enfermeira, fale de que os PSX fan triaxe. Pero bueno, isto forma parte tamén do seu discurso.

Ante esta situación, hai dúas alternativas posibles. Unha é a que desenvolve a Xunta de Galicia, que foi acordar en xullo do ano pasado, por unanimidade con todas as forzas sindicais, unhas medidas retributivas para compensar precisamente os profesionais que teñen que asumir ese exceso de traballo derivado da falta de compañeiros, duplicando os conceptos retributivos vencellados ao illamento ou aos postos de difícil cobertura, tamén incrementando as retribucións das intersubstitucións e as prolongacións de xornada ou habilitando un sistema de repartición dos pacientes no caso de vacante dun médico habitual cun máximo de trescentas cartillas para unha xornada adicional de catro horas de tarde e unha retribución adicional de doce mil euros ou a parte proporcional.

Isto é o que acordamos de xeito unánime coas organizacións sindicais e, ademais, o que estamos a cumprir. No presuposto do ano 2023 hai unha partida de preto de catro millóns de euros para financiar estas medidas, e expreso unha vez máis o meu agradecemento a todos os profesionais que asumen ese traballo. Por exemplo, nos dezaseis días hábiles que levamos do mes de febreiro, nese centro de saúde levamos desenvoltas corenta e dúas intersubstitucións, cinco prolongacións e seis contratos de substitución.

Efectivamente, como digo, hai un modelo alternativo cando se producen ausencias ou baixas entre o persoal empregado público, que é o modelo do Bloque. *(O señor conselleiro de Sanidade amósalles un documento aos membros da Cámara.)* É o modelo, por exemplo, do señor Lores en Pontevedra, que o que fai é contratar un detective cando un profesional está de baixa. *(Aplausos.)* Ese non é o noso modelo. A diferenza doutros, nós respectamos os dereitos laborais do noso persoal e preferimos o acordo sindical para compensar o esforzo... *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ¿Podo continuar?

O señor PRESIDENTE: Si, pode continuar.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Si, sei que hai cousas que doen un pouquiño.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Digo que nós preferimos, como digo, os dereitos laborais do noso persoal e preferimos un acordo sindical para compensar o esforzo de quen cobre o ausente que unha persecución a un empregado que está de baixa. Supoño que vostede, como sindicalista, tamén o prefire, pero estou seguro de que non o pode dicir.

En todo caso, a solución para reducir a carga de traballo dos profesionais só pode pasar por conseguir máis profesionais, e niso tamén estamos traballando. Por suposto, trouxemos a este Parlamento unha lei, da que vostedes votaron en contra, para cubrir esas prazas de difícil cobertura e por concurso de méritos sen oposición. Xa avisaramos no 2022 e imos repetilo neste ano. Concretamente, imos ofrecer unha praza máis en Monforte, unha praza máis en Sarria, unha praza de Pediatría en Chantada e tamén outra praza para a cobertura dos concellos de Quiroga, Bóveda, O Saviñao ou A Pobra do Brollón, tamén cuberta nestes momentos por un médico de Familia Comunitaria. O plan específico para traer ese persoal do sur de Lugo polo que preguntaba vaino levar a cabo este goberno grazas a unha lei da que vostede e o seu grupo votaron en contra. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Señor conselleiro, se lle contase como sindicalista algunha persecución que teño visto dalgún empresario afín ao PP ¡ía alucinar! *(Aplausos.)*

Mire, agradézolle moito o sentido do humor. Saímos do Carnaval —hoxe estariamos no Enterro da Sardiña, creo, se non estou desorientada—, e vostede fálame de diñeiro cando eu lle falo doutras moitas cousas; non todo se resolve con diñeiro. ¿Resolve o diñeiro ese e mellora a calidade asistencial nos centros de saúde? ¿Mellora as condicións laborais dos profesionais? Moito temo que non... ¡Retribúese para que estean mal, igual de mal ou peor!

Vale, a partir de aí, eu voulle contar cousas de Lugo sur por se lle interesa escoitalas. Hai problemas obvios na atención primaria, acaba de recoñecelo vostede. Ás veces implantan medidas, incluso algunha innovadora —non llo discuto—, pero aplícanas fatal. Refírome á aplicación de XIDE. E dicíame vostede que, como son enfermeira... Precisamente porque son enfermeira lle digo isto e pregúntolles aos colexios médicos e a outros profesionais de enfermería o que opinan. Vostedes presumen disto e dixo esta mañá na radio vostede que ese sistema se usaba para asignar médico a pacientes sen cita, pero sabe vostede perfectamente que tamén é para reasignar pacientes que non teñen médico e van un pouco a vulto, por falta de uso adecuado do programa. Úsase en público, sen infraestruturas que garantan a confidencialidade, aplicado quizais por profesionais aos que non lles corresponde esa responsabilidade, ralentízalles o traballo... Por outra banda, as enfermeiras *in situ* preténdese que atendan integralmente pacientes que non teñen médico, incluso para administrarlles un parte de baixa —cuestión que non é da súa competencia neses termos—. Vostedes contrataron nutricionistas, por exemplo, para atención primaria con fondos estatais, sen dúbida moi necesarios, pero que só fan a primeira consulta de usuarios e usuarias. Despois o seguimento é encomendado a eses facultativos que non hai e ás enfermeiras, que xa teñen unha carga de traballo que as sobrepasa. E así sucesivamente.

Mesmo as PSX que contrataron para informar a cidadanía xeran máis traballo ao resto de PSX, porque teñen que facer o da Chave 365...,

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AIRA DÍAZ: ...mentres teñen que reasignar axendas constantemente por ausencia de facultativos... *(A señora Aira Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Aira, alégrome de que comparta vostede a bondade dalgunhas iniciativas. Seguramente haxa cousas mellorables no seu desenvolvemento, pero estamos de acordo en que é bo que eses pacientes que chegan sen cita sexan, dalgún xeito, orientados ao profesional máis axeitado. E, dende logo, teño que discrepar, porque estou seguro de que non hai ningunha enfermeira facendo partes de baixa, nin sequera no Centro de Saúde de Monforte.

Falaba tamén vostede na súa pregunta sobre a situación do Hospital Comarcal de Monforte. Pois tamén, neste caso, o Parlamento votou a favor dunha lei que facilitaba cubrir prazas de comarcais, por suposto co voto en contra do Bloque e do PSOE. E tamén o mesmo Concello de Monforte, cando o PP levou unha moción pedindo que se utilizase esa lei aprobada no Parlamento para cubrir as prazas do Hospital de Monforte, novamente —como digo— os concelleiros do Bloque, xunto cos concelleiros, neste caso, do señor Tomé tamén votaron en contra.

Pois vai ter mala sorte, porque imos utilizar esa lei, á que vostedes se opuxeron, para convocar prazas neste hospital para o que vostedes non querían que convocásemos máis prazas. Aí está a diferenza entre os que queremos arranxar os problemas de cobertura sanitaria e os que queren estiralos para utilizalos como munición electoral.

En concreto, esta convocatoria mediante concurso de méritos —insisto, da que vostedes votaron en contra— vai incluír vinte e unha prazas de facultativo especialista para o Hospital Comarcal de Monforte, que paso a detallarlle para que saiba exactamente do que votaron en contra: cinco prazas de Medicina Interna, tres prazas de Cirurxía Xeral e Dixestiva, dúas prazas de Xinecoloxía, dúas prazas de Traumatoloxía, dúas prazas de Anestesia e ademais unha de Dixestivo, unha de Dermatoloxía, unha de Otorrinolaringoloxía, unha de Pediatría, unha de Psiquiatría e unha de Rehabilitación —seis prazas adicionais—. En total —como digo—, vinte e unha prazas, que se suman, por certo, ás vinte prazas que acaban de consolidarse no Hospital Comarcal de Monforte nestes días, nunha das múltiples OPE que a Xunta fai de xeito regular.

Como ve, combinamos prazas actualmente vacantes, como Dermatoloxía ou Rehabilitación, con outras cubertas por interinos. Pero o que imos facer á volta do verán é que o Hospital Comarcal de Monforte teña vinte e un facultativos novos con praza fixa, que van permanecer no centro polo menos durante dous anos. Sumando os catro profesionais de Primaria que mencionei antes, son vinte e cinco novos médicos fixos para a atención da Área Sur de Lugo.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E ademais queremos reter talento, por iso os MIR que teñen a residencia a piques de rematar —rematan en maio, como vostedes ben saben— poden inscribirse con carácter previo e acreditar despois o título, unha vez que teñen a especialidade rematada.

En definitiva, somos a única comunidade autónoma de España onde un médico pode rematar a súa residencia e obter unha praza fixa no sistema público no mesmo ano. O requisito é optar a unha desas prazas de difícil cobertura e atender os veciños, como os da Área Sur de Lugo, que necesitan desa asistencia médica.

Estamos no camiño de logralo. Iso si, como sempre, co seu voto en contra.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de reforma proxectadas polo Goberno galego no Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Carballo.

O señor CARBALLO PÁEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

O Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo, está ubicado nun edificio que ten máis de corenta e cinco anos de antigüidade, onde estaba instalada anteriormente a clínica da maternidade Plácido Vila, antes de que fose o centro de saúde actual.

O edificio no día de hoxe non cumpre coas normas de accesibilidade, e as instalacións é verdade que non admiten máis reformas para adaptalas aos novos servizos e necesidades dos doentes, que alí son atendidos máis de vinte e cinco mil. De feito, é o centro de saúde máis concorrido do municipio de Lugo.

A Milagrosa foi un dos barrios que máis creceu en poboación e, polo tanto, é necesaria esa reforma integral que acaba de anunciar o Goberno galego o pasado 13 de decembro. A licitación desa obra é un paso máis para modernizalo, mellorar a accesibilidade e garantir unha prestación sanitaria de mellor calidade.

Para facer realidade este proxecto, señora conselleira, o Sergas fixo unha encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas —a Axi—, de tal xeito que se encargará do proxecto arquitectónico da obra de reforma. Con esta infraestrutura a sanidade lucense seguirá a completar esa enorme transformación que se comezou en 2011 coa posta en funcionamento do HULA e que continuou con outras melloras relevantes no ámbito das infraestruturas sanitarias, como son o CIS, no barrio da Residencia, e agora este centro de saúde no barrio da Milagrosa. Queda, iso si, pendente a construción dun novo centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero esta obra non avanza, señora conselleira, a pesar de que a Consellería de Sanidade leva dende 2019 demandando do Concello de Lugo un soar, parcela ou edificio onde ubicalo. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Ríanse, si.

No día de hoxe, o Bigoberno municipal de Lugo do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego segue sen cumprir ese compromiso. E o máis grave, señora conselleira, é que non mostran interese ningún en que a Xunta execute esa obra tan necesaria e demandada polos veciños e veciñas dese barrio. ¡Teñen bloqueado o proxecto!

Por todo isto, hoxe queremos preguntarlle, señora conselleira, en que consisten as obras proxectadas polo Goberno de Galicia, polo Goberno galego, no Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Carballo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, como dicía vostede, na Consellería de Infraestruturas temos a honra de axudar os nosos admirados compañeiros de Sanidade e, por encomenda, de executar infraestruturas sanitarias. Estamos a falar de grandes infraestruturas sanitarias e de grandes hospitais. Imos adxudicar a ampliación do hospital de Santiago e estamos executando a ampliación do hospital de Ferrol. Pretendemos ampliar e facer o novo CHUAC, se o Partido Socialista na Coruña nos deixa de bloquear esta infraestrutura. *(Murmurios.)*

E ademais de grandes infraestruturas hospitalarias tamén facemos, por encomenda da Consellería de Sanidade, centros integrais de saúde e tamén novos centros de saúde. Dentro deses centros de saúde está —esa era a pregunta que me facía vostede— a reforma, rehabilitación e modernización do Centro de Saúde da Milagrosa.

De feito, non é a única actuación que temos prevista para construír sanidade pública na cidade de Lugo. Estamos executando o Centro Integral de Saúde no barrio da Residencia, e o certo é que este centro integral de saúde está na recta final da súa execución; na primavera remataremos as obras e de aí pasará o relevo á Consellería de Sanidade para o equipamento e para empezar a prestar o servizo aos veciños. O certo é que será o primeiro centro integral de saúde de Galicia. Virán outros despois, como o CIS —centro integral de saúde— de Lalín, tamén o CIS Olimpia Valencia, tamén o CIS de Ourense... Pero o certo é que o primeiro centro integral de saúde será en Lugo, no barrio da Residencia, despois dun investimento da Xunta de Galicia de 13 millóns de euros. Rehabilitarase o antigo Hospital Materno-Infantil para cumprir esa función sanitaria para a que foi proxectada, pero tamén para revitalizar ese barrio lucense e contribuír a facer cidade en Lugo.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O certo é que o barrio da Residencia ten outros equipamentos: ten a oficina de formación e a residencia da terceira idade. Estamos a falar de 32 millóns de euros no barrio da Residencia que estarán á disposición dos veciños de Lugo en verán. E tamén por suposto que estamos traballando na remodelación do centro de saúde da Milagrosa, no que a Xunta de Galicia imos investir 2,5 millóns de euros.

A nosa previsión: temos previsto adxudicar o proxecto, xunto coa dirección das obras, este próximo mes de abril e, polo tanto, estamos traballando para optimizar os espazos e garantir eficiencia enerxética, para garantir accesibilidade —tamén importante neste centro de saúde— e o inicio das obras, que acompañaremos, xunto co Centro Integral de Saúde en Lugo, que tamén permitirá alixeirar a carga asistencial do Ambulatorio da Milagrosa.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Carballo.

O señor CARBALLO PÁEZ: Si. Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira, por toda esa información que nos acaba de dar, o que demostra o compromiso do Goberno galego coas infraestruturas sanitarias na cidade de Lugo, pero tamén na provincia e en Galicia.

A verdade é que esta obra, xunto coas obras do CIS —como ben dicía vostede— e o futuro centro de saúde do Sagrado Corazón, son obras moi importantes para a nova organización sanitaria da atención primaria na nosa cidade e na nosa provincia; unhas obras que van permitir —como dixen antes— dispor de novos servizos e de mellores instalacións nun barrio que ten moitas necesidades e que por culpa do bigoberno municipal do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego nos últimos anos sufriu unha degradación moi importante *(Murmurios.)* por falta de investimentos e de novos servizos, e iso levou hoxe a que sexa un dos barrios máis abandonados da nosa cidade. *(Murmurios.)*

Como ben dixo vostede, señora conselleira, proximamente xa entrará en funcionamento o CIS no barrio da Residencia, que vai permitir atender os usuarios do Centro de Saúde da Milagrosa mentres se executa a súa reforma integral. Isto vén demostrar —como dixen tamén— a aposta da Xunta de Galicia pola sanidade e, en especial, pola atención primaria en Lugo, onde investiu nos últimos anos en infraestruturas sanitarias máis de catorce millóns de euros e cubriu 18 novas prazas de persoal, botando así por terra eses augurios de desmantelamento que fan os grupos da oposición neste Parlamento e tamén as súas plataformas afíns.

Así que a miña en hora boa de novo, señora conselleira, ao Goberno galego por apostar por novas infraestruturas sanitarias que nos permiten dispor dunha das mellores sanidades de España, do mundo e... *(Un señor deputado: E de parte do estranxeiro.)* de parte do estranxeiro. *(Risos.) (Aplausos.) (Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Para o peche desta pregunta, a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría —como dicía—, ademais de realizar e executar, por encomenda da Consellería de Sanidade, as grandes infraestruturas hospitalarias na nosa comunidade autónoma, en Galicia, pois tamén temos ese labor de axuda á Consellería de Sanidade para realizar as obras de centros integrais de saúde e tamén de novos centros de saúde, ou a remodelación e modernización destes centros.

Estamos a traballar, xunto coa Consellería de Sanidade, en diferentes centros de saúde —en Abegondo, en Boborás, en Muíños, en Vilagarcía, na Rúa— e, por suposto tamén, no barrio da Milagrosa. E, nese sentido, contamos cunha partida orzamentaria específica nos orzamentos para actuar na remodelación e na modernización do centro de saúde da Milagrosa.

Como saben, sacamos a licitación o concurso do proxecto e a dirección das obras o pasado mes de decembro. A nosa previsión é adxudicar no próximo mes de abril este concurso e, polo tanto, traballar arreo para arrancar os traballos deste centro de saúde, dende logo, o antes posible.

O noso obxectivo é realizar unha rehabilitación e unha modernización integral para acabar coas deficiencias. As deficiencias o certo é que son lóxicas, porque estamos a falar dun centro de saúde que leva case medio século en pé, que está obsoleto e que presenta diferentes problemas de accesibilidade e de espazos, dende o punto de vista asistencial. Nese sentido, o noso traballo é estar volcados para realizar esa remodelación e esa modernización integral e total no centro de saúde da Milagrosa para actuar neses 1.500 metros cadrados en catro andares.

As obras que imos acometer teñen tres obxectivos principais: en primeiro lugar, adaptar o edificio a criterios de sostibilidade e eficiencia enerxética. Renovaremos a envolvente, a cuberta, e faremos melloras funcionais tamén en fachadas —non soamente en cubertas— e nas instalacións. O segundo problema que imos resolver é o da accesibilidade, mellorando as condicións de acceso para peóns, facendo tamén aseos adaptados, a entrada para a ambulancia, etc. Polo tanto, é unha resolución total para a accesibilidade. E, en terceiro lugar, a redistribución de espazos para a mellor prestación sanitaria nas mellores condicións: 16 consultas sanitarias para adultos, 1 consulta independente para pacientes respiratorios, a sala de toma de mostras e salas técnicas, un despacho para a traballadora social e a área de admisión en zonas específicas para o persoal. O certo é que estamos a falar dunha modernización integral, dunha renovación integral, de instalacións máis modernas, máis cómodas e máis eficientes. E o noso obxectivo —como dicía— é que en abril o concurso do proxecto de dirección das obras estea adxudicado. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir todas as baixas e vacacións da atención primaria da comarca da Mariña

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Daniel Castro García, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Antes de nada, gustaríame saber que é o que vai dicir da xente que se manifestou este 19 de xaneiro en Burela; saber se eramos todos cargos do BNG, se era unha homilía, se é que ían enganados, se é que eran autómatas ou que era; ou se, coma en calquera outra manifestación, a xente foi manifestarse basicamente porque considera que hai algo que non é xusto.

Ben, partindo desa base —porque xa foron constantes, ademais, e mesmo no día de hoxe, as descualificacións que tiveron desde o Goberno contra a histórica manifestación de Santiago de Compostela de hai unhas semanas—, a xente —polo menos, no que ten a ver coa sanidade e máis cousas na Mariña— está farta de que, en primeiro lugar, no 2017 lle quitasen a área sanitaria; farta de que lle poñan enriba da mesa casos como aqueles da xente que agarda máis de dous anos para unha cita en Cardioloxía; casos nos que se espera máis de catro meses por unha biopsia; casos como os de Viveiro, unha vila de 16.000 habitantes que queda cun só médico; casos como os de Ribadeo, que en agosto, para 14.000 habitantes e mais todos os desprazados, houbese só un equipo médico... Pois todos eses casos, sumados a que en calquera lugar, en calquera centro de saúde, alí onde hai unha baixa —ben sexa por vacacións ou unha baixa médica—, non se substitúe e xa se dá por sentado que non se vai cubrir. A xente está cansa de que lle digan que todo isto é mentira e de que a todo o que di a xente que se queixa lle digan que é mentira. E cando ocorre todo isto, o que din vostedes é que a culpa é de Pedro Sánchez e non do Servizo Galego de Saúde, que por algo se chamará así.

Pois isto xera enfado, e xerou enfado en moitos sitios. Primeiro, xerou enfado en Burela, como se viu o 19 de xaneiro; xerou enfado en Viveiro —tamén se viu sobre a pediatría—; xerou enfado en Ribadeo a respecto da sanidade no verán; e xerou enfado tamén en Riotorto, por exemplo, nunha concentración do Bloque Nacionalista Galego á que ata foi o seu alcalde, do Partido Popular. Eu miraría moi ben como son os problemas que teñen.

Pero agora, véndoo ben, máis de cerca, falando máis concretamente da pediatría, hai que dicir que moitos nenos e nenas mariñáns —ao igual que moitos outros nenos e nenas galegos de todo o país— seguen sen coñecer o seu pediatra. Pois tamén na Mariña, e isto trae consecuencias. A primeira máis obvia —evidentemente, dicímola sempre, pero por algo será— é que os pais e as nais que poden levan os seus nenos á pediatría privada. Outra consecuencia é que, por exemplo, en Burela, como non teñen pediatra, pois van directamente a San Cibrao; e aí a pediatra xa está absolutamente colapsada porque tamén atende os de Xove e isto leva

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ás veces a derivacións a Urxencias, tal e como están. En Viveiro, por exemplo —a vila con máis habitantes da Mariña—, seguen sen pediatra e de vez en cando envíanlle un. Xa me dirán vostedes que sentido ten.

¿Vostede considera que isto é normal? ¿Van facer algo para cubrir todas as baixas na atención primaria da Mariña? ¿Que pasa coa pediatría? ¿Ou lles van dicir aos pais e ás nais que basicamente eles contan mentiras?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Castro, eu teño por costume ler as preguntas que vostedes plantexan. E respondendo a pregunta que vostede plantexaba, fala vostede da constante redución de servizos no distrito sanitario da Mariña e no seu hospital.

Eu estiven aquí hai uns meses respondendo unha pregunta de como dende o 2014 o Hospital da Mariña presta o servizo de Oncohematoloxía e evitou, por exemplo, que máis de tres mil cidadáns, pacientes, tivesen que desprazarse a Lugo para recibir quimioterapia. Este servizo non só non desapareceu coa fusión das áreas sanitarias en 2018, senón que se modernizou e duplicou o seu espazo. Ao mellor, para vostedes, eses pacientes non contan, porque lles tragan o seu relato electoral, pero para nós conta moito que poidan recibir o seu tratamento no seu hospital da Mariña. *(Murmurios.)* Cóntelles a eles que se recortaron os seus servizos... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Otero, por favor, silencio. *(Murmurios.)*

Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. Xa estamos na última pregunta. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Estou —repito, presidente— respondendo ao que está aquí por escrito. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois lea a pregunta vostede.

Digo que, ao mellor, ese relato a vostedes non lles gusta porque estropea o seu relato electoral. Bueno, pois cóntenlles a eses pacientes que recortaron os seus servizos. Non llelo vai dicir, exactamente igual que non llo vai dicir á xente de Foz, San Cibrao, Burela, Viveiro ou Ribadeo, que son os médicos que acabamos de incorporar aos seus centros de saúde e que o están a facer —digo— a pesar do seu voto en contra neste Parlamento á lei que o permitiu.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De feito, o Pleno do Concello de Ribadeo instou a Xunta a que o concurso de méritos o pasado ano incluíse prazas no centro de saúde, e así se fixo. ¿Sabe quen apoiou esta iniciativa en Ribadeo? Dende logo, non o alcalde nin os concelleiros do Bloque.

E como lle comentaba á súa compañeira antes, señor Castro, imos seguir. Imos facer outra convocatoria para seguir cubrindo prazas, a pesar do voto en contra de vostedes e do resto do Grupo do BNG. Nesta próxima convocatoria imos ofertar por concurso de méritos na Mariña outra praza de médico de familia para o Centro de Saúde de Viveiro, que se sumará ás tres cubertas co concurso anterior; outra praza de médico de familia para o Centro de Saúde de Burela, que se sumará á outra adxudicada hai poucas semanas; outra praza de médico de familia para o Centro de Saúde do Vicedo; unha praza de pediatra para Cervo, unha praza de pediatra para Mondoñedo —agora mesmo vacante— e dúas prazas de pediatría para Viveiro —actualmente vacantes, que xa adiantara a xerente do Sergas nesta Cámara que iamos cubrir mediante este concurso—. Polo tanto, sete novos profesionais con prazas fixas para os centros de saúde da Mariña, que se unirán aos sete que incorporamos nestes últimos meses grazas ao anterior concurso de méritos.

Ese esforzo que está a facer a Xunta de Galicia por dar solucións a unha falta de especialistas de medicina de familia dáse en toda España e require de medidas nacionais. Isto que dicimos enténdeno os nacionalistas vascos e cataláns, que apoiaron o manifesto liderado pola Xunta de Galicia pedindo medidas ao Ministerio, pero non o entenden os nacionalistas galegos, que votaron aquí e no Congreso en contra destas medidas. Nós estamos facendo todo o posible para ser unha parte da solución que require medidas autonómicas e medidas nacionais; por suposto, autonómicas tamén.

Vostedes están votando en contra das nosas medidas autonómicas e en contra de pedirlle ao Ministerio que articule medidas estatais. Vostedes non queren ser parte da solución, senón parte do problema, probablemente porque pensan que estes problemas, canto peor vaian, máis os van beneficiar a vostedes electoralmente. Teñan coidado porque este xogo é cada vez máis evidente e á poboación non lle gusta que xoguen electoralmente coa súa saúde.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Mire, conselleiro, a pesar do que poida pensar vostede, a xente pensa, razoa e ás veces di cousas que incluso poden non gustarlle ao Partido Popular, e iso non é tragar co que di o resto, porque a xente sofre as súas políticas. *(Aplausos.)* E xa máis a nivel reflexión, máis alá do partido no que milite cadaquén, ¿vostede cre que non existe a xente que ten unha enfermidade, que ten que estar agardando unha cita da sanidade pública —na Mariña neste

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

caso—, que segue empeorando, que non lle chega esa cita e que non ten diñeiro para poder pagar a sanidade privada? ¿Esa xente non existe?, ¿non sofre cada vez que pasan os meses e non pode ser atendida? Teñan un pouco máis de pel. ¿A xente quéixase por gusto? ¿Que poñen, queixas nos hospitais por gusto?, ¿manifféstanse por gusto? ¿Vostedes cren que a xente que enferma, que non ten cita e que está a sufrir, está pensando, cando se queixa, en facerlle dano ao PP? Non, o que quere esa xente é curar e que a curen; *(Aplausos.)* nada máis. O que quere é que a curen e que teñan os medios que a curen. Porque a pesar da xente de ben á que vostedes defenden nada máis, hai xente que non pode pagar a sanidade privada e necesita da sanidade pública para que a curen. E a mellor mostra disto é que en todas estas convocatorias, en todas estas manifestacións, había xente do Partido Popular, que votou ao Partido Popular, porque non lle quere mal ao Partido Popular, o que quere é que a curen na sanidade pública, como ata hai uns anos facían, nada máis. Teñan un pouco máis de pel. ¡Teñan un pouco máis de pel! *(Murmurios.) (Aplausos.)*

E dá igual, xa non hei dicir nada máis de todos os casos das nais que se queixaban cando ían ao centro de saúde e non había pediatra e acababan en Burela esperando moitas horas porque as Urxencias estaban colapsadas sabe Deus por que. A xente quéixase, e sofre, e moito deste sufrimento é culpa súa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Castro, a realidade é que faltan médicos e que faltan pediatras nos centros de saúde. Iso non o nega ninguén; nós nunca o negamos nin o imos exernegar mentres esa realidade exista.

Pero a realidade é que este goberno está a implantar solucións para incentivar que se cubran esas prazas de médicos e pediatras na Mariña e que o BNG está a votar sistematicamente en contra desas medidas. Tampouco se pode negar esta realidade. Supoño que por iso lles amola tanto que llelo lembremos.

Respecto da situación actual do Hospital Comarcal da Mariña, do que tamén fala na súa pregunta —como dicía, que acostumo a lelas—, para dicir o despropósito, por exemplo, que aumentan os metros cadrados e diminúen os servizos, supoño que se debe referir vostede, por exemplo, á nova resonancia magnética que acabamos de instalar aí por primeira vez neste hospital neste ano. *(Aplausos.)*

Pois, mire, tamén nesa convocatoria de 400 prazas mediante o concurso de méritos que este goberno inclúe, inclúe, por suposto, prazas para o Hospital da Mariña, en concreto, 20 prazas de facultativo de diferentes especialidades —que tamén lle detallo para que saiba ao que votou en contra—: 4 prazas de Medicina Interna, 2 prazas de Xinecoloxía, 2 prazas de Pediatría, 2 prazas de medicina de Urxencias e 1 praza de Alergoloxía, Cardioloxía, Cirurxía Xeral, Hematoloxía, Nefroloxía, Neuroloxía, Psiquiatría, Radiodiagnóstico, Traumatoloxía e

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Uroloxía. Dez especialidades, que, como digo, son 20 en total, ás que hai que engadir, igual que no caso de Monforte, as máis de vinte prazas que na actual OPE recentemente resolta se incorporan tamén a este hospital. *(Aplausos.)*

Como no caso do Hospital de Monforte, imos cubrir prazas vacantes e estabilizar prazas que agora mesmo están cubertas por interinos. Á volta do verán o Hospital da Mariña terá 20 novos facultativos con praza fixa que van permanecer no centro polo menos durante dous anos, que, sumados aos 7 profesionais de primaria que mencionei antes, son 27 novos médicos fixos para a atención do distrito da Mariña que estarán incorporados neste ano. Un obxectivo ambicioso e positivo para unha comarca. Unha mágoa que o teñamos acadado, como sempre, co BNG remando en contra.

Moitas grazas. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

Os aplausos non son medibles. Iso é libre. Aquí pode aplaudir calquera. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

Ben, non hai máis asuntos, remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás cinco e cincuenta minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-Ze0j0xQga-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/